PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 76

Sesión plenaria
19 de xuño de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. de En Marea, para a modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (doc. núm. 29038, 10/PPL-000017)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

Punto 2. Comparecencia

32248 (10/CPP-000067)
Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar da situación do ensino non universitario en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

Punto 3. Mocións

3.1 32090 (10/MOC-000094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 23550, publicada no BOPG nº 247, do 25.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 05.06.2018)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

3.2 32091 (10/MOC-000095)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema financeiro de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 30608, publicada no BOPG nº 305, do 16.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 05.06.2018)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

3.3 32185 (10/MOC-000096)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento de residuos líquidos. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 18190, publicada no BOPG nº 191, do 11.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 05.06.2018)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 9522 (10/PNP-000889)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre a implantación pola Xunta de Galicia dun observatorio autonómico galego para a defensa da transparencia no acceso e na xestión das institucións investigadoras e universitarias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 124, do 07.06.2017

4.2 19704 (10/PNP-002292)
Grupo Parlamentario de En Marea.
de iniciativa popular, sobre creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa con base nalgún dos concellos da comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor
Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 07.11.2017

4.3 29465 (10/PNP-002154)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe respecto das posibilidades e circunstancias que se abren co *Brexit*, en termos comerciais, en relación cos produtos pesqueiros galegos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

4.4 29664 (10/PNP-002173)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da compostaxe como modelo universal de tratamento dos biorresiduos urbanos no primeiro trimestre de 2019, así como para estudar a posibilidade de colaborar coa Deputación Provincial de Pontevedra no desenvolvemento do Plan Revitaliza e a súa ampliación ao resto do territorio galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

4.5 29822 (10/PNP-002189)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa certificación, concesión de axudas e cesión dos montes veciñais en grave estado de abandono a todas aquelas comunidades de montes veciñais en man común que estean en cumprimento de todas as súas obrigas legais, en especial, no referido á aprobación dos seus instrumentos de ordenación ou xestión forestal
Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

4.6 30408 (10/PNP-002253)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego dun fondo de compensación anual que sirva para incorporar aos orzamentos das universidades galegas os ingresos que deixan de percibir pola conxelación das taxas de matrícula dos graos e a rebaixa dos prezos dos mestrados habilitantes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

4.7 30595 (10/PNP-002262)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta do parque público de vivendas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

4.8 31742 (10/PNP-002383)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis
Sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central para regularizar e homoxeneizar a tributación das pensións das persoas emigrantes retornadas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

Punto 5. Interpelacións

5.1 29887 (10/INT-000982)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis
Sobre a planificación do Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio
Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

5.2 31237 (10/INT-001040)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a velar pola correcta prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

5.3 31575 (10/INT-001051)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 32269 (10/POPX-000097)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a defensa dunha axenda galega diante do Goberno central
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

6.2 32270 (10/POPX-000098)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a garantía no futuro dos proxectos postos en marcha como a reforma da política forestal
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

6.3 32271 (10/POPX-000099)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre a contaminación das augas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 32264 e c.e. 32272 (10/PUP-000173)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis
Sobre a información emitida pola CRTVG en relación coa manifestación cidadá levada a cabo o día 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela, en contra da reapertura da mina nos concellos de Touro e do Pino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

7.2 28880 (10/POP-003396)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e seis deputados/as máis
Sobre os servizos e liñas de axuda que se están a pór á disposición dos emprendedores para facilitar a creación ou a consolidación temperá de novas empresas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

7.3 32238 (10/PUP-000172)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galegos
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas sociais manifestadas na mobilización do día 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela reclamando a denegación do proxecto mineiro para a extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

7.4 30993 (10/POP-003607)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as Directrices de paisaxe no prazo comprometido
Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

7.5 31312 (10/POP-003642)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do impacto ambiental que está a ter a carencia de estación depuradora de augas residuais no lugar de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

7.6 31322 (10/POP-003644)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego do Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

7.7 31211 (10/POP-003633)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego para seguir avanzando no proceso de desdobramento e conversión do corredor Nadela-Sarria en autovía
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

7.8 32265 (10/PUP-000174)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis
Sobre o posible ofrecemento pola Xunta de Galicia ao Concello de Ourense dalgunha alternativa para que se celebre este ano o Festival de Cinema Internacional de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

7.9 30799 (10/POP-003594)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as razóns da supresión como declarables, nas axudas da política agraria común, dos pastos arbustivos e dos pastos sobre arboredo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente comunica que a deputada dona Magdalena Barahona Martín xustificou a súa ausencia. (Páx. 11.)

O señor presidente solicita que se garde un minuto de silencio en repulsa contra o caso de violencia machista do Porriño. (Páx. 11.)

Os membros da Cámara e da Mesa do Parlamento, así como o público convidado, gardan en pé un minuto de silencio. (Páx. 11.)

O señor Fernández Leiceaga (S) pide a palabra ao abeiro do artigo 77.2 e solicita que se dea lectura ao informe que regulou o pleno pasado. O señor presidente comunica que trasladou á Xunta de Portavoces a información a este respecto. (Páx. 11.)

O señor presidente concédelle, a continuación, a palabra para intervir sobre este asunto á señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 11.), *ao señor Villares Naveira (EM)* (Páx. 12.) *e ao señor Puy Fraga (P).* (Páx. 13.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, para a modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. (Punto primeiro da orde do día)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx. 14.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 19.), *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 22.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 25.)

Rolda de réplica: *Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx. 29.)

A señora Vilán Lorenzo (S) pide a palabra ao abeiro do artigo 77 e intervén para manifestar que a señora Prado del Río faltou ao decoro da Cámara. (Páx. 31.)

O señor Puy Fraga (P) pide a palabra para responder sobre este asunto . (Páx. 32.)

O señor presidente solicitalle á señora Quinteiro Araújo que retire unha expresión. (Páx. 32.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) pide a palabra e intervén sobre este asunto. (Páx. 32.)

Votación do texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, para a modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar da situación do ensino non universitario en Galicia. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 35.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 43.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 46.), *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 49.) *e Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 52.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 55.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 61.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 61.), *o señor Álvarez Martínez (S)* (Páx. 63.), *a señora Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 65.), *o señor Fernández Gil (P)* (Páx. 66.) *e o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 68.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 71.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 72.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 75.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 76.) *e Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 78.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 81.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema financeiro de Galicia. (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción*: Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 88.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 89.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 92.)

Nova intervención do señor Sánchez García (EM). (Páx. 94.)

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e quince minutos, catro e cuarto.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento de residuos líquidos. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 96.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 97.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 100.), *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 103.) e *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 104.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 107.)

Votación das mocións

O señor presidente anuncia unha solicitude de votación por puntos, por petición da señora Blanco Rodríguez, petición aceptada pola portavoz do grupo autor da moción. (Páx. 108.)

Votación dos puntos 1 e 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia: *rexeitados por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 109.)

Votación do punto 3 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia: *rexeitado por 18 votos a favor, 37 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 109.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema financeiro de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 109.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento dos residuos líquidos: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 110.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Carmen Santos Queiruga, sobre a implantación pola Xunta de Galicia dun observatorio autonómico galego para a defensa da transparencia no acceso e na xestión das institucións investigadoras e universitarias. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 110.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 114.), *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 115.) *e Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 117.)

Nova intervención da señora Santos Queiruga (EM). (Páx. 119.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, de iniciativa popular, sobre a creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa con base nalgún dos concellos da comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 121.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 122.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 124.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 126.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 129.)

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe respecto das posibilidades e circunstancias que se abren co *Brexit*, en termos comerciais, en relación cos produtos pesqueiros galegos. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 133.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 133.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 136.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 138.) *e Sra. Torregrosa Sañudo (EM).* (Páx. 141.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 143.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da compostaxe como modelo universal de tratamento dos biorresiduos urbanos no primeiro trimestre de 2019, así como para estudar a posibilidade de colaborar coa Deputación Provincial de Pontevedra no desenvolvemento do Plan Revitaliza e a súa ampliación ao resto do territorio galego. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 144.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 145.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 148.) *e Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 149.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 151.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 153.)

Suspéndese a sesión ás sete e doce minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Comeza a sesión.

Xustificou a inasistencia ao pleno a deputada dona Magdalena Barahona Martín.

Antes de entrar na orde do día, prégolles que gardemos un minuto de silencio en repulsa contra o caso de violencia machista do Porriño.

(Os membros da Cámara e da Mesa do Parlamento, así como o público convidado, gardan en pé un minuto de silencio en repulsa contra o caso de violencia machista do Porriño.)

Moitas grazas.

Entramos agora na orde do día.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

¿Si, señor Leiceaga? ¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: En función do artigo 77.2. Gustaríame que vostede nos lera o informe do que nos regulou no pleno pasado para impedir a utilización de determinadas expresións neste pleno. O informe do 4 de xullo que vostede nos amosou naquel momento.

Eu xa lle digo que nós neste pleno imos usar expresións como «o PP foi condenado civilmente por corrupción como partícipe a título lucrativo». Por tanto, sería bo coñecer ese informe antes de empezar o pleno.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Bueno, pois eu, como comprenderá... Eu expliquei, creo que na Xunta de Portavoces, isto xa. Eu expliquei que o presidente, no uso das facultades que ten para presidir un pleno, pide asesoramento. Eu pedín asesoramento ao letrado maior, o letrado maior pasoume unha información, e esa información é a que deu orixe ao informe que se lles trasladou a todos vostedes e á prensa. Esa é a información que dei.

Non teño inconveniente, tampouco, en que todos os portavoces, individualmente, se senten comigo no despacho e vexan o informe, ou vexan a información. ¿Por que? ¿Cal é o problema? A información é pública, todo circulou publicamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si! Non teño ningún problema en que iso o vexan no meu... Porque eu creo que como presidente teño dereito a pedir información —como a piden— para o que é un debate parlamentario.

Para ese debate parlamentario, non é unha información para o manexo permanente do Parlamento dos debates. Era unha información para un debate parlamentario na que eu me asesorei. Información como moitas veces piden vostedes nos Servizos Xurídicos, licitamente, e ninguén pon, nese sentido, problema. Polo tanto, esta información xa a trasladei na Xunta de Portavoces e creo que é unha información que foi bastante clara e creo que todos vostedes teñen esa información. Polo tanto, nese sentido non teño nada máis que dicir.

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

¿Si, señora Pontón?

Déanlle voz ao escano da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor presidente, nós, a verdade, creo que xa deixamos hoxe bastante claro que non aceptamos que se poñan mordazas neste parlamento. E eu quedo un pouco sorprendida pola súa intervención neste pleno.

Tal e como manifestamos na Xunta de Portavoces, o noso grupo non se vai sentar con ninguén para amordazar a liberdade de expresión nin, desde logo, coartar o que podemos dicir ou non neste pleno.

Eu tamén entendo que se o que vostede nos trasladou non é un informe e hai outro informe que temos que ler, está introducindo —eu creo— máis elementos de confusión, que, desde logo, creo que son moi preocupantes, porque se algo temos obriga de salvagardar é o dereito a expresarnos con liberdade todos os grupos neste parlamento. *(Aplausos.)*

E tamén, nese sentido —se me permite, señor presidente—, dado que o informe o que vén dicir é que unha condena civil é tamén unha condena, o que lle pediría é que retirara a chamada á orde que fixo na pasada sesión cando eu —en nome do meu grupo— afirmei que o Partido Popular fora un partido condenado por corrupción. Xa lle digo, pode acabar este pleno tendo que expulsarnos a todos os deputados e deputadas deste parlamento —polo menos os do noso grupo— por dicir que o PP é un partido condenado por corrupción. Non sei se esa é a maneira que teñen vostede e o Partido Popular en Galiza de entender a rexeneración democrática e a liberdade de expresión.

Creo que o mellor sería que retirara ese informe, que retirara esa nota aclaratoria, que nos pedira desculpas e que, desde logo, este sexa o punto final do intento de amordazar o Parlamento de Galiza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Villares? ¿Para que quere a palabra?

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente, para complementar as explicacións anteriores dos meus compañeiros voceiros da oposición.

Nós pensamos que vostede debera cumprir firmemente co mandato do seu cargo e, polo tanto, dar cumprimento tamén ao Regulamento nese punto.

Despois, tal e como manifestamos na Xunta de Voceiros do outro día, da mesma maneira que outro voceiro doutro grupo parlamentario —ou o presidente da Xunta, neste caso— pode utilizar expresións que segundo el son coloquiais da rúa, aínda que non sexan tecnicamente acertadas —como dicir que hai terrorismo incendiario, cando a propia Fiscalía Xeral de Galicia dixo que non había terrorismo por ningures—, nós non sabemos por que razón nós debemos ter un trato diferente á hora de falar de que o Partido Popular é condenado por corrupción cando é un estado social de opinión derivado tamén dunha sentenza, que moi precisamente —e como dixo o señor Leiceaga— foi condenado civilmente nun proceso penal, a título lucrativo, nun caso de corrupción; polo tanto, podemos, tamén, facer uso desa expresión.

En todo caso, xa lle advertimos desde o grupo político de En Marea que imos facer uso desa expresión para que se entenda perfectamente a que nos referimos cando falamos dunha actitude ante a vida e ante a política, que é a que leva mantido o Partido Popular durante estes anos.

E unha consideración final, señor presidente: a campaña sucesoria de Núñez Feijóo rematou, polo tanto, non é necesario que convertan vostedes a Cámara nun plató de televisión para facer brillar mellor o *casting* dun candidato que xa non vai concorrer a Génova.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

¿Si, señor Puy? ¿Para que quere a palabra?

O señor PUY FRAGA: Para participar neste debate que vostede consentiu, *(Murmurios.)* entendemos que sen moita lóxica.

Nós coñecemos o informe dos Servizos Xurídicos da Cámara, que di algo tan elemental como que aquí hai liberdade absoluta de expresión, e o que non se pode é faltar á honra dun deputado, dun grupo ou dunha persoa que non estea presente.

Polo tanto, nós respaldamos o informe dos Servizos Xurídicos da Cámara. Esperamos que —como ten acontecido no pasado— nesta cámara se sigan mantendo as formas parlamentarias e que aqueles que din que outros converten isto nun plató de televisión miren para atrás, pensen ben o que teñen e pensen se a linguaxe ofensiva lles serve politicamente para algo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Creo que está isto debatido. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non... *(Protestas.) (O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Villares, eu creo... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Eu creo que a información foi clara. E eu creo que tamén falei claro. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, se xa non me deixan falar aquí...

Eu estou dicindo que non creo que aplique eu mordaza. Eu creo que se tivera aplicado a mordaza, xa tería remitido previamente o que non se podería dicir... Aquí no Parlamento pódese dicir todo, evidentemente dentro do marco regulamentario do Parlamento. Iso si que sería mordaza se eu remito antes o que a min me trasladou o letrado maior. Pero non dubiden, porque parece que están pondo tamén en dúbida o informe que emite o oficial maior. *(Murmurios.)* Bueno, pois, por favor, non dubiden diso. *(Murmurios.)* ¡Por favor, diso non dubiden!

E a información que recibiron vostedes reproduce, e está aí o letrado maior, que non me corrixirá, exactamente o que a min me remitiu. E saben moi ben o que se pode dicir e o que non se pode dicir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, perdón! Bueno.

O señor Leiceaga antes explicouno ben e díxoo correctamente. Polo tanto, isto eu creo que está... *(Murmurios.)*

Imos comezar o pleno.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, para a modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Bo día.

Grazas, presidente.

Nós tamén temos que comezar —en vista do acontecido no último pleno— recordando que non imos permitir que non se nos deixe dicir verdades neste parlamento. O presidente non actuou de maneira neutral no pasado pleno, é evidente, esperamos que hoxe si nos deixe falar. Porque, por moito que lles moleste, *(Murmurios.)* por moito que intenten ocultalo, nós imos seguir sinalando a súa corrupción estrutural. Porque, é evidente, intentan censurarnos no Parlamento e tamén intentan censurar a televisión pública. *(Murmurios.)*

É evidente, o Partido Popular é un partido condenado por corrupción. Non son comentarios ofensivos, non son comentarios que sexan susceptibles de ser chamados á orde porque son comentarios certos. O que pasa é que son moi incómodos de escoitar, pero estamos falando dunha sentenza que é pública. *(Murmurios.)* E non estamos inventando, nin mentindo, nin difamando. *(Murmurios.)* O que pasa é que lles molesta que toda a cidadanía cada día teña máis claro que o Partido Popular é un partido corrupto... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...que a corrupción é estrutural, que non son casos illados.

Porque falamos da Gürtel, pero poderiamos sumarlle moitísimos casos: a Pokémon, o caso Campeón..., e poderiamos estar aquí un bo anaco mencionándoos todos. É a súa maneira de funcionar sistematicamente, quedounos moi claro, e por iso entendemos que podemos dicilo libremente, é unha sentenza pública. Esperamos que hoxe si poidamos falar con liberdade. Como dicía, non nos censuren sen motivos. *(Murmurios.)*

E, señor presidente, non dubidamos dos informes, dubidamos, sobre todo, da súa interpretación. E volvemos exixir que retire as chamadas á orde do pasado pleno, porque son totalmente intolerables.

E xa indo á proposición de lei que nos toca hoxe, o primeiro que teño que dicir é que hoxe viña a este debate con certa alegría, porque é unha proposta feminista, é unha proposta que sae dos propios colectivos feministas. Pero a realidade vólvenos facer que entendamos a dura situación que vivimos as mulleres. Temos que comezar lamentando ese novo asasinato machista no Porriño, co que acabamos de facer un minuto de silencio.

E tócanos recordar e queremos trasladar toda a nosa solidariedade coa familia e cos amigos. E tamén recordar que o feminismo vai responder, o feminismo sairá á rúa tamén para seguir exixindo que ¡basta xa!, que non nos sigan asasinando.

Esta proposición de lei —como digo— é unha proposta feminista que agardamos que pase o trámite. Pero, en realidade, temos dúbidas, non sabemos se vai ser así, porque vendo os precedentes tanto doutros debates neste mesmo parlamento e tamén noutras cámaras, moitas veces o Partido Popular adopta unha actitude de negarse a escoitar as reivindicacións que se expresan de maneira masiva nas rúas. E dicimos isto porque esta proposta nace, xustamente, das mesmas necesidades das manifestacións históricas que tiveron lugar este 8 de marzo.

E, nese sentido, eu quero aproveitar tamén a miña intervención para saudar o inmenso traballo de todos os colectivos feministas, pero especialmente o traballo realizado pola PPIINA, porque en realidade grazas a este traballo é que estamos debatendo agora esta proposta.

E tamén quero acordarme de todas esas mulleres que levan moitos anos rebelándose, que nos ensinaron que se non pelexamos nosoutras mesmas polos nosos dereitos ninguén o vai facer.

E un último recordo, empezando esta proposta feminista, é para as compañeiras arxentinas, que nos deron unha lección recentemente demostrando que a mobilización serve, que se conseguen dereitos e que defenderon o seu dereito a abortar de maneira libre.

Dixémolo moitas veces, o 8 e marzo supuxo un punto de inflexión, o feminismo sinalou con toda a súa forza as desigualdades que seguen existindo na nosa sociedade, rachou co falso mito de que vivimos en igualdade e colocou no centro da axenda, tamén, moitas das reivindicacións que as mulleres levabamos tempo querendo colocar na axenda e que quedaban silenciadas sistematicamente.

Pero é verdade que marcou un punto de inflexión, porque o conxunto da sociedade, non só un grupo reducido de mulleres, senón o conxunto da sociedade, se cuestionou e empezou a cuestionarse as relacións de poder. E nós temos a obriga de tomar nota desa lección e cambiar e facer unhas relacións máis caracterizadas pola equidade.

Como dicía, moitas das reivindicacións das mulleres levan moitos anos sendo silenciadas, pero xa deixamos moi claro o pasado 8 de marzo que non imos seguir agardando, queremos que se dean avances xa, que se cambie o modelo actual, e non nos vale que sistematicamente os dereitos das mulleres queden sempre hipotecados a un futuro incerto, sempre hai algo máis importante, sempre temos que seguir agardando. Pero nós estamos fartas porque estamos falando de dereitos, e como falamos de dereitos non hai debates nin matices posibles.

Como dicía, as desigualdades machistas aféctannos no conxunto da nosa vida, en todos os ámbitos da nosa vida, e hoxe falamos concretamente dun ámbito relacionado cos coidados e co papel que se nos outorgou historicamente ás mulleres como responsables do coidado, concretamente das crianzas e da maternidade. Pensamos que a nosa proposta axudaría a avanzar no horizonte de democratizar e redistribuír os coidados; por suposto, debe ir acompañada doutras medidas, pero cremos que esta si que nos faría avanzar bastante no que se refire ao coidado das crianzas.

Cremos que todas as propostas que teñan que ver coa reorganización e a democratización dos coidados deben asentarse nunha mesma base, que é moi sinxela: queremos que os coidados deixen de ter nome de muller, que se valoren dunha vez por todas social e, tamén, economicamente e que estean no centro das políticas públicas. E queremos que os coidados estean no centro das políticas públicas, porque do que estamos falando, cando falamos de coidados, non é nada máis nin nada menos que da propia vida, do sostemento da propia vida. O que pasa é que a pesar de ser un dos eixes fundamentais da nosa vida, por desgraza leva demasiados anos estando invisibilizado, leva demasiados anos estando oculto, e sempre, sempre, recaendo sobre as mesmas.

Non queremos que a crise de coidados se solucione con máis esforzo gratuíto das de sempre, de maneira silenciosa. Cremos que esta crise de coidados abre unha oportunidade, abre unha oportunidade que pode pecharse de maneira positiva, reorganizando e redistribuíndo dunha maneira máis democrática os coidados, ou tamén pode pecharse dunha maneira máis negativa, como digo, facendo que estes coidados recaian máis maioritariamente nas mulleres e de maneira gratuíta. Temos unha dicotomía agora mesmo para solucionar como queremos que se dean os coidados, para pensar como reorganizar este traballo invisible que leva moitos anos sendo menosprezado e infravalorado.

Pero por desgraza, incluso na propia lexislación, ás veces perpetúanse as desigualdades e hoxe é do que vimos falar. A actual normativa en materia de permisos por motivo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral relacionados co nacemento, a adopción e o acollemento é moi inxusta. Por iso apostamos para que se modifique, porque non ten ningún sentido que a propia normativa sexa inxusta. Queremos que os permisos de paternidade e de maternidade sexan iguais, instranferibles, remunerados ao cen por cen, por suposto dentro do marco das nosas competencias como autonomía no ámbito dos empregados e das empregadas públicas.

Ademais, cremos que é o momento idóneo para facelo, porque hai un consenso social moito máis amplo que noutros momentos de rematar con esta desigualdade estrutural, e entendemos que é o momento, xustamente por iso. Esta é unha proposta que ten moita importancia no material, por suposto, porque axudaría a rematar con discriminacións para o noso xénero, axudaría a que nais e pais —independentemente do seu xénero, pero tamén do seu modelo de familia— tiveran os mesmos dereitos.

Tamén queremos colocar no centro os dereitos das propias crianzas, e ademais de ter importancia no material cremos que tamén ten moita importancia no simbólico, porque cremos que esta medida —impulsada dende a Xunta de Galicia— pode permitir que sexa un factor de arrastre para outros sectores laborais, que —como sabemos—, fóra, no mercado laboral, ademais da discriminación de que coidamos nós, tamén ten implicacións na fenda salarial, e sabemos que a maternidade continúa a penalizarnos no mercado laboral. Non é raro que nunha entrevista se nos pregunte se imos ser nais, a diferenza, por suposto, dos homes.

Por iso dicimos que esta proposta tamén ten esa importancia no simbólico, porque axudaría a marcar unha nova tendencia, un novo modelo cultural. Cremos que se os coidados se reparten dende o nacemento é máis sinxelo que despois se repartan *a posteriori*.

Non negamos, é evidente, que se deron algúns avances nos últimos anos en comparación, sobre todo, con outras partes do Estado español, pero cremos que estes avances son insuficientes. E ademais algunhas das medidas aprobadas recentemente, da ampliación de permisos, non reducen, senón que aumentan, a fenda entre o tempo para pais e nais, e cremos que tamén temos que reflexionar sobre isto, que o modelo que implementemos ten que ir progresivamente a equiparar os tempos de nais e de pais. Isto, obviamente, non significa quitarlle tempo ao permiso de maternidade, senón ir incrementando progresivamente o permiso de paternidade.

Os datos dan unha boa radiografía, e eu recomendo ver os propios datos que veñen no Plan de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 da Xunta de Galicia, que aí algúns dos datos que se recollen son moi alarmantes. Por exemplo, no ano 2016 o 91,65 % das excedencias por coidado de fillas e fillos pequenos foron collidos por mulleres. Isto dá moi boa nota de quen está coidando, pero, claro —se a propia lexislación, a propia normativa nos induce dende o principio a que sexamos nós as que coidamos—, estes datos non deberían sorprendernos; en realidade, ¿como ía ser doutra maneira?

E é evidente que a posibilidade de optar polo permiso compartido aínda non funciona. No ano 2017 só un 2 % solicitou esta modalidade, pero, ademais, con este dereito estamos nunha situación completamente excepcional. Os dereitos non son transferibles, non se comparten, son de todas as persoas, todas e todos. ¿Que outros dereitos se poden transferir? E como se imaxinamos que, por exemplo, puideramos transferir o dereito a vacacións, seguramente a todo o mundo lle parecería unha cuestión absurda. Entón, ¿por que unicamente neste caso concreto estamos ante esta excepción? Nós apostamos porque os dereitos se individualicen, é unha cuestión —cremos— moi lóxica, non entendemos nin compartimos a situación actual.

Nós pensamos que necesitamos un cambio por completo. Como digo, hoxe estamos centrándonos nos permisos de paternidade e de maternidade, pero obviamente fai falta un cam-

bio completo das políticas públicas onde o coidado está no centro, e iso significa un cambio fundamental en moitísimas cuestións. Por suposto, nos servizos públicos, por suposto nos permisos, pero tamén no modelo cultural, na imaxe que se difunde moitas veces de que é unha familia, temos que seguir avanzando nese sentido.

E nós cremos que esta medida ten que tomarse agora. Primeiro empregouse o pretexto da crise económica para recortar dereitos das mulleres, agora se non se aproba, se non se fai esta equiparación, ¿cal vai ser a razón? Para nós non existe ningunha razón de peso para que se sigan perpetuando as desigualdades dende unha normativa. En realidade é unha barbaridade o que acontece na actualidade, pero como entendemos que moitas veces o argumento é a limitación orzamentaria, tamén contemplamos isto e propomos unha modificación progresiva e gradual; non propomos unha modificación dun día para outro, senón que a equiparación sexa gradual ata o ano 2022. Partimos do mantemento do permiso actual das nais de vinte semanas, porque obviamente non queremos reducir en ningún caso os dereitos acadados polas mulleres, e progresivamente vaise incorporando o permiso da outra proxenitora, como dicía, ata o ano 2022, e será neste ano cando sexa intransferible; queremos que sexa intransferible para que ambas persoas realicen os coidados.

Como digo, hai unha secuencia progresiva, no ano 2019 contaríase a outra persoa cunha suspensión de once semanas, no ano 2020 un total de catorce semanas, no ano 2021 un total de dezasete semanas, e a partir do ano 2022 xa serían as vinte semanas e sería de aplicación integral a presente lei.

Por suposto, isto non quita —e de feito así o recollemos nunha disposición adicional— que os permisos deberiamos tamén reflexionar, cando isto se acade, en ir aumentándoos para nais e pais, porque vemos como noutros países da nosa contorna estas medidas si supoñen medidas efectivas de conciliación.

Vemos, por tanto, que se trata dunha proposta totalmente razoable, tamén incluso dende os seus propios criterios económicos, e debemos aceptala porque a conciliación non pode ser un luxo como é ata o de agora. É un dereito e ten que ser posible conciliar para todas as persoas. Moitas veces vemos como nos discursos, nos plans que se elaboran —incluso nalgunha lexislación, na lexislación por exemplo de igualdade—, se enuncian de maneira sistemática os principios a prol da igualdade e por unha conciliación corresponsable real, pero despois, na práctica, non se poñen medidas para acadala. Nós entendemos que, ademais, esta proposta podería ser asumible, porque o propio voceiro do Partido Popular, Pedro Puy, despois do 8 de marzo, interpelado por esta proposta da oposición, dixo que podería ser e que podería servirnos para avanzar cara á igualdade. É verdade que non o concretou, pero si que dixo iso, e tamén deixou caer que o Executivo galego estudaría a opción de igualar as baixas de pais e nais para favorecer a igualdade. Pero se baixamos ao concreto, no Plan de conciliación só se contempla esta opción ata as sete primeiras semanas, o que para nós é totalmente insuficiente.

Como dicía, cremos que esta é unha oportunidade para que a Xunta dea exemplo, para que Galicia estea á vangarda a nivel estatal, pero por iso entendemos que o Partido Popular ten que pasar das palabras aos feitos.

E vou rematando, porque xa me remata o tempo, recordando que o feminismo chegou para quedar e as mulleres demostramos que se nós paramos, para o mundo; máis da metade da poboación non pode permanecer sufrindo desigualdades constantes. E volvemos emprazarnos para poñer en marcha máis políticas públicas feministas; precisámolo, porque —como vemos— hoxe, por desgraza, vainos a vida nela.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Eu, señora Quinteiro, pregaríalle que lera o informe que eu lle remitín —non, se non vou dicir nada—, que lle remitín na Xunta de Portavoces, e así ao mellor podería comprobar que hai algunha inexactitude no que dixo. Sen máis.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Hoxe, sen dúbida, é un día triste para o noso país, porque diante dun asasinato machista na nosa comunidade só podemos ver un fracaso colectivo. Eu teño que lamentar tamén —antes de dar iniciativa á nosa posición sobre esta lei de igualdade—, unha vez máis, a ausencia do goberno no seu debate e lamentar que o señor Núñez Feijóo só viñera para a foto. Así mal avanzaremos *(Aplausos.)* a prol da igualdade das mulleres nesta sociedade.

Como reflexión inicial quixera recordar que a proposta que hoxe debatemos nesta cámara pon o acento tamén nunha cuestión que para o Bloque Nacionalista Galego é moi importante recordar —e é de absoluta relevancia cando falamos de igualdade no ámbito laboral—, que é o impacto negativo que ten no noso país a falta de autogoberno e soberanía política nesta consecución da igualdade. Hoxe En Marea trae unha proposta que nos parece interesante, que votaremos favorablemente e que é referente, fundamentalmente, para as e os empregados públicos. A nós gustaríanos que fora adiante e podermos reflexionar e debater arredor disto, pero non podemos deixar de facer a reflexión inicial de que —precisamente por falta de soberanía política e porque o Estado español é quen aglutina a maior parte das competencias de índole laboral— hai unha parcela moi importante en canto a traballadores e traballadoras ás que nos están a furtar, dalgunha maneira, as nosas posibilidades para avanzar na igualdade, ao que se suma un goberno que se dedica sempre a facer de delegado do goberno e a dinamitar a negociación colectiva. Polo tanto, isto ten pexado —pensamos— os avances que poderiamos ter conseguido como país nos últimos anos cando si temos sido vangarda noutras políticas relacionadas co ámbito da igualdade.

A isto tamén, ao que ten pasado nos últimos anos, temos que sumar unha serie de recortes no financiamento das políticas de igualdade, tanto no Estado como na propia Xunta de Galiza, tamén un recorte importante nos servizos públicos, que ten impactado de forma máis negativa nas mulleres, tamén nas mulleres que son funcionarias, e que estivo patrocinado polo señor Feijóo como delegado do Goberno central.

Así, vimos como na última década, en lugar de avanzar colectivamente, mentres o señor M. Rajoy e os gobernos do Partido Popular se dedicaban a tecer ese auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional a través de mecanismos de manipulación para a contratación pública central, autonómica e local, a través da súa estreita e continua relación cos influentes militantes do Partido Popular, si había recursos para a caixa B do Partido Popular, pero non había recursos para a caixa A da igualdade. *(Aplausos.)* Polo tanto, poderían vostedes ter posto un pouco máis de intelixencia para financiar a igualdade e empeñarse un pouco menos en financiarse vostedes mesmos, señores do Partido Popular. Se cadra, así, durante estes anos, tería habido recursos abondos para que, efectivamente, esas baixas por maternidade estiveran homologadas no ámbito público para maternidade e paternidade, por exemplo. Pero vese que as prioridades eran outras.

Tamén nun contexto no que hai que recordar que ese grande Estado central que se dedica a rescatar a banca pública pois se dedicaba tamén a impoñer o pago da débeda ás propias comunidades, de forma que Galiza tiña menos recursos para fornecer de bens e prestacións sociais os seus traballadores e traballadoras. E nesa diatriba pois sempre quen perde somos as mulleres e a igualdade.

Hai que dicir tamén que a nós nos gustaría que esta proposta fora aprobada e que puideramos avanzar en deseñar un marco máis ambicioso desde Galiza, porque a verdade o que fornece o Estado español para o conxunto dos traballadores e traballadoras e para os funcionarios do Estado pois é bastante limitado.

Centrándonos, ademais, nesta proposta que se plantexa, nós pensamos que ten unha virtualidade moi importante, que é que todo o que poidamos avanzar, aínda que nos parece limitado poder avanzar só no ámbito dos e das empregadas públicas do noso país, todo o que poidamos avanzar nesa liña pois sen dúbida ten un foco irradiador moi importante, e abriría as portas a que despois tamén no ámbito da lexislación se puidesen fornecer cambios para todos e todas nesa mesma liña, e tería unha importante capacidade tamén irradiadora —pensamos— para a negociación colectiva, de forma que nas súas empresas as traballadoras e traballadores poderían aducir o exemplo da Administración, que debera ser modélica, para así, desa forma, negociar colectivamente máis e mellores dereitos.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, temos claro que para avanzar nunha corresponsabilidade real é fundamental seguir tres liñas estratéxicas, que ata agora non foron asumidas de forma suficiente nin no marco legal nin na práctica polo partido condenado por corrupción.

A primeira sería buscar a equiparación total dos permisos —é unha cuestión clave—; buscar, polo tanto, a súa individualización, porque os dereitos, efectivamente, son individuais destas persoas, e, polo tanto, habería que consolidar a súa intransferibilidade.

Nós entendemos que a proposta de En Marea recolle este espírito e, polo tanto, votaremos a favor, e gustaríanos que se puidera abrir unha ponencia para poder achegar melloras. Por exemplo, en canto ao calendario da intransferibilidade, a nós gustaríanos ter outra proposta para que fora camiñándose xa a que sexa unha realidade intransferible sen agardar á súa consecución en 2022, e por iso imos votar a favor.

Pero eu quero aproveitar tamén esta quenda de intervención para trasladar algunha reflexión máis. Eu quero recordar que o que coñecemos como licenza de paternidade é algo moi recente, de moi recente creación, e xa sen entrar en que, fóra do ámbito público, que é un pouco máis extensa, é algo case máis anecdótico que real pola súa curta amplitude, pois tamén temos que avaliar que non só é recente, senón que non tivo o cambio social que se podería agardar no seu momento e que, polo tanto, non serviu para avanzar dunha maneira cualitativa e importante no ámbito de que os homes se corresponsabilizasen das tarefas do coidado.

Polo tanto, nós partimos de que precisamos pasos máis rápidos e máis acelerados. É que ese é tamén un mandato fundamental deste 8 de marzo. E por iso, se queremos realmente unha transformación social que avance en ter modelos de familia cada vez máis despatriarcalizados, loxicamente, desde a propia lexislación e sobre todo desde o ámbito público, polo seu factor irradiador, habería que sumar máis cuestións neste sentido.

A isto tamén eu quero insistir unha vez máis na falta de cumprimento da propia lexislación por parte do Goberno do Partido Popular. Xa ten saído tamén aquí, en debates recentes, a situación das traballadoras do Consorcio, vimos hai poucas semanas sentenzas tamén do Sergas, e iso lévanos á reflexión de que moitas veces os plans de igualdade son unha teoría pero non unha práctica. Por haber plans de igualdade, hai incluso na Deputación do señor Baltar, que, desde logo, do sistema ese eficaz de corrupción seguro que sabe moito, pero de igualdade, eu atrévome a dicir que bastante pouco, *(Aplausos.)* e de respecto ás mulleres, tamén.

Hai que sinalar tamén outra reflexión que nos gustaría deixar para o debate, e é que a día de hoxe se verifica unha fenda de xénero no exercicio destes dereitos. Iso quere dicir que o marco non é suficiente, non está transformando a sociedade. Só en 2017 13.592 mulleres, fronte a só 293 homes, se acolleron a este uso das prestacións por maternidade. E, ademais, a evolución ao longo do tempo pois demostra un panorama dunha foto invariable, desde o punto de vista de que quen percibe este tipo de baixas e prestacións son maioritariamente as mulleres, e as porcentaxes de uso permanecen practicamente invariables en función do sexo ao longo destes anos. Precisamente a conclusión que temos que sacar é que as políticas non foron valentes e non contribuíron a transformar a sociedade coa rapidez coa que o precisamos.

O mesmo en canto a excedencias de coidado para crianzas, case un 92 % ocupadas por mulleres no último ano con datos, fronte a unha ridícula porcentaxe en canto aos homes. E iso xa sen entrar nas excedencias de coidados doutras situacións.

Nós, polo tanto, pensamos que, diante desta situación e diante dos datos tanto cualitativos como cuantitativos, o que urxe é un cambio de filosofía de aplicación destas melloras, e para iso a simple ampliación de paternidade como se propón —como xa se dixo— nese plan de corresponsabilidade, pasando de cinco a sete semanas, pois é absolutamente insuficiente. Ao que hai que ir é á equiparación e á intransferibilidade para que así se nos vexa iguais a mulleres e homes no ámbito da función pública para promoción e noutros ámbitos nos que ese exemplo pode contribuír tamén para contratación e demais, porque só se se nos ve como iguais e se ve igual o risco de maternidade e paternidade, pode evitarse ese sesgo de xénero á hora de promocionar laboralmente.

Ademais, despois do 8 de marzo, escoitamos voces afectadas desde o Partido Popular que dicían que ían tomar nota, que ían facer cambios e demais, e o que vimos foi un plan máis sen concreción.

E, ademais, non é a primeira vez que vemos esta política de moitos titulares e pouco facer. Eu vou traer aquí para ler o número 42 do *Diario de Sesións*, 4 de outubro de 2017, debate do estado da nación, e o señor Feijóo dicía que para este ano 2018 —aínda estamos agardando— «os empregados públicos terán á súa disposición unha nova medida de conciliación, un permiso por maternidade aumentado ata as vinte e dúas semanas»; vinte e dúas semanas, e logo vimos nesa lei de acompañamento que eran vinte e non vinte e dúas.

En fin, unha vez máis, esa política de titulares diante da urxencia, pensando que pase a treboada, pero, desde logo, desde o feminismo temos treboada para rato, e por iso hoxe votaremos a favor desta proposta, porque entendemos que sería un bo punto de partida para sentarnos a falar e que son necesarios menos minutos de silencio e máis políticas reais.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Dicir que quedou feita a suxestión. Eu a suxestión xa a fixen. Polo tanto, prégolle que, nese sentido, se a len, poderano comprobar.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hai unha frase de George Orwell que di: «Se algo significa a liberdade de expresión, é o dereito a dicirlle á xente aquilo que non quere oír». *(Aplausos.)* E o Partido Socialista ten claro que, no exercicio desa liberdade, manifestar que o Partido Popular foi condenado civilmente por corrupción, como partícipe a título lucrativo, é dicir aquilo que non se quere escoitar, e que, ao meu modo de ver, só ten unha saída: tapar ben forte os ouvidos, porque nin esta deputada nin ningún dos meus compañeiros e compañeiras de grupo imos deixar de exercitar un dereito fundamental como o da liberdade de expresión, que é fundamental en calquera ámbito, pero aínda máis nun lugar coma este, onde se debaten as ideas e se constrúen dereitos e deberes.

E, falando de dereitos, teño que recoñecer que, cando me puxen a preparar esta intervención, o primeiro que me veu á cabeza foi como era posible que a estas alturas, nos tempos que corren, de avances sociais, de todo tipo, aínda teñamos que plantexar a defensa dunha proposta de lei que ao noso modo de ver é obvia, por clara e evidente. E logo lembrei que moitas veces, cando unha fala dalgunha materia da súa competencia, cre que todo o mundo a entende perfectamente, e, ao cabo dun rato, dáse conta de que non, que o que unha considera obvio para os que non escoitan non sempre o é tanto, porque non dominan a linguaxe, nin os termos, nin os conceptos.

E, en parte, isto é o que ten acontecido ata o día de hoxe coa conciliación, na que o que existe é unha distancia enorme de visión entre homes e mulleres, entre interesados e interesadas, entre un mundo machista e un que por necesidade se torna feminista, un mundo que interesadamente ten impedido que as obviedades sexan realidades. Pero tamén esa distancia é a que teñen marcado aqueles e aquelas que gobernando non tiveron ou teñen a intención de escoitar.

Tras as manifestacións do 8 de marzo deste ano, nunha pregunta en pleno a este goberno, eu mesma pedín que se escoitara con respecto e atención todas as mulleres galegas. Hoxe, o Partido Socialista pídelle a este goberno exactamente o mesmo: que amplifique a súa escoita activa, demasiadas veces en *stand bay*, e se comprometa con esta proposición de lei ou, cando menos, co seu debate.

Porque ata o momento o Goberno presentou un Plan de conciliación e corresponsabilidade no que plantexa a equiparación progresiva dos permisos de maternidade e paternidade de forma intransferible, incrementando o permiso de paternidade de cinco a sete semanas, pero no que nada se fala dos prazos para esa equiparación progresiva dos permisos e pouco ou case nada doutras cuestións.

É o momento de abordar esta débeda histórica coas mulleres, de poñer prazos, e esta proposición de lei é un bo punto de partida que, sen dúbida, imos apoiar, porque sabemos da importancia de dar pasos que eviten as desigualdades e especialmente daquela manifestación máis cruenta como é a violencia de xénero, que onte mesmo nos golpeou novamente tan de preto co asasinato dunha muller no Porriño; todo o noso cariño e afecto para os seus familiares e amizades.

E é que dende o Grupo Socialista cremos que a loita pola igualdade efectiva das mulleres pasa sen dúbida polo acceso en igualdade ao mundo laboral. E nese punto é a maternidade o punto que acende todos os prexuízos e reticencias contra as mulleres á hora de optar a un traballo. Desactivar eses prexuízos á contratación pasa por algo tan sinxelo como deixar sen eficacia esa clara diferenza entre as baixas das que desfruta unha muller ou un home polo nacemento dun fillo ou filla, así como pola adopción dun neno ou nena.

No Congreso dos Deputados o Partido Socialista ten xa plantexado unha proposición de lei en marzo deste ano, a Lei para a igualdade laboral, unha lei que, onte mesmo, o noso presidente do Goberno do Estado, o señor Sánchez, declaraba na súa primeira entrevista como unha prioridade e cun compromiso claro coas mulleres e homes que o 8 de marzo saíron ás rúas. Onte, polo tanto, deuse a circunstancia de que os nosos dous presidente, o do Estado e o autonómico, se comprometeron, un cun sorriso por anunciar que o compromiso é coa Lei de igualdade laboral e, por tanto, coas mulleres e homes deste país, e o outro con bágoas e triste por comprometerse cos galegos, esquecendo, *(Aplausos.)* por certo, as galegas nas súas verbas.

Nós tamén o botamos de menos neste debate da proposición de lei —e sentimos que hoxe viñese só quitar a foto; curioso exercicio de compromiso *(Aplausos.)*—, un texto da lei no que se plantexa a redución do permiso por parto a seis semanas obrigatorias tras o nacemento, destinadas á recuperación da saúde da nai, e se introduce un permiso por nacemento para o outro proxenitor de seis semanas obrigatorias. Así mesmo, nesa lei recoñécese un permiso

parental igual e intransferible para o coidado do menor de doce meses, de dez semanas de duración para cada proxenitor.

E esas medidas, que se suman ás corenta e nove plantexadas nesa proposta de lei no Congreso, foi a folla de ruta que o Partido Socialista marcou en marzo e é vetada polo Goberno popular, o que, sen dúbida, amosa, por un lado, o compromiso firme do socialismo do Goberno actual do Estado coa conciliación, a corresponsabilidade e a igualdade laboral entre mulleres e homes e, polo outro, a verdadeira cara B do Partido Popular, incapaz de priorizar as mulleres. Un modelo, o que se plantexa na Lei de Igualdade laboral para o Estado, que queremos para todas as galegas e galegos, e que sen dúbida chegará se todos os partidos nos sumamos, e incluso melloramos os termos nos que se plantexa.

E aí volvo pensar na obviedade desta lei; obviedade que será a que provoque a súa definitiva chegada, porque ter un partido socialista e feminista no Goberno do Estado, ter a igualdade como un dos eixos da axenda política, será o detonante para a posta en marcha das medidas que favorezan a conciliación, a corresponsabilidade e a igualdade no acceso laboral de mulleres e homes.

Pero os permisos paternais e maternais non son máis que unha das medidas precisas, porque son moitas as trabas que impiden que neste caso os homes se incorporen con naturalidade á tarefa da conciliación familiar.

No 2016, no ámbito do Estado español, algo máis de 206.000 nais recorreron á prestación por maternidade, fronte soamente 4.300 pais; é dicir, o 98 % das prestacións foron solicitadas por mulleres. E se acudimos aos datos do ámbito galego, os datos son máis que reveladores e as conclusións claras. Por un lado, as responsabilidades familiares e de coidados son para elas. E, por outro lado, a inactividade das mulleres por ter outras responsabilidades familiares ou persoais, polo coidado de nenos ou nenas ou de persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores, dista moito da masculina por estas mesmas razóns

A realidade é que as empresas ven ás nais como traballadores de alto risco só pola súa condición de mulleres, máis alá de se son ou serán nalgún momento da súa vida nais.

Diferente visión teñen dos pais, cuxas baixas ou excedencias están moito máis acoutadas, o que os fai traballadores moito máis interesantes dende o punto de vista da rendibilidade das empresas. Esta é unha triste realidade: ser nai penaliza e ser pai é un valor engadido.

E remitíndome ás palabras de Ángeles Álvarez, voceira de Igualdade polo Partido Socialista no Congreso dos Deputados, «Desde o Grupo Socialista tivemos sempre unha vocación clara por recoñecer un permiso de paternidade autónomo do da nai, da man da Lei de igualdade posta en marcha polo Goberno de José Luís Rodríguez Zapatero.»

Falamos dun dereito para as nais e os pais que se converte nun instrumento para fomentar a igualdade e que contribúe a un cambio cara a condutas menos sexistas. Todas e todos somos conscientes de que un permiso que sexa igual, fai xustiza; e que sexa intransferible, convérteo nunha peza estratéxica das políticas de igualdade.

Non pode ser que só o 1,8 % dos proxenitores varóns asuman unha das cinco semanas de maternidade transferibles.

Ese dato evidencia que a transferibilidade non é útil á igualdade, e evidencia que a voluntariedade non funciona porque non é allea ás presións empresariais e sociais; e unha e outra cousa xogan en contra das mulleres e da igualdade.

O noso modelo coincide, polo tanto, no espírito xeral da proposta de lei que hoxe se presenta, e, aínda atopando algún punto de discrepancia, pensamos que o máis importante para as galegas e os galegos é, sen dúbida, o calendario que se propón. Repito, non sei se con este texto que aquí se expón ou outro, pero, en todo caso, podería debaterse, o que xa sería un avance importante.

E nós, as voceiras de Igualdade, todas nós sabemos de que falamos, porque sabemos o que escoitamos nas comparecencias da Comisión e sabemos o que pensamos, publicamente ou na intimidade, e non estar con medidas deste tipo é fallarnos a nós mesmas. Que ninguén o decida por nós.

Escoitemos, polo tanto, ás mulleres galegas con respecto e atención, pero tamén con compromiso. Ese compromiso que onte o señor Feijóo manifestou repetidas veces ter cos galegos, sen nomear as galegas en ningún momento *(Aplausos.)* Dirán algúns que era obvio, pero, especialmente na loita pola igualdade, o que non se concreta ou visibiliza non serve, e as mulleres galegas levamos xa demasiado tempo agochadas no caixón dos afectos do señor Feijóo.

Escoiten como petan as mulleres, e abran a porta a esta lei. Con ela permitirán que a igualdade entre, por fin, nos fogares de moitas e moitos galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, quero tamén, no nome do Grupo Parlamentario Popular, lamentar o asasinato que golpeou Galicia este pasado día; e dicir que todos temos que seguir traballando para loitar contra a violencia de xénero. Só a unidade no traballo das políticas de igualdade conseguirá que poidamos alcanzar logros, porque só entre todos podemos defender a igualdade e combater eses ataques machistas contra todas as mulleres, sexan neste caso unha vítima mortal, como cada día en calquera sitio, as violencias, os micromachismos e demais.

Señorías, as mareas de Podemos elixiron a mellor deputada do seu grupo para darnos lecións de ética e comportamento. *(Aplausos.)* Non deixa de ser gracioso que nos dea lecións

a deputada reprobada polo 85 % da súa afiliación. *(Murmurios.)* Iso significa que o 85 % da afiliación... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: Non me poñan a mordaza, escoiten. *(Aplausos.)* ¡Non me poñan a mordaza! ¡Escoiten! Escoiten, escoiten, escoiten... ¡Que vostedes non son de mordazas! ¡Escoiten, escoiten, que eu escoitei a señora Quinteiro falar na súa primeira intervención! Falou un tempo dalgunhas cousas e outro tempo doutras. Pois eu voulle dedicar un tempo tamén á señora Quinteiro. *(Aplausos.)* E nese tempo de liberdade de expresión que temos todos os deputados e deputadas desta Cámara, eu quero dicir que a señora Quinteiro, reprobada polo 85 % da súa afiliación, *(Murmurios.)*, o que demostra é que o 85 % da afiliación... *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, por favor, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu estou falando dunha deputada que está no debate, se non, defenda vostede aquí o seu grupo. Que lle deixen a vostede falar. Igual ten unha mordaza, non sei. Eu, se vostedes me deixan falar e non me poñen a mordaza do insulto... Si, do tema que falou a señora Quinteiro. Vou contestar á señora Quinteiro sobre o tema do que falou. E como ela veu falar de ética e de comportamentos, pois eu voulle explicar o que é para nós a ética e o comportamento. E tamén llo dixo o seu grupo, tamén llo dixo a súa afiliación. O 85 % da afiliación de En Marea díxolle que non lle gustaba o seu comportamento. O 85 % da afiliación está en contra da maioría do Grupo de En Marea que avala o comportamento da señora Quinteiro. E o seu portavoz tamén está en contra do comportamento da señora Quinteiro e díxolle que se fora, pero ela non se vai e o señor Villares tampouco se vai. ¡Esta é a súa democracia! *(Aplausos.)*

Eu sinto moitísimo que vostedes veñan aquí falar de feitos certos, doutras cousas, e cando teñen un atestado policial *(Murmurios.)* que non está feito pola Policía represora do Estado, senón pola Policía que manda o alcalde democrático Martiño Noriega, vostedes cuestionen un atestado *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* policial que di que unha deputada...

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, por favor!

A señora PRADO DEL RÍO: ...utilizou a súa condición de deputada para..., para..., para... impedir a identificación duns señores que, libre e pacificamente, rompían retrovisores nas rúas de Compostela. *(A señora Quinteiro Araújo, desde o seu escano, pronuncia palabras que non se perciben.)* Eses son os feitos certos. *(Aplausos.)*

Estamos agardando pola interpelación que a señora Quinteiro lle dixo á Policía que ía poñer. *(Risos.)* Aquela noite díxolles que ía poñer unha interpelación polo seu comportamento. *(Protestas.)* Agardamos o rexistro desa interpelación, e agardamos... agardamos... a intervención da señora Quinteiro nesa interpelación.

A señora Presas tamén nos veu dar lecciónns sobre de onde sacan os cartos e demais. ¡Home, señora Presas!, vostedes gobernaron en Galicia, e ¿sabe en que gastaba os cartos o señor

Quintana? En festas en Silleda, para sacarse fotos rodeado de mulleres. Eses cartos que vostedes pagaban... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, daquela vostede tamén estaba no Bloque. Despois pasou..., bueno, eses circuítos que teñen vostedes, de confluencias e espazos. Agora está noutro espazo, pero daquela vostede estaba no espazo do señor Quintana. *(Aplausos.)*

Pois naquel espazo do Bloque no que o señor Quintana gastaba os cartos da igualdade en festas e noutras cousas, e non en permisos de paternidade, ¡cero días de permisos de paternidade financiaron vostedes cando gobernaron Galicia. Cero, señorías, cero, así que lecciónns, ningunha. Daquela o seu conselleiro imputado, o señor Blanco, tampouco pensaba nos permisos de paternidade, pensaba tamén en como gastar os cartos —ou como meter os cartos, máis ben— nas botellas de champaña na súa bodega. ¿Lémbrao, señora Presas? ¿Lémbrao? *(Risos.)*

A señora Pierres tamén quixo darnos lecciónns. O Partido Socialista, que ten os dous ex-secretarios xerais de Galicia imputados por corrupción; que ten os dous ex-presidentes do Partido Socialista Obreiro Español sentados no banquillo dos acusados por unha cuestión de máis de 800 millóns de euros roubados aos parados, ¡nin máis nin menos que aos parados!, *(Aplausos.) (Protestas.)* ¡pretenden darnos lecciónns! *(Aplausos.)*

Eu sinto que non lles guste, pero claro, teño que respostar... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Non lles gusta escoitar a verdade. Non lles guste escoitar a verdade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non lles gusta escoitar a verdade...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: ¿Que pasa? ¿Non lles gusta escoitar a verdade? *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, señor Losada!

A señora PRADO DEL RÍO: Non lles gusta escoitar a verdade. As túas compañeiras, Abel, as túas compañeiras.

Eu sinto que queiran poñer unha mordaza e non queiran escoitar as verdades. *(Protestas.)* Pero se entramos na cuestión... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. ¡Silencio, por favor! Silencio. ¡Silencio, por favor! *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio. Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, si, as túas compañeiras do Concello de Santiago.

O señor PRESIDENTE: Eu pido, por favor, que se respecte a quen estea no uso da palabra. *(*A señora Prado del Río: *Grazas, señor presidente.)* ¡Perdón! E se despois vostedes consideran que houbo inexactitudes, sempre se pode... Pero agora respéctese a quen está no uso da palabra.

¡Silencio! Se non, suspendemos o pleno momentaneamente, non teño problema ningún.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu sinto que non queiran escoitar que hai persoas acusadas por roubo. Hai acusados... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu sinto moito que non lles guste escoitar...

O señor PRESIDENTE: Señor Losada. ¡Señor Losada, silencio! Se non, téñoo que chamar á orde.

A señora PRADO DEL RÍO: Non lles gusta escoitar a verdade, pero a verdade está aí.

Tamén a señora Noa Presas veu mentir a esta tribuna. Veu dicir que non hai as vinte e dúas semanas en Galicia. Pois si, señora Presas, si. Conviría que vostede lera tamén, ademais da lei, as instrucións que saca a Xunta, porque, ademais das vinte semanas de parto, hai dúas semanas retribuídas de preparto. Vostede sábeo, pero veu a esta tribuna a mentir. ¡Claro que en Galicia hai vinte e dúas semanas de permiso retribuído para as mulleres! *(Aplausos.)* E vostede veu a esta tribuna a mentir, ¡a mentir! *(Aplausos.)*

Eu pídolles que pasen das palabras aos feitos. Este Grupo Parlamentario, nun pleno de marzo, presentou unha transacción para que se puxera en marcha a equiparación dos permisos de paternidade e maternidade, e vostedes non aceptaron esa transacción. Así que non veñan agora dicir que o Partido Popular non está de acordo. ¡Claro que está de acordo! Esa mesma iniciativa defendina eu nesta tribuna, e vostedes non poden faltar á verdade porque está no *Diario de Sesións.* E cando o Grupo Parlamentario Popular defendeu que, efectivamente, a equiparación dos permisos de paternidade e maternidade é unha das contribucións máis grandes que se poden facer á igualdade, porque é a forma de que os homes se introduzan no coidado doméstico, de que os homes participen das tarefas de coidado da familia, das tarefas do fogar. Esa, efectivamente, é a maior das cotas de igualdade que podemos alcanzar. Pero vostedes non permitiron que se aprobase ese acordo, ¿e agora veñen aquí dicirnos que? Cando este grupo parlamentario, en decembro, trouxo unha lei que incrementaba unha semana o permiso de paternidade e vostedes criticaron esa lei, votaron en contra desa lei, e nin sequera tiveron unha palabra de recoñecemento porque Galicia é unha das comunidades autónomas onde máis permiso de paternidade hai hoxe en España, ¿vostedes que pretenden dicirnos agora? ¿Que non é certo? Pois non, señorías, non lles imos consentir que nos dean lecciónns en materia de igualdade porque nós somos de compromisos, para xestos xa os deixamos a vostedes.

Vostedes son de xestos, díxoo a señora Pierres: teñan o xesto. Non. Nós non somos de xestos. De xestos é o Goberno de Madrid. E agardamos que o Goberno de Madrid, *(Murmurios.)* que pode facelo, agora gobernan no Estado español e teñen dous anos, o señor presidente do Goberno onte, por primeira vez, nunha intervención na televisión pública —por certo, ¡que para iso está!, para que vaia o presidente do Goberno falar do que lle

parece sen que lle fagan preguntas incómodas—, dixo que ían esgotar a lexislatura. Pois xa que van esgotar a lexislatura, agora teñen a oportunidade de aprobar no Congreso dos Deputados a equiparación dos permisos de paternidade. *(Murmurios.)* E como ademais os seus socios de Goberno —os señores de Podemos e todos os demais— están de acordo, pois, ¡oia!, non é tan complicado. ¡Apróbeno no Congreso dos Deputados, con 84 deputados que teñen —que é un magnífico resultado—, e despois veñan darnos lecciónes de algo!

Pero, ¡home!, é que agora que vostedes gobernan no Estado...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que gobernan en Madrid, que nos veñan dicir a nós que non poden facer a equiparación de permisos de paternidade e maternidade, señorías, non. Se queren, comprométanse. Déixense de facer xestos e veñan ao compromiso. Con nós, para o compromiso, contarán sempre; para os xestos, nunca.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Rematamos o debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero ao rematar o debate. Ten aínda un turno a señora Quinteiro.

Señora Quinteiro. Turno de réplica.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Bo día.

De novo hoxe, Paula, lucícheste. ¡Vai saír en toda a prensa! Lecciónes ningunha. Aquí a única que está imputada e investigada foches ti. *(Aplausos.)* ¿Acórdaste dos *regalos de la hostia*?. ¡Lecciónes ningunha! *(Aplausos.)* ¡Ningunha! *(Aplausos.)* ¡Nin a primeira! *(Aplausos.)*

Entón, eu tamén lle pediría ao señor presidente da Cámara que cando aquí, nesta Cámara, se minte con total impunidade, como mínimo que se chame á orde, porque esta señora mentiu aquí sobre a miña persoa. *(Aplausos.)* Entón, por favor, cando se mente descaradamente... *(Protestas.)* Cando se mente descaradamente, igual tamén hai que facer suxestións. *(Aplausos.)* Eu o único que fixen foi reproducir literalmente o que pon unha sentenza, a Sentenza da Gürtel, que lles molesta, que lles doe. Porque os botamos do Congreso e seguramente, dentro de moi pouco, estarán tamén fóra do Goberno de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, iso é o que lles preocupa, que a xente saiba a corrupción que atravesa o seu partido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Xa tivemos que ver a falta de neutralidade no anterior pleno. Pero xa neste volve incidir. Porque, iso si, iso non é unha ofensa. Non, aquí pódese mentir descaradamente en sede parlamentaria. Claro, como mentiu Mariano Rajoy, entón supoño que aquí tamén se pode facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* É vergonzoso. ¡É vergonzoso! *(Aplausos.)*

Ademais dun partido corrupto, hoxe o Partido Popular demostrou... deixou máis claro —eu creo que máis claro que en ningunha intervención neste Parlamento—, que é un partido [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do arigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)...* ¡Absolutamente [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do arigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)... (Aplausos.)* Porque ¡montar este circo nunha proposición de lei feminista, cando aínda estamos mencionando a asasinada do Porriño...! Non ten ningún sentido que a señora Prado o único que buscara non fose dar ningún tipo de debate político, nin ningún tipo de debate de propostas feministas. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, benvida non, a min paréceme lamentable. Nós non fixemos iso. *(Protestas.)* Non, é que non ten nada que ver. A única que fixo un circo e que demostra que non lle importa absolutamente nada a igualdade e o feminismo foi vostede, ¡a única! Ningunha voceira da oposición fixo tal circo. *(Murmurios.)* Entón, por favor, un pouco de respecto porque veñen demostrar que lles dá exactamente igual. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Menten. Antes do 8 de marzo dicían unha cousa. Despois do 8 de marzo dicían outra cousa. Puy dixo que esta proposta se estudaría porque nos faría avanzar... *(Murmurios.)* Agora recuaron. Entón, como esas contradicións son moi difíciles... Benvido, presidente, a un debate no que debería estar aquí presente todo o tempo porque era ben importante. *(Protestas.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor.

Continúe, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Hai unha incoherencia absoluta entre as palabras que dicían despois do 8 de marzo e as que din agora. Entón, o mecanismo para dicir: non podemos entrar en contradicións porque, claro, se agora falamos en contra desta proposta, imos quedar moi mal porque dixemos o contrario. Entón, ¿cal é a solución? Falar de calquera cousa; embarrar e facer un circo. *(Murmurios.)*

Non, é o único que fixeches, Paula, non falaches absolutamente nada da proposta, non dixeches ningunha razón pola que votariades en contra da proposta. ¡Non hai razóns! ¿Cal é a razón para votar en contra cando diciades o contrario? *(Murmurios.)* ¿Cal é a razón? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ¡Ah, claro! Se non falara doutras cousas, ían votar a favor. ¡Vaia! Entón, culpa miña que cambiaran o seu sentido de voto pola miña intervención, porque falei un minuto da corrupción do Partido Popular.

¡Vaia que teño capacidade de influencia no Partido Popular! Non o sabía. Non sabía que tiña esa capacidade de influencia, *(Aplausos.)* pero xa tomo nota para a próxima vez. *(Aplausos.)*

A min dáme igual que sexan incoherentes, pero o problema das súas incoherencias é que ten repercusións na vida directa das mulleres. Vostedes mantéñense sempre no terreo da

propaganda, e non entendemos como poden facer este exercicio de contradición. Supoño que despois, dentro de dous meses, ao mellor volven saír con outra proposta, como se esta non se debatese en ningún momento.

Ademais menten. Non entendo como nin sequera a pasan a trámite, baléirana de contido —que podería ser un problema—. Pero como mínimo disimulen e non deixen claro que lles dá exactamente igual o que o movemento feminista está dicindo fóra.

Recordaremos todas as declaracións que fixeron moitos voceiros do Partido Popular antes do 8 de marzo. O que pasa é que foi unha mobilización histórica, milleiros de mulleres nas rúas, e entón teremos que tomar nota, teremos que pór medidas feministas. Entón, ¿que facemos? Un par de medidas cosméticas sen orzamento real, un plan de conciliación que só pon parches. E cando traemos unha medida concreta, que avanzaría de maneira real e que ademais é sostible economicamente, que está programada no tempo, ¡nin sequera con isto!

Verdadeiramente, hoxe queda comprobado que é un partido corrupto e un partido [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do arigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)...*, iso é o que son. ¡Un partido [...] que se nega a debater de políticas de igualdade! Porque na súa intervención falou de todo menos de dar unha única razón de por que non aceptarían esta proposición non de lei.

Reflexionen as mulleres do Partido Popular sobre por que teñen que votar en contra... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...destas iniciativas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

(A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.)

¿Si, señora Vilán? ¿Para que quere a palabra?

A señora VILÁN LORENZO: Si, presidente.

Con arreglo ao artigo 77, vou citar o Regulamento, houbo unha clara «faltada» —como dirían agora os xoves— por parte da deputada Paula Prado ao decoro desta Cámara. Á parte das inexactitudes, dixo que os señores Griñán e Chaves están acusados por roubo, por cartos roubados aos parados. Ela, precisamente, debería saber ben a diferenza entre estar imputada e estar acusada. Ademais, esas dúas persoas xa non pertencen ao Partido Socialista... *(Murmurios.) (Risas.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Está entendido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. Silencio. Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: Non podemos dicir o mesmo do señor Telmo Martín, que continúa no Partido Popular. *(Murmurios.)*

Grazas. *(Aplausos.)*

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Señor Puy, ¿para que quere a palabra?

O señor PUY FRAGA: De acordo co artigo 76 —que creo que era o que quería mencionar a señora viceportavoz, e non o 77—, que fai referencia ás alusións. *(Murmurios.)*

Eu comprendo o malestar da oposición e comprendo que as últimas novas lles desfán os discursos. O que é certo é que desde o primeiro momento deste pleno están intentando provocar que isto se converta nun debate barriobaixeiro. *(Risos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PUY FRAGA: Si. Si. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PUY FRAGA: Entón eu, á parte da cuestión do partido da corrupción, eu pido que se retire da acta desta sesión que o Partido Popular é un partido [...] porque non o é, e consideramolo unha grave ofensa.

E tamén quero que conste na acta —porque houbo outra imprecisión que afecta á honorabilidade do noso grupo— que o caso da señora Prado —que foi investigada— está arquivado porque non cometeu ningún delito. Polo tanto, por favor, traten a un inocente como corresponde. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PUY FRAGA: E, finalmente, con relación ás precisións que dixo a señora portavoz do Partido Socialista, efectivamente, vostede fai unha precisión de acusación e de imputación, e o que están é procesados os dous neste momento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Prégolles que colaboren todos. Claro que, efectivamente... *(Murmurios.)* Non, non... *(Murmurios.)* quero explicalo.

Eu estou aquí para algo. Eu teño unha retribución e teño este cargo público para non estar aquí de papanata mirando como vostedes se insultan. ¡Por favor! Entón, prégolles colaboración a todos vostedes, que tamén teñen unhas retribucións públicas, e debiamos tratar todos de colaborar nos debates.

Eu sei que hai expresións que poden molestar a uns e a outros. ¡Por favor, escapen vostedes delas ou busquen outras maneiras de dicilas! Pídolles por favor que colaboren, porque, se

non, este pim pam pum vai ser constante, e á sociedade isto non lle gusta nada, tamén llelo digo. ¡Alá vostedes!

Votamos. *(Fortes murmurios.)*

Si, si, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero a expresión de «partido [...]» foi súa e estanlle pedindo que a retire. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu creo que debe ser retirada porque o PP non é un partido [...]. *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non o é. *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

Estanlle pedindo que retire a expresión de «partido [...]». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estanllo pedindo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois retíraa a Presidencia. *(Protestas.)* ¡Perfecto! ¿Está?

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

Señora Pontón, ¿para que quere a palabra? *(Murmurios.)*

Silencio. Imos terminando xa.

Señora Pontón, ¿para que...? *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Santos, por favor.

¡Silencio! Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Pois a verdade é que... Señor presidente, eu creo que con base no mesmo artigo que o señor Puy. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Con base no mesmo artigo que o señor Puy.

O señor PRESIDENTE: ¿Artigo?

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Home! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Non sei se agora a facultade de ordenar o Pleno lle corresponde ao señor Puy. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor presidente, eu estou moi acostumada... Non me parece normal... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora PONTÓN MONDELO: ...pero levo escoitado en moitas ocasións acusacións e imputacións ao noso grupo que son absolutamente inxustas e que eu teño que aceptar...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...porque forman parte do uso que quere facer o Partido Popular de determinadas situacións dalgunhas persoas. Sobre todo porque quere ocultar a condena que ten o Partido Popular por corrupción. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Entón, de verdade, creo que o máis hixiénico desde o punto de vista democrático é que o Partido Popular asuma que esa é a realidade, que non veña aquí insultarnos a todos e a todas —como fixo a señora Prado na súa intervención— *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e que non pretendan amordazarnos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...cando estamos falando de temas moi importantes.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu o que quero saber, señor presidente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é se vostede cre que cando se lle fai unha imputación de machismo a un partido como é o seu teno que retirar, e cando outros membros desta Cámara utilizan ese mesmo cualificativo cara a outras persoas, vostede non ten nada que dicir. *(Aplausos.)* Estaría moi ben saber, señor presidente...,

O señor PRESIDENTE: Procuro intervir sempre.

A señora PONTÓN MONDELO: ...cal é o seu criterio nesta materia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Porque o único que nos está demostrando é que non funciona...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...conforme ás súas responsabilidades.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Nós estamos moi preocupados e preocupadas pola imaxe pública da política e deste Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Pero creo, señor presidente... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

(O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.

¿Señor Leiceaga? Grazas.

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Insisto no que dixen. Eu insisto no que dixen. Búscase que colaboren.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, para a modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor, terminou a votación.

Pasamos ao punto segundo.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar da situación do ensino non universitario en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para facer a súa comparecencia ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi bos días.

Señor presidente, señorías, nestes tempos merece a pena facer ou intentar facer unha reflexión conxunta sobre o Sistema educativo galego. Esta cámara, sen dúbida, é o espazo axeitado para tratar de analizar onde estamos e cara a onde camiñamos. Esta semana é significativa porque remata a actividade lectiva, e, como xa fixemos noutras ocasións, a Consellería quere poñer en valor o traballo realizado tanto desde a administración como desde a necesaria colaboración do conxunto da comunidade educativa.

O curso 2017-2018 arrancou con normalidade e remata con tranquilidade, cumprindo coa folla de ruta deseñada no inicio da lexislatura, que persegue consolidar o modelo educativo diferenciado posto en marcha en Galicia. Un modelo que está orientado ao alumnado e ás súas familias, tamén aos docentes, baixo a aposta por converter os centros educativos en verdadeiros espazos de aprendizaxe, innovación e xeradores de igualdade de oportunidades. Un modelo fundamentado, primeiro, na actualización da aprendizaxe e a potenciación de linguas estranxeiras; segundo, na integración real das TIC no proceso formativo, para acadar progresivamente un ensino dixital; terceiro, na aposta por fomentar as competencias científicas e tecnolóxicas, xerando novas vocacións STEM —ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas— entre o alumnado; cuarto, no impulso das ensinanzas de FP, como unha oportunidade real de conexión entre o mundo educativo e o mundo produtivo; e, quinto, no desenvolvemento do ensino nun adecuado clima de convivencia, equidade e xustiza social, a través de estratexias e de iniciativas como a propia Estratexia galega de convivencia, os contratos programa, o plan Proxecta ou o I Plan de igualdade nos centros educativos. En definitiva, un modelo diferenciado, que aporta resultados positivos tanto en calidade como en equidade. Así o amosan diferentes estudos mesmo de carácter internacional.

A modo de pequeno balance, quixera poñer en valor os seguintes datos referidos ao curso que remata:

Plurilingüismo. Neste curso, o 75 % dos centros, un total de novecentos trinta e oito, participaron en programas plurilingües, o que significou que se beneficiaron directamente 106.113 alumnos e alumnas, un 31 % do total do alumnado. En concreto, Galicia contou con trescentos vinte e dous centros plurilingües no actual curso, que implica a impartición de ata un terzo do horario lectivo en lingua estranxeira. Oitenta e tres centros ampliaron por primeira vez o plurilingüismo a infantil, o denominado «Plurinfantil». Catro centros contaron tamén por primeira vez con plurilingüismo en bacharelato, «Pluribach». Por primeira vez en Galicia houbo doce ciclos de FP plurilingües en sete centros educativos. As seccións bilingües ascenderon a 4.145, é dicir, duascentas trinta e unha máis con respecto ao curso pasado. E contamos no curso que vai rematar esta semana con quiñentos cincuenta auxiliares de conversa.

Ensino dixital, E-Dixital. Desenvolvemos unha estratexia baixo dous ámbitos. A primeira é a dotación de equipamentos que permitan aulas dixitais e desenvolver formación dixital co emprego de contidos e do libro dixital. Proxecto Abalar, cincuenta e dous mil alumnos e tres mil douscentos recursos educativos dixitais complementarios en sete idiomas. Libro dixital, E-Dixgal, máis de once mil seiscentos alumnos, cento cincuenta e catro centros. Aulas dixitais, seis mil aulas, cento vinte mil alumnos, novecentos centros. Robótica, oitocentos sesenta kits repartidos en centros de primaria e secundaria. No tocante ao reforzo da competencia dixital e da competencia científico-tecnolóxica e dos estudos STEM, neste curso máis de cinco mil alumnos galegos recibiron formación en robótica, programación ou identidade dixital, a través das materias de libre configuración autonómica. Entregamos centos de kits de robótica de impresión 3D e de computación Maker aos centros educativos, que chegaron a vinte e dous mil alumnos. Realizáronse iniciativas pioneiras, como os clubs de ciencia ou as semanas STEM. E todo isto sustentado por un ambicioso programa de formación de profesorado con quiñentas actividades formativas, nas que participaron máis de cinco mil docentes.

Inclusión, equidade, convivencia e igualdade. Un sistema educativo de calidade ten que ser inclusivo e equitativo. Este curso, a Consellería mantivo o esforzo na atención á diversidade e no desenvolvemento de protocolos e do fomento de itinerarios flexibles para o alumnado con necesidades educativas especiais. Isto fai que o Sistema educativo galego sexa o máis inclusivo de toda España. En Galicia, un de cada dez profesionais do ensino son especialistas na atención á diversidade. Neste punto, quero lembrar que o 91,9 % do alumnado con necesidades educativas especiais, a maior porcentaxe de España, está integrado nos centros ordinarios, o que favorece a igualdade de oportunidades na ensinanza e unha auténtica xustiza social.

Ao longo destes anos, a Consellería apostou tamén polos contratos programa, que constitúen unha boa ferramenta para reducir o abandono educativo temperán e para seguir mellorando en igualdade de oportunidades, equidade e inclusión. Os contratos programa beneficiaron este curso un total de 139.999 alumnos, o que representa un incremento do 34 % con respecto ao curso pasado. Chegaron a catrocentos setenta e tres centros escolares, un 14 % máis que o exercicio anterior, e desenvolvéronse 1.251 iniciativas diferentes das nove liñas establecidas.

O noso ensino segue a ser referente por todo isto en materia de convivencia e tamén de fomento da igualdade, grazas ao desenvolvemento de boa parte das medidas previstas tanto na Estratexia galega de convivencia, denominada Educonvives, como no Plan de igualdade en centros educativos. Co afán de ter unha visión o máis rigorosa posible, estamos definindo os ítems que desde unha perspectiva técnica deben inserirse na nova enquisa sobre convivencia. Optamos por non precipitar a realización do marco inquérito neste curso, xa que as preguntas a realizar deben permitir unha comparación cos datos de 2015 e, ao mesmo tempo, servir como nova ferramenta de diagnose da situación da coeducación na loita contra a violencia de xénero e tamén da situación da convivencia dun modo integral.

Galicia dispón dun sistema claramente coeducativo e igualitario. Avanzamos moito, pero aínda quedan moitas cousas por facer. Sen dúbida, o desenvolvemento progresivo das oitenta e sete medidas do Plan de igualdade de centros educativos permitirá seguir dando pasos nesta liña. O alumnado e o profesorado están a reforzar a formación sobre a igualdade de homes e mulleres, e tamén sobre a necesidade de rexeitar e combater a violencia de xénero, a través de contidos transversais nos currículos de materias específicas de libre configuración, tanto para ESO como para bacharelato, do traballo por proxectos e de recursos dispoñibles no Portal de igualdade, activado neste curso 2017-2018, que se suma ao ciclo de formación profesional superior sobre a promoción da igualdade de xénero que xa se impartiu o curso pasado.

Formación profesional. Galicia ten unha formación profesional moderna e de prestixio. Realizou unha aposta decisiva polas ensinanzas de FP, relacionándoas co tecido socio-produtivo de cada zona e conseguindo que o sector empresarial as considere como unha grande oportunidade. Unha grande oportunidade tanto para contar con capital humano altamente formado como para crecer en competitividade.

Falar hoxe da FP galega significa falar dunha ensinanza moderna, dinámica, innovadora, adaptada á realidade socioeconómica e tamén como fonte de empregabilidade para os alumnos. Así o entenderon e así o entenden os preto de cincuenta e un mil matriculados no presente curso 2017-2018. Na comunidade, en Galicia, hai máis alumnos matriculados en FP que en bacharelato,

nunha relación 60-40 aproximadamente, chegándose ou achegándonos ao obxectivo que marca a Unión Europea, e na liña dos países máis avanzados de Europa, como pode ser Alemaña.

O prestixio acadado nos últimos anos pola formación profesional en Galicia fundaméntase en que estas ensinanzas acadan unha alta porcentaxe de inserción laboral, sobre a un 76,5 %, en que o alumnado está en contacto coa empresa a través da formación en centros de traballo, as denominadas FPT, e, por suposto, da formación profesional dual, e tamén no desenvolvemento do espírito emprendedor e innovador.

Asemade, a Consellería conta con diversos programas orientados a estimular o espírito emprendedor entre o alumnado. Todos eles agrúpanse no Plan de emprendemento do Sistema educativo de Galicia, o coñecido como Eduemprende. Trátase de impulsar esta cultura co fin último de mellorar a inserción laboral dos mozos e das mozas galegos e avanzar na mellora dos sectores produtivos. Neste ámbito, cómpre destacar o papel relevante que xogan os viveiros de empresa ubicados nos propios centros educativos. Viveiros de empresa que son espazos de produción de ideas e proxectos empresariais. Na actualidade, a rede de viveiros está conformada por un total de vinte e seis, e xurdiron neles xa vinte e nove empresas que están no mercado. Se a isto lle sumamos dez empresas que actualmente están aínda dentro dos viveiros, temos trinta e nove proxectos de empresa que xurdiron nos viveiros empresariais que temos dentro dos centros educativos. Co obxectivo de seguir aumentando estes espazos e promover o emprendemento e a empregabilidade do noso alumnado, este curso 2017-2018, que rematará esta semana, puxéronse en marcha sete novos viveiros.

Neste contexto de implicación co tecido socio-produtivo e de fomento do emprendemento, o pasado mes de abril, a Xunta de Galicia, xunto coa Zona Franca de Vigo, presentou o futuro Campus FP de Vigo; un proxecto pioneiro a nivel nacional, que será a mellor das pontes entre o sistema educativo e o sector industrial e tecnolóxico. Nestes intres estamos ultimando un convenio de colaboración coa Zona Franca de Vigo que entendemos de grande interese para ambas as institucións e para o conxunto do Sistema educativo de Galicia.

Por outra banda, en abril, houbo dous eventos educativos relevantes polo que supoñen de posta en valor do traballo feito pola comunidade educativa en ámbitos que entendemos que son importantes. Estou a falar da STEM-Up Galicia, a primeira feira celebrada en Galicia destas características, e na que participaron preto de tres mil alumnos e dezaoito centros, cun obxectivo: facer visibles os proxectos de ciencia e tecnoloxía, a creatividade e tamén a capacidade de innovar no ensino galego. E tamén da terceira edición do Congreso FP Innova, onde máis de oito mil persoas, entre alumnado, profesorado e empresas participantes nos proxectos —máis de quiñentas—, así como o público en xeral descubriron as potencialidades da formación profesional galega. A feira puxo en valor a innovación, a competitividade, a empregabilidade e o uso social destas ensinanzas, para dar resposta, neste caso, ás necesidades da sociedade e do tecido produtivo. Sentímonos especialmente orgullosos da participación da comunidade educativa nestes eventos, xa que demostra a potencia innovadora, tamén a motivación e a implicación do ensino non universitario en Galicia.

Modestamente, creo que se pode falar de que o modelo educativo innovador e diferenciado de Galicia se consolidou neste curso, ao tempo que tamén se garantiu a prestación dos ser-

vizos educativos complementarios de transporte e comedores escolares. Un transporte escolar totalmente gratuíto que usan sobre noventa mil alumnas e alumnos de setecentos setenta e catro centros públicos. Ademais, a Consellería asinou neste curso convenios con trece entidades para facilitar os servizos de transporte a trescentos cincuenta e cinco alumnos con necesidades educativas especiais.

Galicia é a comunidade autónoma que máis inviste, e con diferenza, neste servizo, que —como saben— este ano comezou a prestarse de xeito compartido nalgunhas rutas, e estase tamén a traballar para facer extensible esta modalidade a outros espazos. O sistema, pese algúns augurios, funcionou con normalidade, coa blindaxe da área escolar e con mínimas incidencias.

As prazas de comedor escolar medraron no curso que vai rematar mañá. No curso 2017-2018, o número de usuarios deste servizo é de 74.828, é dicir, 2.197 usuarios máis que no curso 2016-2017. Todo isto sumando os comedores xestionados directamente pola consellería, tamén polas ANPA e polos concellos.

Ademais, cumprimos coa nosa responsabilidade de facilitar instalacións adaptadas e axeitadas para atender as necesidades do conxunto das comunidades educativas. Ao respecto, creo que non é menor salientar o importante esforzo realizado na execución de obras para mellorar os centros educativos.

Antes falaba da consolidación do modelo educativo de Galicia, e, sen dúbida, os docentes galegos son axentes activos, participativos e innovadores do noso ensino. É xusto recoñecer que Galicia dispón de docentes profesionais e comprometidos, aos que lles estamos moi agradecidos pola súa entrega, pola súa motivación e polo seu esforzo. Somos conscientes de que na calidade dun sistema educativo inflúen diferentes e distintos elementos, pero o profesorado, sen dúbida, é unha das pezas fundamentais.

Desde a Consellería tomouse a decisión de impulsar medidas que posibilitan que dispoñamos de docentes con formación axeitada e actualizada para responder ás necesidades, demandas e retos que ten ante si o alumnado do século XXI. No pasado defendemos ante o Ministerio de Educación, e volverémolo reiterar ante os cambios deste departamento, que Galicia entende que é necesario articular mecanismos coordinados para prestixiar a formación dos docentes e xerar emprego público especializado de forma ordenada.

A función docente é clave. No seu futuro inmediato debemos apostar por un sistema artellado nun modelo que poderiamos denominar de «tres F», o efe da formación inicial nas facultades de Ciencias de Educación, o efe da formación para o acceso á docencia adaptada aos retos e competencias que require a escola e a sociedade global, e o efe da formación permanente, para asegurar unha actuación continua.

No marco da nosa responsabilidade xa comezamos a traballar na renovación e actualización da formación inicial do profesorado. Estámolo facendo cun grupo de traballo específico cos decanos de Ciencias da Educación do Sistema universitario de Galicia, do SUG. Tamén apostamos, e apostamos forte, pola formación permanente. Competencia esta da propia consellería, onde potenciamos a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a adquisición de

competencias científico-técnicas. A modo de exemplo, este curso, sete de cada dez centros de ensino público, un total de seiscentos oitenta e oito, desenvolveron un plan de formación permanente do profesorado, con unha ou máis liñas formativas en plans que teñen como obxectivo perfeccionar as competencias profesionais e docentes. No curso pasado tivemos un total de dúas mil oitocentas actividades de formación do profesorado, e participaron nelas máis de vinte mil profesores.

Outro asunto, relacionado co profesorado, é que nesta mesma semana, a partir do sábado, terán lugar as probas correspondentes á oferta pública de emprego, a OPE, as oposicións. Quixera resaltar que neste ano hai dúas mil cincuenta prazas convocadas, e a estas súmanselles os 4.928 postos de funcionarios sacados á oposición nunha oferta realizada desde o ano 2009. A OPE deste ano está chamada a cubrir o total da taxa de reposición das xubilacións e ademais a permitir a estabilización do emprego no sector educativo.

Con esta convocatoria cumprimos os acordos de estabilización estatal e autonómico e rebaixamos a xa reducida taxa de interinidade do ensino galego. Saiban vostedes que Galicia é a comunidade que ten a taxa máis baixa de interinos do conxunto de España, e é unha OPE que mobiliza unha inxente cantidade de recursos. Estamos a falar de cento trinta e sete tribunais, que involucran seiscentos oitenta e cinco profesores, que van ser os avaliadores, e que mobiliza sobre dezasete mil opositores.

Señorías, moito se ten falado nos últimos anos sobre a necesidade de configurar o sistema educativo do século XXI, adaptado ás novas necesidades de formación do alumnado e aos retos futuros da sociedade. No día de hoxe, a realidade é que estamos ante un novo escenario político, e todos temos a responsabilidade de acertar no impulso da calidade e a mellora do ensino do conxunto de España.

Neste curso, Galicia e outras comunidades autónomas mantivemos encontros de traballo para analizar políticas educativas, intercambiar experiencias e explorar novas vías de colaboración entre os diferentes territorios. Así aconteceu en León o 10 de xaneiro deste ano, onde nos reunimos responsables e equipos técnicos das consellerías de Galicia, Asturias e Castela e León. E outra experiencia semellante foi a realizada o pasado 13 de abril en Zaragoza, neste caso cunha xuntanza de representantes de cinco comunidades de diferentes partidos políticos, xa que ás anteriores se lles sumou Castela-A Mancha e tamén Aragón.

Temos que ver se ante uns novos tempos políticos hai espazo para a cooperación, para a reflexión sosegada e para os acordos en materia de ensino, sempre pensando no que é mellor para o alumnado e para o futuro da sociedade. Galicia manterá unha actitude responsable, achegando a nosa experiencia en aspectos nos que somos líderes, tales como poden ser a implantación no ensino dixital das competencias STEM, a aprendizaxe das linguas estranxeiras, o enfoque integral da convivencia nos centros educativos, a educación inclusiva, a cohabitación en equilibrio das linguas cooficiais, potenciando a lingua propia, ou a potenciación da formación profesional. Agardamos con interese, con moito interese, coñecer as liñas de actuación que quere impulsar o novo Ministerio de Educación e Formación Profesional, convencidos de que Galicia está no bo camiño, e poder seguir defendendo que o futuro da nosa sociedade, do noso país se xoga na educación de hoxe.

Insisto: todo o sistema educativo debe poñer no centro os seus alumnos, con proxectos innovadores e acaecidos aos tempos. E é xusto dotar o profesorado dos mecanismos necesarios ao longo da súa carreira, para asegurar o éxito dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Ao respecto, xa mencionei a necesidade de relacionar a formación inicial, o acceso á profesión docente e a formación permanente. Ao tempo que cremos fundamental vincular o número de prazas de acceso ás facultades de Ciencias da Educación no conxunto do Estado coa capacidade de absorción do sistema educativo a nivel de emprego; en liña, por certo, cos plantexamentos da Conferencia de Decanos das Universidades Españolas. E entendemos ambos neste caso que isto axudaría a elevar os estándares de prestixio e de consideración social tanto da carreira como da profesión docente.

Logo deste balance, e co risco de que soe repetido, neste momento temos que ser conscientes de que o remate dun curso implica necesariamente comezar a traballar no seguinte. E reitero —como non pode ser doutro xeito— que aspiramos a seguir xestionando a realidade que nos toca vivir con realismos. Queremos seguir consolidando as accións que están a funcionar e ao mesmo tempo impulsar outras novas. O Goberno galego reforza o seu compromiso cunha educación de calidade, dotando inicialmente de infraestruturas escolares alí onde é necesario. É dicir, planificando os investimentos, atendendo exclusivamente a criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable dos recursos públicos.

E quero deixar constancia nesta cámara, para que non haxa malos entendidos, que para o vindeiro curso 2018-2019 se executará a reorganización escolar en dous concellos: en Soutomaior, Pontevedra, e en Culleredo, A Coruña. Unha reorganización que vén determinada pola entrada en funcionamento de dous centros de nova construción: o novo CEIP en Culleredo e un IES en Soutomaior. O IES de Soutomaior escolarizará os estudantes de ESO e bacharelato, ao tempo que o actual CPI Manuel Padín se transformará nun CEIP, é dicir, só con ensinanzas de infantil e primaria, desprazándose os alumnos de secundaria ao novo IES. Durante o verán executaremos diversas obras para que os centros estean en axeitadas condicións ao comezo da actividade lectiva no período 2018-2019.

A maiores das actuacións puntuais, das implicacións proxectadas e dos novos centros que imos poñer en marcha, tamén quixera destacar as actuacións levadas a cabo ou que se van levar a cabo dentro do Plan de eficiencia enerxética. Estas supoñen unha gran transformación, con reformas integrais nos elementos construtivos principais dos centros educativos. Neste verán de 2018 imos levar a cabo intervencións deste tipo en nove centros; centros nos que pola súa antigüidade ou polas súas circunstancias vemos preciso actuar. Para o vindeiro curso, Narón, Touro, Viveiro, Lugo, Ribadavia, Xinzo, Caldas, Mos e Moraña contarán con centros educativos totalmente rehabilitados, con investimentos que oscilan, segundo cada caso, entre os catrocentos mil euros e o millón de euros.

E tamén seguiremos apostando polas bibliotecas escolares, as tecnoloxías, a convivencia e a igualdade, así como a aprendizaxe de idiomas. Liñas de acción que teñen moi boa acollida entre o alumnado e o profesorado.

Como saben, o ensino e a aprendizaxe de linguas estranxeiras é unha das liñas estratéxicas do Goberno galego, que, por certo, está a ser ben acollida, moi ben acollida —diría eu—, polos

centros e polas familias. Temos xa novos datos positivos na estratexia Edulingüe. Así, a partir da resolución provisional da convocatoria, o vindeiro curso seguirá o avance tanto cuantitativo como cualitativo dun modelo plurilingüe. Así, incorporaranse corenta e cinco novos centros plurilingües en primaria e ESO, é dicir, un 16 % máis que o actual curso 2017-2018, corenta e cinco novos centros plurilingües; cincuenta e oito novos centros en Plurinfantil, un 70 % máis dos que actualmente existen neste curso; e catro novos centros en Pluribach, onde duplicamos os catro existentes neste curso. Fáltanos, está pendente a convocatoria de formación profesional, que entendemos que se vai na liña do xa dito continuará a incrementarase a oferta neste ámbito.

Tamén seguiremos apostando pola estratexia E-dixital. Unha das novidades para o vindeiro curso será a posta en marcha do bacharelato de excedencia en Ciencias e Tecnoloxía, o denominado «STEMbach». Ofertarase por primeira vez o vindeiro curso co obxectivo de promover a vocación do alumnado pola investigación científica e tecnolóxica, a través dunha metodoloxía que facilita a súa relación co mundo universitario e vai posibilitar construír unha ponte entrambos os niveis educativos.

Outra acción STEM novidosa é a creación dos espazos Maker, lugares nos propios centros que fomentan a creatividade do alumnado baixo a máxima de aprender facendo. Trátase de espazos que conlevarán dotación de equipamento específico e unha achega económica. Neles participarán alumnos, profesores e incluso familias. Nesta primeira convocatoria búscase chegar a dez centros educativos, aos que se lles entregará o material necesario así como unha achega individual de 2.000 euros para desenvolver actividades.

Seguiremos desenvolvendo a estratexia Educonvives e o Plan de igualdade. Precisamente, onte presentamos a nova materia de libre configuración autonómica Coeducación para o século XXI, neste caso no ámbito do bacharelato. Xa temos unha para ESO: Igualdade de Xénero, que estará á disposición de ser impartida polos institutos galegos para o próximo curso 2018-2019. Como xa dixen, está dirixida aos alumnos de bacharelato. E esta nova materia, que se poderá introducir nos institutos que voluntariamente o desexen, busca revocar estereotipos de xénero interiorizados non só nos máis novos, senón tamén na sociedade en xeral.

Asemade, os centros poderán impartir unha nova materia, tamén denominada Sociedade Inclusiva, prevista para 1º ou 2º da ESO. O obxectivo desta materia, Sociedade Inclusiva, é a concienciación, é a educación social, para lograr unha sociedade plenamente inclusiva que cumpra cos principios recollidos na Declaración dos dereitos humanos e das persoas con discapacidade.

Onte presentamos a nova oferta de FP para o vindeiro curso, unha oferta de FP que responderá de novo ao reto de adaptarse progresivamente á demanda e ás necesidades da realidade socioprodutiva de Galicia.

O vindeiro curso, señorías, será o do reforzo da Formación Profesional Dual, da FP Dual, na nosa comunidade. No curso 2018-2019 ofertaranse uns 1.261 ciclos formativos, cun incremento do 1,4 % respecto do curso pasado. Esta oferta de prazas busca responder ás demandas do sectores estratéxicos para a economía galega. Así, nos sectores da madeira e do moble

e da fabricación mecánica incrementouse a oferta nun 9,7 %; en TIC, informática e comunicacións, nun 6,3 %; en hostalaría, turismo e tamén en marítimo-pesqueira, máis dun 5,6 %; e tamén en automoción, un 5,5 %.

A importancia deste aumento da oferta é maior tendo en conta que se produce fundamentalmente e principalmente na modalidade de FP Dual. En concerto, en FP Dual ofertaranse por primeira vez catro ciclos no sector da madeira e moble, con empresas líderes en Galicia dentro do sector; e tamén dous ciclos en marítimo-pesqueira. Hai tamén aumentos significativos, na FP Dual, en fabricación mecánica, de 1 a 7 ciclos; en hostalaría e turismo, onde medra a oferta un 55,5 %; en informática e comunicacións, onde se incrementa un 200 %; e tamén na automoción, nun 250 %.

Estas son só unhas pinceladas. Aínda queda tempo para definir e acabar de preparar e rematar o próximo curso 2018-2019. Farémolo con responsabilidade, e, sen dúbida, volveremos falar nos inicios de curso nesta Cámara de todo o que afecta o ensino galego.

Agardo que a pausa na actividade educativa durante o período estival nos sirva para retomar con novos ánimos, e tamén cun novo espírito de colaboración, o inicio do curso educativo 2018-2019. Entre todos, temos que manter algo fundamental, temos que manter os bos resultados en calidade e en equidade que ten o ensino público en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Empezamos coa rolda dos grupos parlamentarios. E ten a palabra, en primeiro lugar, a señora Rodil Fernández, por parte do Grupo Parlamentario do BNG.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eu creo que, despois do que vivimos onte, de termos coñecemento dun novo asasinato machista, o de Magdalena Moreira, non podiamos empezar nin enfrontar esta intervención coma se non acontecese nada, coma se fose algo normal, coma se non nos remexese por dentro, tendo en conta que estamos nunha comparecencia para falar do ensino non universitario, para abordar unha das principais ferramentas de transformación —ou polo menos con maior potencial de transformación social— do que dispón a nosa sociedade. Non é o único pero si que é un dos axentes de socialización máis potentes e máis importantes.

Nós, desde o BNG, queriamos comezar por aí, pola importancia do ensino na loita contra a violencia machista, no papel fundamental —eu case diría no papel absolutamente imprescindíbel— que ten a educación para combater eses vimbios que sosteñen o sistema patriarcal e a violencia machista, como a principal ferramenta se queremos ir deixando atrás esa normalidade coa que parece que nos levantamos cada día, coma se fose algo irremediábel, coma se fose algo contra o que non podemos actuar. E non é certo.

Eu vou empezar precisamente por aí, por esa aplicación do primeiro Plan de igualdade que se aprobou por parte da Xunta de Galiza, que atinxe á Secretaría Xeral de Igualdade e á Consellería de Educación, da que vostede encabeza o equipo de traballo.

Vostede pasou moi de puntillas. Eu entendo que as intervencións ao redor dun curso académico son amplas, atinxen e abranguen moitas cuestións. Pero si queremos centrar unha das nosas reflexións —eu diría que unha das máis importantes— precisamente nesa execución, nesa aplicación das medidas que están previstas nese primeiro Plan de igualdade. Vostede anunciaba —e ademais era unha noticia que coñeciamos onte pola tarde— que vai ofertar a Xunta de Galiza no próximo curso esa materia de libre configuración, Coeducación para o Século XXI, dirixida ao alumando de bacharelato. E nós botabamos a ollada atrás e viamos, despois de dous cursos académicos desenvolvéndose e aplicándose esa materia de igualdade en secundaria, que abrangue apenas 30 centros de 1.200 centros de ensino que hai no noso país, e que, segundo os datos da Xunta de Galiza, están matriculadas 800 estudantes no noso país. É dicir, é menos do 1 % do conxunto do alumnado que temos en Galiza. Temos menos do 3 % dos centros educativos e menos do 1 % do alumnado que estea cursando esa materia optativa; optativa para ser ofertada nos centros e optativa tamén para ser cursada polo alumando. E a nós parécenos, de verdade, que necesitamos avanzar na implicación do conxunto da Xunta de Galiza no combate frontal á violencia machista, e nomeadamente —insisto moito nisto— na Consellería de Educación. Insisto moito en que estamos diante —no caso do sistema educativo— do principal axente, do de maior poder de transformación do que dispón a sociedade se queremos verdadeiramente ir á raíz do problema; ir á raíz do problema e educar as sociedades presentes —non futuras, presentes— en valores que nada teñen a ver cos estereotipos, cos prexuízos e coa violencia que impera actualmente e que nos deixa hoxe un nome máis, ou un nome menos, pero hai cada día máis mulleres en situación de violencia machista polo simple feito de sermos mulleres.

Nós queremos que afonde máis no que é o que se está a facer desde a Consellería, no que se fixo, nomeadamente, neste curso que remata mañá na aplicación das accións que comprenden ou que compoñen ese primeiro Plan de igualdade. ¿Que hai da revisión dos materiais educativos? ¿Que hai da formación do profesorado? Vostede dixo que era parte do Plan de formación do profesorado. E queremos saber cantos cursos e cantas persoas participaron, cantos materiais educativos se revisaron, cantos encontros e foros de discusión para tecer liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade no conxunto das redes de centros educativos públicos que hai no noso país tiveron lugar e con que resultado. Queremos concreción.

É dicir, da mesma maneira que se nos ofrecen datos moi concretos, moi pormenorizados, da implantación das STEM, por exemplo, ou da aplicación e desenvolvemento dese Decreto do plurilingüismo, do que despois tamén falarei, queremos concreción, queremos datos específicos no que ten a ver coa implantación dese Plan de igualdade. ¿Canto orzamento concretamente se investiu no curso 2017-2018? ¿Que accións concretas? Porque eu insisto: parécenos ben, non está de máis, que existan novas materias de libre configuración dirixidas ao bacharelato, que exista esa materia de libre configuración no ensino secundario. Pero ¡30 centros!, ¡30 centros de 1.100 en dous cursos académicos e apenas 800 persoas estudantes de máis de 300.000 persoas que temos no ensino regrado no noso país! Parécennos datos ínfimos, ¡ínfimos! Así que queremos máis concreción e máis datos a respecto desa cuestión.

Vou abordar tamén —temos o tempo moi taxado— tres cuestións que son fundamentais.

A primeira é a da formación profesional. Ademais é unha cuestión prioritaria para o Partido Popular, é un eixo central do modelo educativo que leva defendendo. A nós parécennos ben os datos que se nos achegan cada ano de novos centros e novos ciclos. Pero o que queremos tamén é unha diagnose de cales están a ser os resultados obtidos, non só da aplicación, por exemplo, da Formación Profesional Dual, senón especificamente dunha das estratexias que sacaron desde o Partido Popular para combater o abandono temperán, o abandono educativo temperán, como foi esa Formación Profesional Básica. Levamos catro cursos desde a súa implantación e é practicamente inexistente a información que existe a respecto dos resultados obtidos coa implantación desta Formación Profesional Básica. Nós o único que temos é un estudo que desenvolveron e que se fixo público a finais do ano 2017 por investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela, que o que nos sitúa no noso país, en Galiza, é que, desde a súa implantación, case o 49 % do alumando matriculado no primeiro curso non culmina a súa formación, que abandona eses estudos de Formación Profesional Básica —que non se matricula, para entendernos—. É alumnado que desaparece entre o primeiro e o segundo curso da Formación Profesional Básica. ¿Cales son os datos que manexa a Consellería de Educación? ¿Cales son os resultados que está a dar esa Formación Profesional Básica?

¿Que resultados tamén está a dar a Formación Profesional Dual no que ten a ver co estudantado que culmina a súa formación, que obtén a súa titulación? ¿Cal é a porcentaxe de inserción laboral? ¿Que condicións de traballo teñen esas persoas que culminan a formación profesional nas súas distintas modalidades no noso país e canto tempo, por exemplo, tardan en obter o primeiro contrato de formación, canto tempo de duración ten ese contrato laboral, canto tempo tardan en conseguir inserirse no mercado de traballo e canto tempo e en que condicións se desenvolve esa contratación?

Logo hai outras dúas cuestións que tamén para nós son fundamentais. O primeiro é o plurilingüismo. Nós repetirémolo até a saciedade, e vímolo denunciando de maneira permanente desde o ano 2010 en que entra en vigor o decretazo, o Decreto do plurilingüismo. Este ano —ou este curso académico, xa que falamos en termos educativos—, este curso académico, temos enriba da mesa cal é a análise, cal é a diagnose, para ser máis exactas, non só do Consello da Cultura Galega senón da Academia a respecto das consecuencias que está a ter para a lingua propia do noso país a aplicación dese Decreto do plurilingüismo. Foi moi clara, ademais, a semana pasada neste mesmo Parlamento, na Comisión 4ª, a presidenta recén electa do Consello da Cultura. Dicía: «A mocidade quere o galego, pero pérdeo porque non está presente na educación básica, e socializan en ámbitos nos que se lles impón o castelán.»

A Academia, ademais, este curso académico, achegaba ao debate político e ao debate social un informe no que sinalaba directa e claramente que a aplicación do decretazo, do Decreto 79/2010, supuxo un retroceso na presenza da lingua galega, retrotraéndoa aos anos noventa. A aplicación do decreto supuxo un retroceso en todos os ámbitos analizados no ensino, do que falamos precisamente hoxe, que é o ensino obrigatorio, o ensino primario, o ensino secundario, tanto no uso da lingua nas aulas, o uso cos compañeiros, orais co profesorado, os usos escritos. Ese modelo plurilingüe, señor Rodríguez, do que vostede saca peito, é un dos principais causantes do retroceso vivido polo noso idioma nos últimos anos, que sitúa —e

insisto en que esta é a diagnose da propia Academia— a Galiza na situación que tiñamos nos anos noventa, hai dúas décadas. E non sabemos, ademais, con que resultado no que ten a ver coa adquisición de competencias lingüísticas nas outras linguas estranxeiras. Case imos ter que pedir seccións bilingües para o galego, para garantir a súa presenza en moitos centros de ensino no noso país.

Nós, desde o BNG, levamos demandando información de cal é o resultado que se está...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, pro favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—xa remato— a tirar a respecto da presenza da lingua propia no ensino regrado do noso país a través desa avaliación que contempla o propio decreto. E demandamos os informes, ou os resultados desa aplicación do decretazo, en virtude do artigo 9, demandámolos nesta Cámara en febreiro de 2017 e seguimos agardando por eses resultados. Non sabemos se teñen algo que esconder, cal é a realidade e que é o que pensa facer o Goberno do Partido Popular para asumir as responsabilidades que ten en materia de normalización lingüística.

Seguiremos na segunda quenda.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Señorías.

Hai preto de dous anos eu —desde o máximo respecto— dicíalle ao señor conselleiro que viña presentar algo parecido a un catálogo de Ikea respecto de todas as innovacións e modalidades educativas. Hoxe—tamén, desde logo, co mesmo respecto— case lle digo que parece que vén vostede facer un peche por inventario. Coincidindo co remate do curso, vén aquí espremernos cunha serie de cifras, unha cantidade realmente apabullante, sobre os distintos programas. Quedo cunha frase que dixo vostede dentro desta dinámica —que aplaudín, aplaudo e lle recoñezo— de rendición de contas ante o Parlamento relativa ao funcionamento do sistema educativo. Dixo que o curso se iniciara e rematara con normalidade. Sendo iso certo, tamén lle digo —como xa lle dixen noutra ocasión— que os grandes sistemas teñen grandes inercias. É moi difícil poñelos en funcionamento e é moi difícil paralos. Polo tanto, recoñecendo que, efectivamente, houbo esa normalidade, tamén é certo que forma parte dunha normalidade existente no resto do Estado en xeral, con algunha que outra incidencia, en todo caso, menor. O cal —repito— tampouco lle quita mérito ningún pero non o distingue doutras realidades educativas.

O certo é que, para o noso grupo, a acción da Consellería de Educación pode definirse en catro grandes liñas: en primeiro lugar, un certo grao de ineficiencia; outro, de improvisación; outro, de desprezo permanente polo diálogo; e, iso si, unha capacidade —non xa inusitada, porque é recorrente— de propaganda sistemática e continua da que vostedes fan alarde.

Se me permite, respecto da ineficiencia teñen vostedes unha tendencia francamente preocupante, e é deixar todos os procesos de innovación educativa, todos os experimentos, ou experimentacións —enténdaseme ben o termo «experimentos»— para última hora, para convocar os centros con moi pouco tempo e para que nos propios claustros —e é unha realidade que vostede creo que coñece ou, en todo caso, debería coñecer— se leve a cabo unha reflexión sosegada sobre as implicacións que para a vida ordinaria deses centros teñen todos eses programas. E, por algunha razón, dá un en pensar se son ocorrencias de última hora. Eu creo que non, pero —insisto— levan vostedes moito tempo na Consellería como para saber que hai programas que se deben planificar con suficiente antelación. Precisamente para que os centros educativos teñan suficiente tempo para reflexionar sobre as implicacións da participación ou non nesas innovacións.

Por outro lado, é unha constante histórica que a Consellería de Educación concentra a maior porcentaxe de queixas da cidadanía relacionadas coa Administración autonómica. O Informe do Valedor do Pobo do ano 2017 sitúa nun 20,13 % a porcentaxe, por encima —fíxese vostede— da propia Consellería de Sanidade. Francamente, creo que isto non é un motivo de orgullo para unha consellería.

Recentemente, na Comisión 4ª preguntóuselle ao secretario xeral técnico —xa que vostede fixo unha referencia expresa a este programa— sobre o equipamento relativo ao programa E-Dixgal, e resulta que vostedes entregaron a maior parte do equipamento no mes de febreiro. Considero que tamén é un problema —non exclusivo da Consellería senón do propio sistema de contratación e adquisición pública—, pero, en todo caso, é algo que é consecuencia desa improvisación á que facía referencia. Non se pode entregar equipamento á metade de curso, porque é obvio que a outra metade, a anterior á recepción dese equipamento —xa non vou falar do tempo necesario para a posta en marcha dunha forma óptima dese equipamento—, as cousas non estiveron funcionando como deberían funcionar.

Con respecto á improvisación, acaba vostede de dicir —e é certo— que anunciaron un bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía. Outra innovación de última hora —anunciárono vostedes a semana pasada— que ten como obxectivo, evidentemente, fortalecer as vocacións e a formación STEM. Cousa loable, evidentemente, cousa necesaria para adecuar o sistema educativo ás exixencias sociais do século XXI. Ata aí, de acordo. Pero, francamente, gustaríame que me explicase vostede na súa seguinte intervención como o pensan garantir, en aras desa equidade á que vostede fixo referencia en varias ocasións, para todo o alumnado de bacharelato, xa que esa materia adicional se vai cursar nun horario extraescolar e, polo tanto, fóra do transporte escolar —para que nos entendan todos—. E vou dicir uns concellos ao azar, por exemplo algún alumno dalgunha parroquia de Lalín, ou algún alumno de Trabada que vai cursar o bacharelato a Ribadeo, algún alumno de Salceda de Caselas —aos que fixemos referencia a semana pasada na Comisión de Educación—. ¿Van ter oportunidade de participar, se non teñen transporte escolar, a non ser que sexan os seus

pais —nai e pai— ou alguén que os leve aos centros para cursar esa materia adicional? Polo tanto, cremos francamente que esa equidade non queda suficientemente garantida, salvo que vostede —insisto— me poida explicar como o van levar a cabo.

Tamén en cuestión de improvisación tiveron vostedes un lamentable episodio hai dúas semanas relacionado cun colectivo, pequeno ou grande —é irrelevante se son poucos ou moitos alumnos—, e con respecto á avaliación do bacharelato para acceso á universidade; unha cuestión na que houbo un certo desencontro co Ministerio de Educación en relación coa interpretación dunha orde ministerial que —vostede sábeo coma min— regulaba o acceso de forma transitoria en tanto non se estableza unha normativa clara para o acceso á universidade. Insisto, ao final amañárono, pero eses alumnos e alumnas estiveron nunha situación de indecisión porque non sabían se se tiñan que examinar ou non de algo tan irrelevante como a proba de avaliación para acceso á universidade, a antiga selectividade. Esa é a realidade.

¿Desprezo polo diálogo? Bueno, hai moi poucas semanas neste Parlamento negouse unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista relativa a que vostedes presentaran aquí un informe sobre a avaliación da implementación do I Plan de igualdade en centros educativos —ao que fixo referencia a señora Rodil, que me precedeu—. ¿Como é posible que se negue información, que se negue a avaliación de como se está levando a cabo a implementación dun plan tan absolutamente vital para a nosa sociedade como é este I Plan de igualdade? Pois vostedes, o grupo parlamentario que sustenta o Goberno, negaron esa posibilidade —insisto— hai moi poucas semanas.

Bueno, resulta que calquera discrepancia co Goberno é simplemente perturbar o normal funcionamento do Goberno e da Comunidade Autónoma. ¡Como se lles ocorre aos grupos parlamentarios da oposición vir ao Parlamento falar de política!, cando todos sabemos que isto é un colectivo formado todo con persoas que, como mínimo, son subdirectores ou subdirectoras xerais. É dicir, isto é un órgano técnico, ¡como imos falar de política no Parlamento de Galicia! ¿Onde se viu? E esa é a realidade á que nos enfrontamos permanentemente os grupos da oposición. Non, non, é unha cuestión técnica, non é unha cuestión política.

Pero, como lle dicía, son vostedes uns auténticos fenómenos na propaganda. Sería absolutamente inabordable no tempo do que dispoñemos facer un relatorio, por moi resumido que fose, da cantidade de exposicións, encontros, xornadas, seminarios ou calquera outra modalidade de agrupación de persoas que fai a Consellería. Ata tal punto que eu estou empezando a pensar que nunca os centros educativos gozaron de menos autonomía organizativa, porque se ven metidos nunha dinámica de participación permanente para ter determinadas etiquetas de participación en eventos que lles impiden organizarse coas características propias do seu entorno, que esa é a verdadeira autonomía.

E é rara a semana na que vostede non gaba o profesorado como o verdadeiro motor da educación. De feito, fixo unha referencia expresa e bastante extensa ao profesorado en canto á formación inicial e á formación permanente. Falou da oferta pública de emprego e da redución da xa de por si —é certo— baixa taxa de interinidade que ten esta comunidade autónoma. Pero, señor conselleiro, ¿que explicación ten vostede ao feito de que sexa cada vez máis o número de profesoras e profesores que se acollen á xubilación voluntaria cando, evi-

dentemente, iso o que reflicte é que hai un grao de insatisfacción elevado e aquelas persoas que poden permitirse a xubilación fano? ¿Como é posible que se dea esa dualidade de que, por un lado, son o mellor do sistema educativo —que o son— e, por outro lado, os que poden marchen? ¿Como podemos perder ese capital humano altamente formado como son as profesoras e os profesores cun alto número de anos de servizo e, polo tanto, de docencia?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, remato, señor presidente.

Pero, mire, a realidade é que vostedes reduciron o orzamento en Educación ata tal punto que a diferenza acumulada entre o ano 2009, desde que vostedes gobernan, e a actualidade de 2018 é de 3.616 millóns de euros, contando a inflación acumulada. E iso —sábeo vostede— é nada máis e nada menos que 1,33 veces o orzamento do que vostedes dispoñen para todo o ano 2018.

Moitas grazas, señor presidente, pola súa flexibilidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Cuña Bóveda en nome do Grupo Parlamentario de En Marea.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señor Román Rodríguez.

Eu quero comezar dicindo que vostede fala de tranquilidade. Bueno, relativa. Dende logo, non parece ter oído, ou non parece ter visto, que houbo varias manifestacións do estudantado, e unha delas moi importante —xa se fixo referencia neste momento—. Unha delas foi na que os estudantes reclamaban mecanismos efectivos contra a violencia machista. Encheron as rúas, si, máis dun 80 %, pedindo un ensino democrático e feminista, e pedindo unha alternativa real á Lei Wert.

Creo que tamén é moi importante falar do rexeitamento de toda a sociedade ás probas —ás reválidas, refírome—. E foi o maior de todo o conxunto do Estado. Aí somos as primeiras e os primeiros en rexeitar unhas probas que tanto os sindicatos, ANPA, oposición e pais censuran pola presión que supoñen e tamén polo desprezo ao labor docente e á avaliación continua. Pero, ben, hai moito que dicir. Vostede vén aquí co seu guión, e é mágoa que non nolo pase antes para poder profundar en moitísimas das cuestións vitais, que o son para toda a sociedade.

Pero eu, un pouco, vou facer un xogo de imaxinación, xa que vostede falou de creatividade. Vostede, señor conselleiro, é historiador ¿verdade? *(O señor conselleiro pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Xeógrafo? Perdón, pois crin que era tamén historiador. Un lapso imper-

doable por falta de coñecemento. Desculpe, pero podo facer o xogo igualmente, creo. Imaxinemos que vostede, como conselleiro, tamén ten que aprobar as reválidas se quere revalidar o seu cargo. Mellor —como coas reválidas hai un clamor de rexeitamento— imaxinemos que está nunha proba de acceso á universidade e que ten que facer un comentario de texto de historia do mundo contemporáneo. ¿Non é certo que o noso mundo está estragado como en ningunha época precedente na democracia ou como en ningún outro país da Comunidade Económica Europea? Pode —e isto poderíaselles tamén preguntar a calquera dos deputados ou deputadas, ou a calquera dos alumnos e alumnas de bacharelato— ollar como o anxo da historia de Benjamin e ir cara ao presente ollando o pasado ou coma un cangrexo que se dirixe cara ao pasado fixando a mirada no presente. Examinemos o presente como entidade histórica. ¿Non lle parece confuso, absurdo e incomprensible? ¿Non lle obriga a aceptar unha serie de axiomas para os que non atopa analoxías nas sociedades pasadas e nos países da nosa contorna? ¿Non ve unha combinación incrible de horrores, crueldades e degradacións sen precedentes noutras épocas históricas? ¿Como se explica este mal extraordinario?

Este problema podería ser considerado baixo unha luz completamente nova partindo do presuposto de que non estamos fronte a un mal de tipo ordinario senón fronte á corrupción institucionalizada. Este limiar nace da repugnancia fronte á terrible corrupción: 28 delitos de prevaricación, 24 de cohecho, 26 de branqueo, 36 de malversación de fondos públicos, 20 contra a Facenda pública, 29 condenados. E iso que é tan só a primeira parte da Gürtel, unha investigación xudicial tan inmensa e complexa que tivo que facerse anacos nunha ducia de casos máis para que a Xustiza a puidese dixerir.

Teñen como posibilidade os alumnos e alumnas que queiran superar esta reválida a posibilidade de ler a sentenza Gürtel, pero, como ten 1.687 páxinas, soamente dúas palabras clave: corrupción institucional. Analicen os seguintes parágrafos, entre a páxina 154 e 300, da sentenza: «*Mediante el inflado de precios que se cobraban de las distintas administraciones públicas afectadas, la finalidad buscada era la obtención ilícita de importantes beneficios económicos*». ¿A custa de que? Do erario público.

Este limiar nace tamén do rexeitamento, o intolerable intento de calarnos, de non permitir que falemos de feitos probados, feitos probados e non acusacións mentireiras. A mentira ten as patas curtas —dicíannos—, pero tamén as ten moi longas cando quere disfrazarse. A mentira, como dicía Sócrates, non chega a vella; a mentira, señor conselleiro, é unha ferramenta moi utilizada aquí.

Hoxe a señora Paula Prado mentiu con respecto á nosa compañeira Paula Quinteiro, que nin está acusada nin cometeu delito ningún; non esnaquizou ningún, absolutamente ningún espello. Polo tanto, sexamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, ¿como nos poden impedir ás deputadas falar das mordedelas da corrupción? Non sei como non teñen vergonza, non sei como non teñen vergonza. Serviron directamente para pagar gastos electorais ou similares do Partido Popular, foron parar a doazóns finalistas, á chamada caixa B. Non se avergonzan de pertencer a un partido sentenciado por despregar unha artillería —artillería escatolóxica e obscena— de corrupción.

E, ademais, esta intensa relación negociada tamén chegou a outras comunidades autónomas, que seguen gobernadas polo PP. ¿Que opinión lles merece a sentenza que condena a 37 anos a Pablo Crespo, que foi secretario de Organización do PP galego?

Mefistófeles —dicía un lúcido escritor galego— parecía ter a tixola polo mango na guerra entre a corrupción e a política honesta. Hai moitas persoas que esperan que a política honesta vaia gañando, pero, se isto fose así, seguramente o xuíz que foi expulsado por abrir as primeiras dilixencias da trama nai, a Gürtel, e ordenar a historia e a escoita a Mefistófeles, estaría fóra.

Señor conselleiro, cada vez que hai corrupción, o mito de Fausto renace. A maior corrupción créase menor estabilidade.

Con respecto á súa comparecencia, dicir que hai datos recentes tamén de PISA. Vostede tennos afeitas a un triunfalismo exacerbado, hiperbólico, de que funcionamos, que temos o mellor modelo do mundo mundial. Se temos un bo modelo é grazas —iso si o recoñeceu— a un profesorado de verdade comprometido e que, a pesar dos recortes brutais, ten vocación e loita.

Eu creo que para vostede debera ser unha honra ser conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mais se puidese tomar decisións, ¿non si?, porque algunhas si que tomaron, non só acataron as que viñan do Ministerio, que agora vai mudar, e se muda terán que acatar outras, claro, tan cumpridores que son da lei. Porque seguro que vostede tirou a vida facendo o ben e foi ben mandado. Dende logo no almorzo non mollará as torradas con bágoas por pasar a lexislatura traendo e levando o que lle marcaba o ministro. Supoño que agora mudará. ¿Cal vai ser a súa postura política? Isto interésanos moito.

Tennos afeitas a escoitar datos de PISA e algúns datos de PISA que vostede utilizou gabándose de algo que, ademais, tiña máis que ver coa aplicación da LOE, tan criticada por vostedes, e non tanto coa LOMCE, que lexitima as desigualdades sociais. Non sei se o percibe. Fíxese nas últimas. Con respecto á convivencia, o alumando galego está por debaixo da media en resolución de problemas en grupo. Segundo o máis recente informe, acada a novena posición en relación con outras comunidades. A maior competencia, mellor traballo en equipo. Non vai ser o caso. O estudo analiza á súa vez a relación entre estes resultados cos obtidos en matemáticas e lectura e o nivel científico.

Vostede dá datos e resulta que hai algo que eu non quero nesta primeira parte deixar de dicir: os resultados en algo que é un signo obxectivo de como vai o noso sistema. No abandono educativo temperán, a porcentaxe de poboación de 18 a 24 anos que non completaron o nivel en secundaria, que non seguen ningún tipo de formación, resulta que vostede di que estamos no mellor do mellor. Pois xa no ano 2016 dezaoito países estaban por debaixo do 10 %, que é un obxectivo da comunidade; e a nivel europeo estabamos por debaixo de Malta, España e Romanía —xa elimino Galicia, porque está mellor que o promedio de España— e temos vinte e cinco países por debaixo. ¿Que nos di de todo isto?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Na segunda parte falarei do que agora non teño tempo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Réplica por parte do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Ah!, perdón. Perdón, pasei de renglón.

Ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil. Desculpe vostede, que ía rápido.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor conselleiro.

Eu, en primeiro lugar, quero agradecer a súa comparecencia para dar conta da realidade ou deste remate de curso, do que foi facer un balance sobre a realidade do curso que vimos de deixar atrás. E vaime permitir —eu estiven moi atento á súa comparecencia— que faga referencia a unha expresión á que vostede en moitas ocasións fixo referencia, aínda que hoxe na súa comparecencia non a mencionou, e eu voulle dicir que a verdade é que si que operou unha verdadeira revolución silenciosa no ámbito da educación en Galicia, e non hai máis que ver os discursos da oposición para ser conscientes de que se produciu esa revolución silenciosa, porque pasamos dunha visión absolutamente catastrofista —ben, é verdade que o discurso da señora Cuña merece unha mención á parte, pero farémola tamén— a recoñecer que estamos diante dun sistema que funciona, diante dun sistema que, evidentemente, como calquera outro, é mellorable e que o traballo tamén da Administración é melloralo, pero, dende logo, esa permanente visión de novela distópica que se quería trasladar do sistema educativo galego á sociedade parece que xa desapareceu dos discursos da oposición. E iso, dende logo, é un avance, e permítame dicirllo, que si que é unha verdadeira revolución silenciosa, feita en base ao traballo, feita en base á dedicación e feita en base ás políticas que se están a articular por parte do Goberno galego.

Porque dicía o señor Álvarez que había como a queixa de dicir que como se nos ocorría vir ao Parlamento falar de política. Pois imos falar de política, imos falar de política porque estamos no Parlamento, nunha Cámara de representación política, e imos falar de política. E para falar de política igual é bo recordar o que se dicía en comparecencias como esta, por exemplo o ano pasado, ou, por exemplo, a comparecencia esta a principio de curso, na que se falaba dunha auténtica afronta a catro localidades por unhas reorganizacións de centros —fagamos política, falemos diso—, se aproveitaban mobilizacións para sinalar unha visión absolutamente catastrofista da realidade do sistema galego, se dicía que se quería acabar co ensino público nas localidades do Porriño, de Outes, de Ribadavia, das Pontes... ¿Que foi diso? Pois diso foi o que

se dicía dende o Goberno e o que diciamos dende o Grupo Popular: unha burda utilización política dunha realidade dunha reorganización que atendía única e exclusivamente criterios racionais, criterios demográficos e criterios de xestión responsable dos recursos públicos. E a realidade é que, a día de hoxe, non se fala nesta Cámara de todo aquilo que tantas páxinas e páxinas permitiu escribir tanto no *Diario de Sesións* como nos medios de comunicación, porque a realidade das comunidades educativas destas localidades é a que se planteaba dende a consellería: absoluta normalidade, non hai ningún problema de convivencia entre os alumnos, *(Aplausos.)* non hai ningún problema nos centros educativos e non existe ningún problema en ningunha destas localidades en referencia co ensino público.

Polo tanto, fagamos política. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Cuña, eu vivo alí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, hai moitos, moitos. De verdade é que se queren... Ben, pode na segunda intervención subir aquí e falar diso ao mellor e despois eu tamén terei ocasión de contestar a ver se é que queren facer política con iso.

Porque mire vostede —é que como estaba fóra non quixen facer a referencia explícita ao seu discurso, pero vouna facer agora—, apéname profundamente o seu discurso, apéname profundamente o seu discurso, porque dedicou dos seus 10 minutos ao redor de 6-7 a falar de todo menos do sistema educativo e da realidade educativa en Galicia. Vostede preferiu, evidentemente, no lexítimo exercicio da súa liberdade parlamentaria, poñerse a falar da sentenza da Gürtel, deu perlas como falar de sistema político de corrupción institucional, etc., etc., intentando dalgún xeito trasladarlle a este grupo parlamentario como unha lousa, como se fosen responsables dalgunha desas cuestións das que vostede fala.

Eu entendo que vostede, como membro dunha formación política, non será responsable da actuación de compañeiros da súa formación política que teñen sentenzas firmes, por exemplo, por pederastia, agresión á Policía, malversación, tráfico de drogas, *(Murmurios.)* tráfico de armas... Entendo que vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou dicindo, estou dicindo que vostede... *(Murmurios.)* Estou dicindo... Si. Si, si, si. Estou dicindo e reitero... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio a todos, por favor. Silencio, silencio.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Estou dicindo e reitero...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...señora Cuña, para que me escoite, que entendo que vostede nin ninguén do seu grupo ten ningunha responsabilidade sobre as actuacións destas persoas compañeiras de partido condenadas por sentenza firme. Iso é o que lle estou dicindo, que nin vostede nin ninguén do seu grupo ten responsabilidades sobre as actuacións destas persoas. Non queiran imputarlle a ninguén deste grupo responsabilidades sobre as actuacións doutras. *(Aplausos.)* Sexamos serios por unha vez.

E miren, feito esta pequena paréntese, imos falar, porque eu creo que merece a pena falar da realidade do sistema educativo en Galicia, que é o que nos concita aquí hoxe. E, nese sen-

tido, eu creo que quedou moi claro que a realidade do sistema educativo galego é unha realidade que está día a día mellorando, grazas, como dicía o conselleiro, ao esforzo dos profesionais, pero, evidentemente, tamén grazas ás medidas que se están a implementar dende o Goberno galego.

E, nese sentido, eu quero poñer en valor e destacar como se está apostando pola actualización da aprendizaxe e a potenciación das linguas estranxeiras. Sinalábao o señor conselleiro. Evidentemente, señora Rodil, nós xa temos debatido sobre esta cuestión, coñecemos a súa perspectiva sobre o decreto de plurilingüismo, eu sei e todos os que estamos aquí somos conscientes de que piden permanentemente a súa derrogación, nós tamén temos unha posición moi clara ao respecto, e é a defensa dun decreto que ten garantido a día de hoxe os niveis máis altos de coñecemento e competencia de lingua galega na sociedade galega. Entón, partindo desa premisa, evidentemente, as posicións están moi claras. Vostedes queren derrogalo, nós non. Nós entendemos que contribúe ao equilibrio lingüístico e que contribúe a dotar do maior nivel de competencia e coñecemento da lingua galega para a sociedade do século XXI. E, nese sentido, entendemos que é unha política acertada.

Falábase tamén e falou o conselleiro da integración real das TIC no ensino galego. Foi unha aposta dende o primeiro momento da Consellería, unha aposta polas novas tecnoloxías, pola integración das novas tecnoloxías no sistema educativo e, en definitiva, unha aposta porque o sistema educativo dea resposta ás necesidades da sociedade actual e ás necesidades da sociedade do futuro.

En definitiva, falamos de previsión, previsión para afrontar os novos retos, os novos retos que nos trae esta nova sociedade do século XXI.

Dentro deses novos retos está tamén, evidentemente, a incidencia nas competencias científicas e nas vocacións STEM, a potenciación deste tipo de cuestións, o impulso da formación profesional.

Os datos da formación profesional eu creo que merece a pena sinalalos e telos presentes, porque falaban antes de que non se daban datos sobre algunhas cuestións. Eu creo que o da formación profesional é unha cuestión a ter en conta e a aposta decidida que está a facer este goberno pola formación profesional é de significar e de poñer en valor.

Estamos a falar, como dicía o señor conselleiro, de preto de 51.000 matriculados a día de hoxe na comunidade galega en formación profesional e, ademais, a relación e a proporción que existen no número de matriculados con respecto ao bacharelato, que estamos nese 60 % de formación profesional e 40 % de bacharelato, que nos achega aos obxectivos da Unión Europea e que nos sitúa a niveis de países, como sinalaba o conselleiro, como Alemaña; ¡oia!, ese é eu creo que un país responsable. E, neste caso, Galicia, como unidade responsable tamén, tense que ir achegando e traballar e facer un traballo político para achegarse a eses obxectivos que nos marca a Unión Europea. Nun dato fundamental, no dato de abandono escolar temperán, a Unión Europea marcábanos unha necesidade no ano 2020 de estar no umbral do 15 %, e hoxe estamos xa por debaixo, no ano 2018, estamos por debaixo dese umbral do 15 %; polo tanto, estanse a articular políticas que nos permiten converxer con aquilo

que se nos marca dende a Unión Europea, que, en definitiva, xa que ten que marcar o rumbo dos que queremos vivir en comunidade, porque ao final tamén aquí hai diferenzas: pode haber grupos políticos aos que non lles interese ou non lles guste a idea de vivir nunha sociedade comunitaria na que todos convivamos en pé de igualdade, como pode ser o ámbito da Unión Europea, que prefiran proxectos por separado. Nós, dende logo, temos claro —e sempre tivemos claro— que o contexto de Galicia é o contexto dunha comunidade autónoma dentro de España e o contexto dunha comunidade autónoma que está dentro de España, que á súa vez é un Estado que forma parte da Unión Europea e que, polo tanto, temos que aternos tamén ao que nos marcan dende estoutras instancias.

Nese sentido, falaba o señor conselleiro tamén de que estamos nun novo escenario político, se abre un escenario de futuro e se precisa colaboración de todos. Eu agradezo sinceramente tanto o discurso da voceira do BNG como o discurso do voceiro do Partido Socialista, porque, evidentemente, trasladan inquedanzas sobre a súa percepción da realidade do sistema educativo, inquedanzas nas que eu coido que sempre por parte do conselleiro se lles deu resposta a todas as cuestións que se plantexan e por parte da Consellería estase sempre, ben por vía de comparecencia, respondendo a preguntas e demais, dando cumprida información sobre a realidade do sistema educativo galego, e agardo que este ton sexa o ton que a partir de agora teñamos presente nas comparecencia en todo o que teña que ver coa educación, porque, como dicía o conselleiro, isto é unha cuestión de todos e unha cuestión para o futuro de todos.

Nese sentido, eu simplemente felicitalo por esa revolución silenciosa que está a operar no sistema educativo galego e agradecer, como dicía antes, nomeadamente, o ton do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Dicirlles que traballando man con man melloraremos a realidade do noso sistema educativo e, por extensión, melloraremos a realidade da nosa sociedade. O demais eu creo que está absolutamente fóra de debates deste tipo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Réplica do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Intentarei dar resposta ás diferentes cuestións plantexadas polos diferentes grupos; nalgunhas coinciden, co cal pois xa non repetirei cando fale de cada grupo en concreto.

Comezando polo Bloque Nacionalista Galego, vostede falou do compromiso pola igualdade entre as persoas. Eu voulle dicir unha cousa: o Partido Popular non terá máis compromiso que o BNG nas cuestións de igualdade de xénero, de dereito das persoas, de liberdade, de respecto e de tolerancia, pero tampouco ten menos, tampouco ten menos; non teremos máis pero tampouco menos. Non se pode dicir que as accións que se están levando a cabo por este partido na educación van en contra ou son contrarias ou non favorecen a igualdade de xénero.

Mire, creo que as palabras se demostran con feitos e se demostran con accións. E mire, temos o I Plan de igualdade nos centros educativos, practicamente noventa medidas, moitas delas están implementando dun xeito transversal. No sistema educativo existen múltiples contidos transversais. Existen accións dentro do Plan Proxecta en moitísimos centros educativos, que están fomentando o respecto, a tolerancia, a convivencia, a liberdade entre as persoas. Temos asignaturas específicas.

Vostede fixo un cálculo mal —debe ser de letras, coma min—. Dixo que só había trinta centros educativos en ESO, dicía que era unha porcentaxe mínima, un 2 %; ten que facer o cálculo respecto dos centros de ESO, co cal a porcentaxe dun 2 % vai subir ao 10 %. E agora vai haber tamén unha asignatura de configuración para bacharelato. Os centros teñen a posibilidade, a liberdade e a autonomía de poder escoller as súas materias de libre configuración e a Administración autonómica de poñer ao seu dispor os currículos precisos para poder facelo.

Temos tamén un ciclo de formación profesional superior orientado á formación dos técnicos de igualdade, que non o hai en todas as comunidades autónomas; é dicir, existe un traballo importantísimo no eido da promoción da igualdade de xénero.

Agora, a escola, señoría, é unha parte da sociedade. Non descarguemos esta responsabilidade só na escola. As familias, a sociedade, os medios de comunicación, moitísimos elementos que conforman a sociedade temos que traballar conxuntamente para logralo e non pensar que cunha asignatura máis ou menos se vai lograr superar esta lacra social e colectiva que temos en Galicia e en España. Non pensemos iso, porque, se pensamos iso, creo que estariamos bastante errados.

Fala vostede de formación profesional, e fala de resultados, de empregabilidade, de conexión co mundo laboral. Eu creo que xa lle demos datos. Unha media do setenta e seis e pico por cento dos alumnos de FP atopan traballo nos primeiros meses; en FP dual, practicamente o cen por cen.

E vostede cuestiona a formación profesional básica. Eu pediríalle que visitase algún centro onde se imparte e que vise algún grupo onde hai formación profesional básica, e con que só un neno ou unha nena dun grupo deses vaia para adiante o esforzo paga a pena, porque non só ten unha función socializadora, non só ten unha función educativa, ten unha función de incardinar alumnos, nenos e nenas, mozos e mozas que, se non están aí, poderían ter itinerarios vitais moi difíciles na súa vida, con características sociolóxicas, sociais, incluso persoais, moi moi difíciles, polo cal non se debería cuestionar unha estratexia educativa que ten un compoñente social fundamental. E insisto: pode vostede visitar algúns centros de formación profesional básica, falar con algún profesor e ver despois que plantexa.

Fala tamén do plurilingüismo. É sabido que o argumento do Bloque é que o decreto do plurilingüismo e o do ensino plurilingüe vai en contra do galego. Ese discurso valíalle hai uns anos, pero agora xa non lle vale. ¿Por que non lle vale? Porque os datos certifican que nunca os mozos e as mozas tiveron un maior coñecemento e destrezas no uso do galego, nunca; son as máis elevadas. Outra cousa —eu xa sei que isto pon nerviosos aos señores do Bloque— é que o usen, pero o sistema educativo ten que garantir a aprendizaxe do galego, e

garántea absolutamente, e temos o mellor nivel de coñecemento e tamén de uso nas comunidades autónomas con lingua propia. Son datos oficiais, non son datos inventados. Co cal, sobre esa obsesión que teñen vostedes, os datos deixan fóra de xogo absolutamente ese discurso, porque o sistema educativo cumpre nun equilibrio perfecto coa súa función de dotar das destrezas, das capacidades, dos coñecementos, o alumnado.

O que temos que facer, obviamente, é potenciar que se use nos contornos onde —digamos— de modo habitual non se usa. E aí estamos traballando; estamos traballando nun plan de dinamización no eido da mocidade. Pero vostedes fan un discurso moi sinxelo e moi básico: iso é así, está todo mal. Pero vostedes non teñen en conta as familias, non teñen en conta o contorno social, non teñen en conta practicamente nada, e fan unha —digamos— literalidade bastante frouxa por outra parte.

Respecto do Partido Socialista, fala o señor portavoz do catálogo Ikea. ¡Home!, eu a verdade é que eu veño aquí como representante da Consellería, dun amplo equipo tanto técnico como político, que o que queremos facer —e creo que o fixemos— é unha rendición de contas do que pasou neste curso, e fixémolo con total transparencia, ás veces con información estatística, que pode parecer aburrida, pero eu creo que é unha rendición de contas moi positiva.

E, obviamente, vostede fala dunha inercia. Mire, este Goberno comezou a traballar no ano 2009 e comezou a traballar e modificar algunhas inercias que aí si viñan dadas nos últimos anos, e estanse cambiando e mellorando ano a ano. Por exemplo, o fracaso escolar traía unha inercia moi negativa de incrementarse todos os anos ata o ano 2009 e a partir de aí lixeiramente empezou a baixar —lixeiramente o primeiro ano— e agora estamos baixando bastante forte e estamos en valores a dez puntos porcentuais dos que había no ano 2009. Claro, as inercias cambian, pero, para que as inercias se manteñan no positivo, hai detrás moito esforzo, moita planificación e moito traballo, non só do órgano político da Consellería, senón de todo o conxunto da comunidade educativa. E eu creo que iso é para estar, polo menos, certamente contentos e orgullosos desde a perspectiva integral.

E vostede plantexa catro cuestións. Fala de ineficiencia polas convocatorias. ¡Oia!, eu direille que as convocatorias que se plantexan, por exemplo, en Eurodixital ou en Eurolingüe, se fan con moitos meses de antelación para que se poidan planificar e comezar o novo curso. E, á parte, esas estratexias, coas accións que se están desenvolvendo, foron presentadas publicamente o ano pasado, e, cando as presentamos, vostedes dixeron que era propaganda cando as anunciamos, pero estanse implementando e estanse levando a cabo.

Hai unha cuestión concreta que vostede citou, que son os ordenadores novos, o equipamento novo de E-Dixgal, pero iso non é ningunha improvisación. Díxoselles aos centros educativos, a estas alturas máis ou menos de curso: miren, imos plantexar un cambio de equipamentos, de máquinas, pero imos facelo contra a fin de ano, porque hai que fabricalas. Todos os centros educativos o sabían previamente, sabían que arredor de final de ano ían ter un cambio nos seus equipamentos, e os colexios, sabéndoo, solicitárono, e deuse un salto cualitativo, autenticamente espectacular, cos novos equipamentos. Non oín nin unha soa crítica, nin unha soa crítica a ningún centro educativo onde se está implementado o novo sistema que se plantexa así.

Ben, vostede fala tamén de improvisación, e quere elevar os horarios de bach, de bacharelato, que, por certo, vostede sabe que non teñen dereito a transporte escolar, aínda que normalmente se usa, sabe que non teñen dereito aínda que se usa dentro das redes xerais, pero tamén hai outros servizos con actividades fóra do horario lectivo, os contratos programa, que non teñen ningún problema, porque se organizan dentro dos centros.

E, claro, se de algo pode estar Galicia satisfeita é de ter un sistema educativo onde hai igualdade de oportunidades con independencia do centro educativo no cal estea matriculado calquera neno ou nena. Hai unha transversalidade e unha igualdade de oportunidades entre os centros rurais e os centros urbanos para poder acceder a todos os programas. Houbo algunha dificultade, por exemplo, coa conectividade no seu momento. Hoxe xa non é así, afortunadamente.

Pero hai practicamente unha igualdade de oportunidades para todos os alumnos, e así se nos recoñece, e sitúa Galicia como un dos territorios ou como o territorio español que plantexa unha igualdade de oportunidades máis grande con independencia do territorio e incluso do grupo social a que pertence cada familia. Eu creo que iso tamén é algo que se debe pór en valor.

E diálogo. Mire, unha cousa é o debate político, que é moi positivo, onde cada un plantexa as accións, as liñas de traballo que entende positivas para lograr un obxectivo, pero estou seguro de que o PSOE, polo menos o PSOE, si comparte ter un sistema educativo bo, de calidade e equidade, pero con camiños ou con accións diferentes. E iso é bo, ese é o debate político positivo.

Outra cuestión é o uso político que ás veces se fai da educación. Iso é tremendo, e tremendamente cuestionable, e cuestionarémolo sempre. Temos visto centos de accións onde se fai un uso político partidista do conxunto do sistema educativo ou de parte do sistema educativo. E iso é o que cuestionamos, o que criticamos e no que dicimos: ¡oia!, non fagan vostedes política partidista tan clara e tan evidente co alumnado ou co profesorado. Iso é o que cuestionamos: o uso político, non o debate político nin o diálogo político, que en ningún momento entendemos que non se debe facer; ao contrario, é bo que se faga, é positivo que se faga, pero sen entrar no uso partidista.

Propaganda. Vostede di que as reunións, as actividades, os eventos, onde fundamentalmente os alumnos pois expoñen os seus proxectos, defenden os seus proxectos, por exemplo no EstimulArte ou por exemplo no FP Innova, son propaganda —deducino das súas palabras—. Pois a verdade é que nós isto entendemos que é unha acción fundamental, por dúas cuestións: para fomentar a participación dos centros, dos profesores e dos alumnos, e para tamén fomentar a motivación, porque a exposición neste caso dos proxectos por parte dos alumnos motiva claramente o alumnado, e a motivación é tamén unha gasolina moi importante para o motor educativo. E creo que iso non se debe plantexar, en ningún caso, como propaganda. ¿Que se e é un aspecto positivo, que fala ben dun sistema educativo? Si, porque fala de alumnos motivados, de profesores motivados, de traballo por proxecto, de iniciativas, de innovación. Pero iso é unha cuestión e outra cuestión é dicir que se fai puramente propaganda.

Outra cuestión que vostede plantexa é a xubilación dos profesores. Todos os anos, nos últimos anos, se levan xubilado novecentos mil, aproximadamente —oitocentos e moito, no-

vecentos mil—, exercendo un dereito. E de aí vostede intenta facer un axioma: como hai xubilacións anticipadas, o profesorado non está motivado. Eu voulle dicir: hai moitos profesores que se teñen que xubilar coa idade regulamentaria —para entendernos— e cústalles marchar, moitos, ¡eh!, e poderiamos falar dalgún exemplo moi significativo no sistema educativo galego. Creo que non se pode establecer unha correlación nese ámbito.

E ben, despois, se se me permite, caeu na súa propia trampa argumental. E a súa propia trampa argumental é dicir que máis recursos é igual a mellores resultados. Se algo nos ten demostrado a crise económica neses últimos anos é que non é tantos recursos que se teñen para un servizo público, senón o uso que se fai deses recursos dentro do servizo público. Por exemplo, o País Vasco ten o investimento por alumno máis alto de España e leva varios anos sucesivos reducindo o seu nivel de calidade e de resultados nos informes PISA, por exemplo. E poderiamos falar de moitísimos exemplos. Ese axioma é un axioma absolutamente perverso, porque nós tamén demostramos en Galicia que, tendo menos recursos que cando os xestionou o Partido Socialista, no momento do Bipartito, tivemos mellores resultados, tanto en calidade como en equidade. Co cal, se se me permite, caeu vostede na súa propia trampa.

E, señora Cuña, vostede pediume —supoño que retoricamente— que lle pasara o texto da miña intervención antes de facela. E vouno pensar. ¿E sabe por que o vou pensar? Porque, se llo paso, ao mellor vostede fala ao caso e sabe de que se vén falar aquí, porque vostede veu falar aquí de todo menos de educación. Falou da Gürtel e falou da LOMCE, e *se acabó*; da LOMCE xa porque é un discurso xa caduco, por certo. É dicir, eu creo que a próxima vez haberá que darlle a vostede o discurso para que polo menos se centre no que se ten que centrar, *(Aplausos.)* porque, se non, non sabemos a verdade de que estamos a falar.

E claro, se vostede entende que o principal problema do sistema educativo galego é que os alumnos galegos non len a sentenza da Gürtel, eu creo que imos ben; é un bo indicador. Creo que en Galicia o sistema educativo galego vai ben, creo que é un gran logro pola súa parte facerlle ler sentenzas. E claro, eu non sei vostede de que partido é, non o sei, e ao mellor aínda que llo pregunte éme difícil sabelo, porque, entre esa marejada, non sei de que partido é. *(Murmurios.)* Pero mire, hai algunhas persoas que cometen e fan o que fan, pero por iso non se pode facer unha xeneralización, porque, se non, vostede, cando lla fan a vostede, enfádase, e eu creo que iso non ten sentido, non ten sentido, iso non ten ningún sentido. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Voulle contar unha anécdota. Mire, nun momento un cidadán, un veciño meu, vendeulle unha máquina a un veciño, e a esoutro veciño estropeóuselle a máquina, e foi a onde o que lla vendeu e colleu unha especie de latiguillo da máquina, soprou e volveuno poñer e funcionaba a máquina; e cobroulle —imaxine— 25 pesetas; e o usuario inicial cabreouse: ¿como me cobras 25 pesetas por soprar? E díxolle: non é o mesmo soprar que saber soprar.

E vostedes non saben soprar, *(Murmurios.)* porque realmente veñen aquí plantexar e defender un discurso político que non ten ningún sentido. Nun debate de balance de educación que vostede fale máis do 50 % na súa intervención da sentenza da Gürtel non ten ningún sentido,

porque a desprestixia a vostede como portavoz, a desprestixia absolutamente como portavoz, porque parece que non ten interese ou non ten destrezas para falar do que vimos falar aquí, que é de educación, de plurilingüismo, vimos falar de FP, vimos falar do uso do galego na escola, vimos falar de moitas cousas, e vostede fálanos da Gürtel. Ben, pois siga falando; se é o seu discurso e lle parece ben, pois todos de acordo, todos de acordo. *(Murmurios.)*

E mire, unha cuestión da súa intervención que tampouco quixera deixar pasar por alto. Fálanos vostede aquí de se imos cumprir a lei. Non o dubide, non o dubide. Eu tamén llelo pediría a vostedes, en moitas ocasións, cando incitan ao non cumprimento da lei, por exemplo cando incitan ao non cumprimento das avaliacións de diagnóstico. ¡Vale! Nós imos cumprir a lei. Defenderemos, onde temos que defender, as nosas propostas políticas, sen dúbida, non o dubide. ¿Por que? Porque entendemos que son boas. ¿E por que? Porque teñen bos resultados. ¿Onde? No sistema educativo, tanto na calidade como na equidade. Pero non entenda ou non pense que esta formación política ou este goberno dalgún xeito vai desprezar a lei, como si fan algúns cando non lles convén.

E mire —xa para rematar—, nós si pensamos que temos un bo sistema educativo, si o pensamos, que se avanzou moito, que queda moito por facer, pero si o pensamos, e non temos ningún complexo en admitilo publicamente, que temos un sistema educativo que tanto en calidade como en equidade mellorou notablemente.

Vostede dixo un dato do abandono escolar, e mestura. E por iso digo que se se dera máis a cuestións educativas e menos a cuestións doutro tipo, pois daríase conta de que se equivocou. Vostede falou aquí duns datos xenéricos de abandono escolar, pero utilizou os de España, non utilizou os galegos. Vostede di que temos máis que Romanía. España, si. Pero tamén vostede ten que ver as comunidades autónomas, e, cando vexa as comunidades autónomas, verá o diferencial que existe, por exemplo, entre Galicia con outras comunidades autónomas onde goberna historicamente a esquerda e onde vostedes son socios ou partícipes directos. E compare a ver onde hai máis fracaso escolar: onde gobernan vostedes ou onde leva gobernando, por exemplo en Galicia, o Partido Popular dende hai tantos anos, cunha inercia de redución progresiva dende o ano 2009 ata hoxe.

Co cal, creo que colectivamente nós así o estamos, e eu estouno persoalmente, tanto na faceta persoal como na institucional, estou orgulloso, estamos orgullosos do bo sistema educativo galego, e iso non é vir presumir aquí. Non é iso. Iso é dar un recoñecemento explícito e claro ao conxunto da sociedade galega, a través desta Cámara, do traballo que nos últimos anos fan profesores, inspectores, forzas sindicais, familias, tamén a Administración, e que facemos todos para mellorar colectivamente algo que é fundamental para o futuro do país como é a educación.

Creo que, no afán de facer crítica política, deslizan algunhas cuestións e algunhas críticas cara ao sistema educativo que non as merece en ningún momento, e todos —insisto— deberiamos estar orgullosos e satisfeitos dalgunhas dinámicas que ten o sistema educativo galego, porque son boas para o país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu no Grupo Parlamentario Popular non vou investir máis de media milésima de segundo, señor Fernández Gil, porque traía un discurso tan enlatado, tan enlatado, tan prefabricado que fixo oposición da oposición, e, ademais, en 2017. Pasou un ano, estamos nun debate, eu pediríalle se pode centrarse polo menos naquelas cuestións das que falamos, se quere falar diso; ou fale doutra cousa, *(Aplausos.)* pero, de verdade, evolucione, evolucione, porque estamos no ano 2018.

Nós formulamos cuestións moi concretas, cuestións moi específicas, tendo en conta que o tempo é moi limitado. Non se nos contestou a ningunha delas, porque a min moitos datos en conxunto, moitas medidas transversais, non son datos concretos. Nin unha resposta ao que eu lle preguntaba.

Eu pregunteille: ¿canto orzamento se dirixiu ao desenvolvemento e á aplicación do I Plan de igualdade? ¿Canto orzamento no curso 2017-2018? ¿Que medidas concretas? ¿Cantos cursos de formación dirixidos ao profesorado? ¿Canto profesorado participou neses cursos de formación? ¿Con que temáticas? ¿Cantos materiais didácticos e educativos se veñen revisando e adaptando para a introdución da perspectiva de xénero? Medidas concretas.

Eu non falei de se é moito ou se é pouco. Eu o que teño que avaliar son as políticas que vostedes desenvolven. É parte da función de control que temos as forzas da oposición. Eu creo que *excusatio non petita, accusatio manifesta*, pero cadaquén fai o que quere na súa quenda de réplica.

Nós o que queremos é que responda, se ten a ben, nesa vontade de avaliación, se lle parece que trinta centros e oitocentos estudantes no conxunto dos centros e estudantado do noso país cunha materia de libre configuración, polo tanto optativa tamén para o conxunto do estudantado, vai ser a medida estrela, como parece que vostedes pretenden presentar, para combater os vimbios —insisto— nestas cuestións que sosteñen unha sociedade patriarcal e machista.

Nós o que queremos é ver, polo menos, unha terceira parte da implicación e da obsesión que vostedes teñen con outras cuestións no desenvolvemento dese I Plan de igualdade e das accións concretas que nel se recollen. Porque non o vemos. Nós o que vemos é que recae todo no grao de voluntariedade que teña o profesorado, no grao de sensibilidade e de implicación que teña o profesorado, e as cousas non deben recaer no voluntarismo individual de cada persoa. Debe haber unha planificación estratéxica por parte do Goberno galego. E esta debería ser unha cuestión central, unha cuestión central se queremos comezar a traballar nunha sociedade equitativa e xusta, que garanta e respecte os dereitos humanos para a metade da poboación, que somos as mulleres, e que, como vemos cada día, non están nin respectados nin garantidos.

Vólvolle deixar esas preguntas que fixen na miña primeira intervención, e que fixen a respecto da formación profesional. Eu sei perfectamente cal é a situación das persoas que están na formación profesional básica. Por iso lle preguntamos aquí, por iso lle preguntamos aquí cales son os resultados. E vostede volveu non dicilo. Eu creo que non é tan complexo, é que teñen que telos: matricúlanse dun ano para outro «x» número de estudantes, ¿cantos entran en primeiro e se matriculan no segundo curso?, ¿cantos saen co certificado e coa titulación e cantos se incorporan ao mercado de traballo e en que condicións? Porque, supostamente, o obxectivo da formación profesional básica foi combater o abandono escolar. Queremos precisamente saber cales son as condicións nas que se incorporan ao mercado de traballo e á sociedade as persoas que están matriculadas na formación profesional básica. Diagnose, avaliación do que se está facendo.

A min paréceme ben que veñan aquí e que nos digan o que van facer, pero queremos que se bote a ollada atrás desde unha perspectiva analítica, que avaliemos cales son os resultados, porque será a maneira de introducir os mecanismos correctores que correspondan, no caso de ser necesario.

E o mesmo no plurilingüismo. Que me desprece a min éme igual, que desprece o Bloque Nacionalista Galego tamén nos é igual. Agora, eu creo que lle lin as declaracións da presidenta do Consello da Cultura e o informe da Academia, que son institucións estatutarias, ¡que se ría e lles tome o pelo a eles! De verdade, pretenden que vivamos nunha realidade paralela. *(Aplausos.)*

Se os datos son tan bos, eu non sei por que desde o BNG levamos dezaseis meses, ¡dezaseis meses!, esperando por eses datos. Se hai unha avaliación cada vez que remata un curso escolar, vostedes terán un informe, que non será tan complexo que entre polas portas desta Cámara.

E eu insisto: que non, que non se garante, non se garante nin se cumpre coa obriga e o mandato legal que ten o Goberno galego non só de que adquiran competencias lingüísticas en galego, senón de avanzar no proceso de normalización de usos, precisamente no ano, por certo, en que se cumpren trinta e cinco da aprobación, por unanimidade, da Lei de normalización lingüística.

E unha última cuestión —remata o tempo—, porque vostede fixo moita énfase na súa primeira intervención, moita, no papel que cumpre o profesorado deste país. Eu tamén quero sumarme ao agradecemento do Bloque Nacionalista Galego ao esforzo. Pero as cousas non poden ser así. Non pode recaer na voluntariedade, no sobreesforzo do persoal docente garantir un ensino equitativo, un ensino inclusivo e un ensino de calidade. Hai unha mesa sectorial de negociación das condicións laborais do persoal docente. Vostedes quixeron limitar absolutamente e reducir á mínima expresión e só ao ámbito salarial, excluíndo do debate cuestións que para nós están absoluta e estreitamente ligadas á calidade do ensino e a mellorar as condicións nas que se presta un servizo público que é fundamental.

Seguimos defendendo: hai que reducir as ratios, hai que recuperar o horario lectivo —que vostedes modificaron durante a crise económica—, hai que procurar reforzar non, senón

garantir o persoal de necesidades educativas especiais para atender e cubrir o conxunto das necesidades do alumando. Dereitos laborais, en definitiva...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...que vostedes exclúen do debate e que están —e insisto moito nisto— estreitamente ligados coa prestación dun servizo de calidade e, por suposto, equitativo, que verdadeiramente sirva para facer avanzar o conxunto da sociedade galega.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Permítame, en primeiro lugar, facer un agradecemento expreso á figura do señor presidente polo apantallamento solar que desfrutamos, que é acorde coa preocupación polas lesións cutáneas que nos ten trasladado no último pleno. Agradecémoslle particularmente desde aquela sección da bancada que nos puxera nunha zona de sombra.

O señor PRESIDENTE: Mañá veñen os do melanoma. Tamén lles recomendo a todos que mañá vaiamos precisamente contra os efectos nocivos do sol. Hai un recoñecemento. Mañá teñen todos á súa disposición iso. Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas.

Señor Fernández Gil, soamente un par de observacións. Aínda que a señora Rodil fixo referencia —acertada— a que estabamos a falar do curso que remata, non do curso pasado, si que me vai permitir dicirlle que a oposición está conformada —como vostedes saben perfectamente, e vostede en concreto— por 34 deputadas e deputados. Creo recordar —e vostede tamén— que as mobilizacións da cidadanía de Ribadavia, As Pontes, Serra de Outes e O Porriño foron protagonizadas por miles de mulleres e homes, miles de nais e pais, aos que vostede acaba de elevar á categoría de «borregos», posto que se deixaron manipular por 34 persoas nada máis.

E vaime permitir tamén —e dígollo con todo respecto— que, sendo vostede un bo parlamentario, un gran parlamentario, caeu vostede nunha baixeza sen parangón —e defenderase no seu momento a señora Cuña—. Pero mire, falar de pederastia, falar de tráfico de armas, falar de tráfico de drogas non é algo que se improvisa. Eu, desde logo, sería incapaz de dicir que persoas do Partido Popular, do Partido Socialista, de En Marea, do Bloque, de calquera formación política, están implicadas en delitos deste tipo. Vostede, polo que se ve, unha de dúas: ou teno moi interiorizado ou tíñao preparado, *(Aplausos.)* e iso é unha baixeza difícil de igualar. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Indo á intervención do señor conselleiro, vaime permitir... *(Aplausos.)* ¡Que alguén pare, coño!... *(Risos.)* Rajoy *dixit*. Tampouco supoño que iso se me impedirá no Parlamento, ¿non? *(Murmurios.)*

Mire, señor conselleiro, falou vostede de inercias. Non imos definir aquí a inercia desde o punto de vista físico. Pero falou vostede de algo que non é responsabilidade da súa acción de goberno, do Partido Popular en concreto, porque naquel momento vostede non era o conselleiro do ramo. Falou vostede de que hai un fracaso escolar que iniciou unha tendencia de redución a partir do ano 2009. Pero esquece vostede dúas cousas: a primeira delas é que esa redución se produciu en todo o Estado, non só en Galicia; e, en segundo lugar, que ten unha vinculación absolutamente directa co feito de que, non existindo demanda suficiente no mercado laboral, hai un retorno ao sistema educativo para prepararse. ¡Diga toda a verdade! ¡Non pasa nada! Non é mérito exclusivamente do Partido Popular.

Con respecto a E-Dixgal, non vou falar de ningún centro en concreto, pero como, ao igual estou seguro de que vostede, teño contacto con persoas que traballan todos os días no sistema educativo, non é certo que souberan que ían ter un atraso importante na dotación dos equipamentos de E-Dixgal; non é certo. Ademais, esta mesma semana producíronse en moitos centros claustros nos que a desinformación sobre as implicacións do programa era o elemento dominante, non sabían de que ían a metade das cousas.

Do bacharelato de excelencia non me contestou vostede. Dixo unha obviedade que sabemos todos, ou polo menos unha parte das deputadas e deputados que estamos aquí que nos dedicamos directamente á docencia. ¡Claro que o alumnado de bacharelato é de ensino postobrigatorio e non ten transporte escolar gratuíto!, pero, de feito, teno, igual que o alumnado de formación profesional. Polo tanto, iso non é un argumento: como non é obrigatorio, non pasa nada se non se lle pon. Non. Quebra o principio de igualdade, porque vai haber alumnos que non van poder cursar esa asignatura adicional do bacharelato de excelencia porque non teñen transporte escolar. Esa é a realidade.

Falaba vostede de que non é propaganda, que é motivación. Ben, iso non é gasolina precisamente para o sector docente, máis ben é gasolina para o Goberno.

A xubilación anticipada —vou moi rápido, vaime permitir o señor presidente medio minuto máis— non é un axioma que inventara este deputado, é un indicador que utilizan as organizacións sectoriais de docentes. A realidade é que se xubilan porque hai un elevado grao de insatisfacción.

E, para rematar, falaba vostede de que caera na miña propia trampa. Mire, non é certo. Vostede di que máis recursos non son mellores resultados, porque vostedes demostran o contrario. Pero é que vostedes o que fixeron é dotar de máis recursos; de feito, o sistema educativo ten menos recursos de dereito. ¿Por que? Porque lle incrementaron o horario ao profesorado e fixeron algo que non estaba na normativa, que é que os alumnos repetidores non computasen para efectos de determinación de ratio, pasando a formar parte dunha sorte de éter educativo.

E, para rematar, xa que vostede comentou o chascarrillo do latiguillo e saber onde soprar ou como soprar, vaime permitir tamén que faga un pequeno chascarrillo aplicable totalmente á súa tecnoloxía de cómputo de recursos. E é que se dicía que, en época de Franco, como non se podía subir o prezo do quilo de pan, baixouse o quilo a 800 gramos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, supoño que é lóxico que non lle agrade que eu fale de corrupción institucional, pero son feitos. Non é algo pasado, é algo que está a pasar e que faltan moitas cousas por pasar. Non é o mesmo a corrupción institucional dun partido que se financia ilegalmente con cartos de todos que casos illados, que eu lle xuro que descoñezo. Eu son de En Marea, ¡parece mentira!, levamos case dous anos e hai moitos deputados que aínda non saben como nos chamamos, ¡é incrible! Outro suspenso en calquera reválida, de verdade.

E, despois, vostede puxo o exemplo dunha máquina; eu imaxino que pensaría nunha lavadora, porque teñen moito que lavar. E das outras acusacións eu procurarei informarme ben. Non acredito que sexan do noso grupo político neste momento. E, se o son, teñen que demostralo, porque isto son acusacións moi graves.

Vou falar de ensino. ¡Claro que falei de ensino no 100 % da miña exposición! Claro que é falar de ensino poñer como exemplo un comentario de texto que podería ser calquera, o que pasa é que, iso, a mentira non chega a vella, señor conselleiro.

Vostede fala de igualdade, moi ben, imos falar de igualdade. Eliminan a preferencia en educación en igualdade para financiar colexios concertados. Blindaron as subvencións a centros educativos que segregan por sexos. ¡Vaia igualdade! Os 58 concertos asinados pola Xunta que segregan nenos e nenas esténdense ademais ata o 31 de agosto de 2023; aínda que cambie a lei, dá igual, están blindados; iso si que o blindan. Ecuanimidade e igualdade. ¡Incrible! Non ten credibilidade.

Coa lei anterior a igualdade era un criterio para asignar concertos. Incrementárono. ¿Saben canto? —xa que vostede non dá datos—. ¿Sabe canto incrementaron dende o 2009 as axudas e concertos? O 72,5 %. ¡É incrible! Díganos vostede, por favor, por que a Consellería de Educación é a terceira en orzamentos de todas as consellerías. Explíquenos canto invisten en proporción con outros países, como, por exemplo, Portugal. Portugal adicouse —o que temos pretiño, é un país de moi preto— a subvencionar sobre todo a pública e a reducir a privada. Pero vostedes teñen unha voracidade privatizadora extraordinaria. Claro que é un modelo, ese si que para nós é un modelo caduco. E caduco estará vostede se pretende insultarme a min dicindo que estou desfasada, ¡pois non me fale en pesetas, por favor!

¿De que política de igualdade e de que ensino fala?

O decretazo. O decretazo non é algo que preocupe soamente ao Bloque Nacionalista Galego, é algo que preocupa a toda a sociedade galega. E voulle dicir varias frases de xente moi autorizada: non hai por onde collelo, é rancio, é unha vil desfeita, nin atenden os ditames da Academia nin do Consello da Cultura, vergoña, incoherencia... Son opinións autorizadas. Aberración, retroceso que contravén a necesaria protección da lingua propia establecida na

Lei de normalización lingüística de 1983. ¡Cumpran a lei! Di que cumpren a lei, ¡pois cumpran a Lei de normalización! Humillante proxecto, ameaza á liberdade, intento de desconectar a necesidade, retroceso, cohesión versus confrontación, contra a lingua...

E hai que dicir un dato: finais do século XIX, 90 % de falantes galegos monolingües nesta comunidade. Neste momento a lingua galega é a única que perde falantes en todo o Estado, e isto ten que ver cos seus recortes.

Ben, hai moito que quero dicir e teño pouco tempo.

E non é porque non quixese falar de educación, son pedagoga, levo corenta anos no ensino e creo que teño avalada a miña intervención aquí. E as descualificacións a quen descualifican é a vostedes. Dean datos e verá que para o abandono temperán e o absentismo soamente se utilizaron medidas en 31 centros; isto está na súa páxina; 31 centros quere dicir que 1.069 centros de Galicia non tiveron isto, e está na súa páxina... *(Pronúncianse palabras que non se perciben)* ¡Mírea!

Formación profesional básica, que vaiamos. Sabemos o que é a formación profesional básica, un parche para maquillar —titúlanse pero non teñen mellor formación— os datos do fracaso. Efectivamente, é un fracaso absoluto. Fale cos profesores, escoite os profesores, escoite a comunidade educativa, porque creo que lle falta a vostede ir ás aulas.

Para rematar, sempre nos anuncian medidas para próximos cursos. Dígame, por favor. Falou de reorganización de centros. Tamén podía falar de Ponte Caldelas, que está queixándose tamén dos recortes. Suprimen centros. E non é verdade que haxa bos orzamentos para comedores. E o transporte escolar está marcando mesmo xornadas continuadas; hai xente, colexios que están reclamando xornada continuada e quen marca son os transportistas; ¿isto que é?

Dígame, por favor. Falou de dous centros: Soutomaior e Culleredo, como centros que se ían reorganizar. Por lei teñen prioridade os centros adscritos para matricularse no curso seguinte. Pregunto: ¿permitirá a escolarización de 12 alumnos de Culleredo procedentes de centros adscritos, do Sofía Casanova e do Isaac Díaz Pardo, no IES Rego de Trabe? E pregunto tamén: ¿van crear o mapa de zonificación?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: Tería moitas máis preguntas, pero creo que me excedo no tempo.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Bo día de novo a todos e a todas.

Ben, señora Rodil, vostede iniciaba a súa intervención dicindo ou facendo unha referencia ao que eu falaba antes na miña intervención, dicindo que traía un discurso enlatado, un discurso prefabricado, ancorado no pasado. Só lle faltou engadir que era un discurso que soaba como o do BNG; entón, xa quedaría o tema perfecto. Prefabricado e enlatado, igual que o do BNG. *(Aplausos.)*

Mire, á cuestión. Eu sei que para vostedes é difícil comprender que nun discurso político exista coherencia. ¡Sei que é complexo, sei que é unha cuestión complexa! Pero é que, cando eu fago unha referencia aos debates que nesta Cámara se suscitaban no pasado, é porque este grupo político e este goberno manteñen coherencia no discurso que tiñan no pasado, no discurso do presente e que ademais será o seu discurso político do futuro, porque somos unha forza política que se caracteriza pola coherencia. Por certo, un grande exemplo de coherencia política lle deron onte, o máximo responsable do Goberno galego deu un grande exemplo do que é a coherencia en política onte. *(Aplausos.)*

Mire, señor Álvarez, eu non mencionei a palabra «borrego» na miña intervención, pero vostede si. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Veu, dalgún xeito, insinuar, dicir como que tratabamos a xente que se mobilizou daquela ou que pretendiamos tratala como borregos. Mire, non, evidentemente non. Ademais, xa lle digo: no caso concreto de Ribadavia —que me afecta— son en moitos casos os que se mobilizaron no seu día veciños, probablemente, e eu asegúrolle que lles teño o máximo respecto. ¿Pero sabe cal foi a diferenza entre as forzas políticas deste lado do arco parlamentario e esta forza política? Houbo unha diferenza fundamental: que mentres esta forza política se dedicou nesas localidades a informar e a tranquilizar a comunidade educativa, vostedes dedicáronse a desinformar e a confundir para xerar máis problemas nesa comunidade educativa. Esa é a diferenza de actuación, que, por certo, remite unha vez máis ao que é a coherencia. Nós sempre actuamos con coherencia e o noso labor como representantes públicos é informar e tranquilizar a sociedade.

E dígolle máis: é que ao final o seu argumento, se vostede nos di que nós queremos tratar como borregos aqueles que entendemos que se mobilizaron porque non pensaban como nós, por dicilo dalgún xeito, que vén ser o argumento que vostede utilizou —vostede díxoo, está recollido perfectamente—, eu simplemente quero estirar o seu argumento —vaime entender perfectamente— ata o punto de que, se entendemos que o que vostede dixo é certo, eu tamén podo entender que vostedes consideran que todos aqueles, unha maioría amplísima en Galicia, que dan o seu apoio electoral ao Partido Popular son borregos, porque non fan o que vostedes ou non defenden o que vostedes din.

Mire, eses argumentos eu sei que vostede non o pensa, eu sei que vostede non o pensa, e por iso me molesta dalgún modo que utilicen eses argumentos demagóxicos que sabemos todos que non conducen a ningunha parte. Falemos do que estamos falando, falemos de educación.

E despois vostede facíame unha referencia tamén á baixeza no meu discurso. Non, non, mire, vólvolle dicir o mesmo: coherencia, coherencia. O que eu dicía anteriormente é que, do mesmo

xeito que eu considero que ningunha persoa deste lado do arco parlamentario é responsable de actos delituosos que cometan outros, o mesmo considero que nestes grupos non son responsables dos actos delituosos que cometan outros. Iso é absoluta coherencia. E por iso, se vostede o entende como baixeza, alá vostede, pero eu xa lle digo: absoluta coherencia.

Mire, señora Cuña, vostede criticou o tema de concertos educativos. Este tamén é un debate reiterado nesta Cámara. Nós dende logo temos moi claro que un dos piares fundamentais do sistema educativo é a liberdade de ensinanza, e defenderémola sempre en todo momento, e para garantir a liberdade hai que ter unha oferta educativa diversa. Esa é a única fórmula de garantir a liberdade: hai que ter unha oferta educativa diversa. Pero vostede fala de igualdade e de equidade.

Mire, voulle dar dous datos, porque o criticaban veladamente tamén nas súas intervencións. Equidade e inclusión é garantir un transporte escolar gratuíto para preto de 90.000 alumnos e alumnas e asinar, ademais, convenios con entidades para facilitar o servizo de transporte a alumnos e alumnas con necesidades educativas específicas. Iso é traballar a prol da equidade e da igualdade no sistema educativo. Porque vostede sabe que non hai maior equidade no sistema educativo que garantir a todo o mundo as mesmas posibilidades, por exemplo a través do transporte público.

Equidade e inclusión —e témolo debatido en moitas ocasións tamén— é prestar outros servizos complementarios, como o servizo de comedores, que vostedes reiteradamente teñen presentado iniciativas buscando a súa universalidade e nós defendemos un criterio baseado no pago por renda familiar, porque xa o teño dito noutras ocasións nesta Cámara: parece mentira que teñamos que falarlles aos partidos de esquerda de en que consiste a redistribución: a redistribución consiste en que quen ten capacidade económica para sustentar o servizo lles facilite aos demais a posibilidade de gozar del, e a Administración ten que facilitarlles aos demais a posibilidade de gozar dun servizo gratuíto. Esa é a realidade e como nós entendemos a redistribución.

En definitiva —e xa remato, presidente—, a cuestión que nos suscitaba hoxe aquí era a realidade do sistema educativo galego. Quedou perfectamente claro, á luz da comparecencia do conselleiro, que o sistema educativo galego é un sistema que está ben asentado no presente e con moita proxección para o futuro, que dá resposta ás necesidades da nosa sociedade, que evidentemente ten que seguir o camiño de mellora no que está encauzado nestes últimos anos, e para iso animámolo, señor conselleiro, a continuar desenrolando estas políticas que teñen dado bos resultados, que evidentemente hai cuestións que hai que mellorar e que nós sabemos e somos conscientes do compromiso claro do Goberno galego por melloralas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Peche da comparecencia, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que ás veces teñen que poñerse de acordo entre vostedes, porque cando aportamos datos concretos e específicos o portavoz do Partido Socialista dinos que este é o catálogo de Ikea e despois, como non aportamos os datos que quere oír, a portavoz do Bloque dinos que non damos datos concretos. Ou facemos unha cousa ou facemos outra, pero aos dous non os podemos contentar, vai ser moi difícil. E, ademais, no caso concreto das preguntas que nos fixo a señora Rodil, eu diríalle que a resposta vostede a ten, porque foron datos postos encima da mesa na Comisión 4ª; os datos que vostede demanda escoitáronse na Comisión 4ª. Co cal, realmente, non ten moito sentido esa reiteración constante.

E volvo ao que lle dixen ao principio. Mire, o Partido Popular ten, polo menos, a mesma, non digo que teña máis, pero polo menos a mesma sensibilidade co que é a igualdade de xénero, a igualdade do dereito das persoas, a liberdade, o respecto, a tolerancia, que son valores que compartimos. E non pense vostede que ten máis ca nós, non o pense, porque se equivocaría. Temos exactamente os mesmos valores e, polo menos, no ámbito da igualdade de xénero o temos demostrado, como xa dixen, con feitos.

A verdade é que dixo vostede que eu me rira na miña intervención. Eu en ningún momento o fixen nin quixen facelo e non lle tomei o pelo a ninguén. Vostede pon encima da mesa uns datos, uns argumentos, eu rebátollos, pode gustarlle ou non gustarlle, pero, en todo caso, non pode dicir que eu fago ou que lle tomo o pelo a ninguén ou que me río de ninguén, en ningún momento. Eu iso non llo podo aceptar; entenderá que non llo podo de ningún xeito aceptar.

Respecto ao Partido Socialista, seguimos falando, seguiu falando do fracaso escolar. ¡Home!, claro que baixou en todas, pero tamén é certo que co Partido Socialista no sistema educativo galego subiu máis ca nunca e co Partido Popular fomos capaces de reducilo progresivamente en 10 puntos porcentuais. Vostedes colleron un fracaso escolar de arredor do 20 % e subírono ao 26 % en catro anos, en catro anos; esa era a súa inercia. A nosa inercia é diferente. Fago unha descrición dos feitos, non os valoro. É algo puramente descritivo, que coincide a subida do fracaso co Partido Socialista e a baixada co Partido Popular. ¡Home!, a partir de aí pode vostede interpretar, pero son datos absolutamente descritivos.

E tamén, señor Álvarez, vostede sabe que os centros educativos en xeral funcionan e se organizan moi ben. Estou seguro de que ningún centro educativo vai perder de pór en marcha o bacharelato de excelencia polo transporte escolar. E vostede tamén o está, estou seguro, porque vostede sabe como funcionan os centros educativos, como poden organizarse, e sabe que esa hipótese é practicamente imposible que se dea. Xa verá vostede como non vai haber ningún problema.

E, señora Chao..., perdón, Cuña, perdón. Señora Cuña, perdón. Antes era a portavoz a señora Chao, confundinme, pido desculpas, señora Chao. Perdón, Cuña, Cuña, volvinme confundir. *(Murmurios.)* Eu pregunteille de que partido era, retoricamente. Vostede dixo que era de En Marea. Vale, pois aí estamos ben. Vostede ten que entender que ás veces os que non estamos todos os días arreglando —digamos— *en las nebulosas* non o saibamos. Pídolle desculpas por non saber de que partido político é, pero entenda que aos que non estamos no lado rupturista ás veces nos custa traballo sabelo, moito traballo. En todo caso, iso para nós é difícil.

E vostede falaba nalgún caso do respecto pola lei. E eu tamén lle digo que hai que respectar a lei e os marcos legais —gústennos ou non—. E no caso do ensino hai uns marcos legais, e incluso nalgúns casos hai sentenzas dos máis altos tribunais respecto do que vostede plantexa como educación diferenciada, o que vostede di da educación diferenciada. Habendo un marco legal establecido, habendo unha sentenza dos máis altos tribunais, ¿vostede non cumpriría co mandato legal que ten se tivera responsabilidades de goberno ou simplemente non o cubriría, miraría para outro lado e xa estaba?

¿Vostede non cre tampouco, ademais de non crer no cumprimento da legalidade, no respecto á liberdade das familias? Eu podo entender que a vostede ou ao mellor a min non nos gusta esa modalidade de ensino específica, pero, se é legal e está amparada por todos os marcos legais, ¿como unha administración pode dalgún xeito coartar esa liberdade? Ese é un plantexamento básico que diferencia unhas formacións políticas doutras: os que entenden que a visión ideolóxica particular está por encima dos marcos legais e non respecta a liberdade dos outros que pensan diferente.

Porque iso non o facemos nin o imos facer. Hai un marco legal, pódenos gustar ou non, e cumprímolo; hai unha sentenzas firmes dos máis altos tribunais que avalan ese marco legal e respectámolas. Ese é un principio —creo— moi importante nesta cuestión que estamos falando sempre e é un debate xa antigo, xa vello, xa case pasado de moda. É dicir, hai un marco legal, cúmprase. *(Murmurios.)*

Vostedes agora teñen oportunidade de cambiar o marco legal, cámbieno. Pódeno facer, pódeno cambiar. Nese momento a Xunta de Galicia, como institución e como organización respectuosa co marco legal, cambiará a súa forma de proceder neste ámbito, non o dubide. Agora, mentres existe, vostede non coarte a liberdade das persoas de elixir libremente.

E eu tamén lamento, señora Cuña, —xa o digo— con pesar, a desconsideración que lanzou vostede aquí contra a FP básica. Insisto: lamento esa falta de respecto ao profesorado e ao alumnado, en situacións moitas veces difíciles neses ámbitos.

E vostedes tamén plantexa unha serie de... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Déannos datos, sobre cuestións que fomentan a equidade. Voulle dar un só, de transporte escolar; ou dous, voulle dar tamén un de comedor.

Transporte escolar. En secundaria, por exemplo. En Galicia o 52 % dos alumnos de secundaria de Galicia teñen transporte escolar absolutamente gratuíto. ¿Sabe que porcentaxe hai en España? O 18 %. *(Murmurios.)* En primaria, ¿sabe cal é o nivel de alumnos con transporte escolar? O 41 %. ¿Sabe canto é no resto de España? O 8 %. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A partir de aí, vostede pode falar do que queira. ¿Saben vostedes —que isto non ten que ver coa dispersión nin coa situación xeográfica— cal é o número de centros educativos que teñen comedor escolar en Galicia? ¿Saben vostedes —que iso non ten que ver coa dispersión— o número de centros educativos que teñen comedor en Galicia? O 75 %. ¿Cal é en España? Un número absolutamente moito máis baixo.

Realmente, hai un esforzo notable moi forte por facilitar a igualdade de oportunidades.

E xa para rematar, unha última reflexión. Dende Galicia ofrecemos un modelo educativo diferenciado que xa espertou o interese doutras comunidades autónomas e que pode servir para afrontar os retos que o século XXI presenta para os nosos mozos e mozas. Insisto, volverei insistir sempre, mentres teña oportunidade e o sinta así, en que Galicia pode estar orgullosa e os galegos podemos estar orgullosos de ter un bo sistema educativo. E cando digo un bo sistema educativo, refírome ao conxunto: aos profesores, ás familias, ás organizacións sindicais, á Administración, etc.

E mire, non se trata de caer na autocompracencia nin tampouco de xerar falsas expectativas. Detrás de todo isto hai moitísimo traballo. A Administración educativa, a Xunta de Galicia, a Consellería temos a nosa cota de responsabilidade, plantexando e facendo estratexias, que, por certo, son atractivas para os centros educativos e para o profesorado e que contribúen a modernizar, a innovar, a mellorar o sistema educativo. Pero iso non se pode facer sen a implicación constante e absolutamente leal e construtiva do profesorado. E iso ímolo seguir facendo. Imos seguir xestionando a realidade que temos, con realismo e consolidando o bo que xa temos e impulsando novas medidas e corrixindo tamén aquelas debilidades que temos.

Por iso, en certa medida, volvo ao que dixen antes e reitero: Galicia ten un bo sistema educativo en equidade, en calidade, avalado por resultados, por certo, moi por riba da media do que hipoteticamente lle correspondería en función do nivel de renda, algo que é fundamental. Iso quere dicir que hai unha acción política e de desenvolvemento que está por riba do que se podería pensar en base ao nivel de renda deste territorio. Hai comunidades autónomas que teñen máis recursos económicos ou que adican máis recursos económicos á educación e teñen peores resultados en calidade e en equidade. Iso quere dicir que as políticas están mal enfocadas. Non é o caso neste caso de Galicia. *(Murmurios.)*

E o que queremos dalgún xeito é ofrecer a Galicia e aos galegos unha educación en liberdade, algo moi importante, en liberdade, en equidade, eficiente e de calidade, porque o estamos facendo. Está sendo ben aceptada pola comunidade educativa galega e está tendo bos resultados comparativos. E iso, señorías, humildemente, vímolo presentar e vimos dicir que Galicia, nese sentido, pode estar orgullosa de ter un bo sistema educativo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, que é o de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Substituír o Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, o Real decreto-lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real decreto-lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, e o Real decreto-lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

2. Establecer, no marco do IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) 2018-2020 que se está negociando na actualidade, un calendario progresivo de suba do SMI nos próximos tres ano, ata chegar aos 1.000 euros en 14 pagas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Grazas, presidente.

Fai moitos esforzos o Partido Popular para converter este Parlamento coma se fose algo illado do que pasa aí fóra. A min ensináronme desde pequena que non se lle poden poñer portas ao campo nin intentar tapar a lúa cun dedo. E intentou amordazar o Partido Popular este Parlamento para que non fixeramos reflexo do que está pasando aí fóra, do que está pasando co Partido Popular e da súa realidade de anos de prácticas e de usar a Administración pública e de usar os recursos dos cidadáns para uso propio. Intentou o Partido Popular que a realidade dunha sentenza da Gürtel —onde se di claramente que o Partido Popular e o grupo Correa pois crearon en paralelo un auténtico e eficaz sistema de corrupción— neste Parlamento non se reflectira, que non se reflectira esa realidade. E viñeron aquí, sistematicamente, deputados e deputadas do Partido Popular a dicirnos que o lamentaban, e pedían desculpas polos casos illados que puideron pasar no Partido Popular, coma se o exército de casos illados puidera ser obxecto de desculpa.

E nestes momentos o Partido Popular ten sobre a mesa unha sentenza que confirma os sobrecustos e o cobro de diñeiro en «b» dun alcalde do Partido Popular, o alcalde de Sanxenxo, Telmo Martín, que cobrou a persoas que querían acceder a unha vivenda de protección pública; persoas, en moitos casos, humildes. Hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza que condena en firme eses sobrecustos. E estamos agardando a que o Partido Popular, tan áxil, tan dilixente, cando se trata doutros —ve a palla noutros e corre rapidamente a pedir dimisións, a saír nos medios de comunicación a pedir dimisións, e estamos agardando esa rexeneración do Partido Popular—, pida a dimisión do seu alcalde de Sanxenxo. Xa pasaron por aquí varios deputados e deputadas, e tiveron estes días moitas ocasións de estar nos medios de comunicación, e non vimos que empecen esa rexeneración pedindo a dimisión

do seu alcalde do Partido Popular por cobrar sobrecustos a familias humildes e diñeiro en «b» —declarado xa por un tribunal—.

Preguntámonos se vai seguir amparando un alcalde que, a través da súa empresa cobrou...

O señor PRESIDENTE: Precariedade laboral, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ... sobrecustos en «b», declarado xa por un tribunal...,

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

A señora PRADO CORES: ...e se nalgún momento van deixar de ver casos illados e van empezar a practicar o que lles piden aos demais, a practicalo en si mesmos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Si, a cuestión é que a rexeneración empeza practicándose, non predicándose, practicándose. E estamos a falar dun caso práctico, un caso práctico dun alcalde do Partido Popular condenado porque a súa empresa cobrou, con diñeiro en «b», sobrecustos a familias que querían acceder a unha vivenda.

E as decisións adoptadas dende o inicio da crise económica téñense demostrado un auténtico roubo, un saqueo á clase traballadora, ao conxunto do pobo galego. A recuperación económica, da que se fai propaganda a diario, non existe. É só para os que máis teñen, que aumentan a súa riqueza á conta do empobrecemento xeral.

No pasado pleno interpelabamos o conselleiro de Economía e Emprego a respecto da situación laboral en Galiza e da precariedade laboral, dos datos do mercado laboral, que din que en Galiza, desde a volta de Núñez Feixóo ao Goberno galego, hai 25.000 persoas paradas máis que no ano 2009; que hai 120.000 persoas activas menos; que hai 161.200 persoas mozas activas menos, de entre 16 e 34 anos, en Galiza, un auténtico drama; que 100.000 mozos e mozas tiveron que emigrar e abandonar Galiza; que en Galiza cobramos 2.000 euros menos que a media no Estado —iso de media, porque as mulleres cobramos 5.000 euros menos de media—; que soamente aumentan os salarios dos que máis gañan e que o emprego soamente aumenta nas situacións máis precarias. E resulta que non obtivemos ningunha resposta por parte do conselleiro de Economía.

E preguntabámoslle respecto dun dato, a verdade, tremendamente preocupante. Porque corrupción, á parte de meter a man na caixa, á parte das sentenzas da Gürtel, é usar o DOG non para beneficiar a poboación, o pobo ao que ten que ir destinada a acción do Goberno, senón usar o DOG para non facelo. E é que, despois de ter contemplado nos orzamentos da Xunta, desde o ano 2009 ata o ano 2017, unha serie de cantidades, o Goberno galego, en partidas destinadas á mellora e fomento da empregabilidade, á intermediación e inserción laboral, á promoción do emprego, formación profesional de desempregadas, mellora da cualificación no emprego, mellora na organización e administración das relacións laborais, á promoción da economía social —é dicir, en partidas destinadas a mellorar a vida dos

homes e mulleres, dos mozos e mozas en situación de máis precariedade e de desemprego en Galiza— deixou sen executar 1.000 millóns de euros, que é unha cantidade que nos parece realmente obscena por parte do Goberno galego, que debería ter como preocupación e ocupación ocuparse de mellorar a situación de todas estas persoas. Pois, lonxe de facelo, despreocupouse totalmente e deixou de executar todas esas partidas a pesar desas cifras ás que me referín. O que deixa iso en evidencia é unha indolencia por parte do Goberno fronte a esta situación de emerxencia de moitos homes e mulleres en Galiza diante desa situación de auténtica emerxencia, agravada por esa inacción do Goberno do Partido Popular, que logo si é certo que manexa moi ben a escenografía, manexa moi ben a súa presenza nos medios de comunicación, manexa moi ben a afectividade, manexa moi ben incluso esa especie de lagrimeo, esa querenza por Galiza. Pero a realidade é unha situación de indolencia, de papel servil do Goberno de Galiza, de incapacidade para ter algunha iniciativa en favor do desenvolvemento económico e social de Galiza, que dá uns datos, dende logo, que non son presentables en ningún lado, e que, dende logo, dende o punto de vista do BNG, é preciso reverter.

Porque detrás das cifras está a situación, por exemplo, como as de Manuel ou Lucas, que son dous exemplos sacados dun medio de comunicación. Manuel ten 60 anos. É unha persoa que sempre buscou reinventarse. Era administrativo, quedou sen traballo, fíxose autónomo e pechou o seu negocio aos 50 anos. Formouse como cociñeiro, e co tempo comprobou que nos restaurantes é difícil que o contraten despois de ter 45 anos. E ¿que facer? Seguir buscando emprego. Como estaba sen casa e sen nada, tivo que poñer un anuncio no que dicía que traballaba gratis. A idea era traballar gratis as 40 horas regulamentarias e que lle pagasen só polas extras. Agora ten traballo con aloxamento, manutención e uns ingresos de cen euros semanais. Comparte piso cos seus compañeiros de traballo e recoñece que, como necesita os cartos, non lle queda máis remedio que tragar. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Hai moito barullo. ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: Lucas é moito máis novo. Necesita traballar porque a pensión de orfandade de 195 euros non lle basta para vivir. Ten varios anuncios en portais de busca de emprego. Paga máis cartos para que aparezan destacados, e os seus son dos primeiros anuncios que vemos. Ofrécese para traballar gratis porque quere ter a oportunidade de ter unha oportunidade. Dito doutro xeito, quere que os empregadores vexan que realmente ten a necesidade e as ganas de traballar.

Outro caso: ten cincuenta anos, ten cotizados doce, está divorciado e ten dous fillos. Ten que pagar a pensión, necesita traballar como sexa. Traballa dezaoito horas por cincuenta euros ao día. Ofrece o soldo a quen lle faga un contrato porque está farto de traballar en negro.

Estas son as realidades do mercado de traballo que se ocupan en intentar negar. Entón o BNG hoxe presenta esta moción na que pedimos que o Goberno galego poña en marcha algunhas medidas para reverter esta situación desta realidade do mercado de traballo que acabo de describir, e presentar no Parlamento un informe detallado coa xustificación e os motivos da falta de execución orzamentaria acumulada durante os sucesivos exercicios orzamentarios 2009-2017, que acumulan 1.000 millóns de euros en programas como os que relacionei antes

e coas consecuencias para a clase obreira galega á que tiñan que ir destinados estes 1.000 millóns de euros. E unha segunda parte é instar o Goberno español para que proceda á derrogación das reformas laborais que se describen por escrito e que se proceda á aprobación e aplicación inmediata do incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60 % do salario medio, tal e como establece a Carta social europea.

De momento, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Vou dar datos do IGE, porque sempre se nos critica por non ser rigorosos.

Galicia ten hoxe 25.400 parados máis que en maio de 2009. Afiliados á Seguridade Social: 34.000 afiliados menos desde o primeiro trimestre do 2009 a respecto dos deste ano. Desemprego de longa duración: o dobre de desempregados de longa duración que en maio de 2009. Taxa de desemprego entre os mozos e mozas de entre 20 e 24 anos: cinco puntos maior á de 2009; dos da idade comprendida ente 16 e 19 anos sobe ata os doce puntos máis. Temos o cuarto salario máis baixo de toda España, unha fenda salarial entre homes e mulleres do 30 %, que é sete puntos superior á media estatal. E, por certo, todo iso coa Lei de igualdade no traballo posta en marcha polo señor Touriño, que segue metida nun caixón.

Hai neste país máis de 120.000 traballadores e traballadoras pobres. Hai estes traballadores e traballadoras pobres mentres o Partido Popular, o partido condenado por corrupción, engordaba a súa caixa «b» roubando á cidadanía, adelgazando o erario público. Porque, señorías, con maior corrupción, menor investimento público; e canto menos investimento público, maior estado anémico do propio mercado de traballo, un mercado de traballo que está rexido pola precariedade, pola inestabilidade e pola temporalidade, como lles dicía. Porque, ademais da crise económica e das políticas postas en marcha polo Partido Popular, os instrumentos de creación de emprego —e xa se dixo aquí— non están a funcionar correctamente. Teno denunciado en numerosas ocasións a miña compañeira, a señora Rodríguez Rumbo. O grao de execución dos orzamentos nun programa importante —voume cinguir a este—, o de promoción de emprego e institucións do mercado de traballo, o grao de execución do 2017, segundo a propia Xunta de Galicia, é do 61,4 %, a máis baixa de todos os servizos da Administración autonómica.

O certo é, señora Prado Cores, que non é suficiente con garantir que se executen ao cen por cento os orzamentos, hai que tomar outro tipo de medidas que xa anunciou o novo Goberno de España, porque se fixo moito dano nestes últimos anos á negociación colectiva, porque ese aumento da temporalidade e da desvalorización salarial desencadeou tamén problemas no propio sistema de pensións e tamén na tesourería da Seguridade Social.

Presentamos unha emenda na que hai un erro, e quero pedir desculpas ás súas señorías e agradecerlles, ao mesmo tempo, tamén aos servizos da Cámara a corrección que realizaron. Porque, como vostedes saben, sindicatos e patronal levan máis de nove meses intentando chegar a un acordo para esa suba salarial, e, sobre todo, para esa suba do salario mínimo; uns contactos que estaban bloqueados —e, de feito, os propios sindicatos se manifestaron o pasado 22 de maio diante de todas as sedes da patronal de toda España—. E ¿por que estaban bloqueados? Estaban bloqueados porque había un goberno, o Goberno do Partido Popular, que, en lugar de actuar como catalizador de acordos, o que estaba facendo era bloquear as reivindicacións que estaban presentadas polos sindicatos; unhas negociacións —que nós saudamos dende aquí— que se reactivaron o mesmo día que saíu adiante a moción de censura. Está sobre a mesa agora mesmo un preacordo salarial que falaría dunha suba do salario mínimo interprofesional de ata os 1.000 euros en 14 pagas. Isto veríase superado pola súa proposta, señora Prado Cores, estaría por encima do que se está exixindo en máis de 200 euros. A nós gústanos respectar o diálogo; un diálogo, señorías, que comeza a fluír. Comeza a fluír, dende o cambio de goberno, tamén en materia de emprego. O Goberno xa anunciou que vai poñer orde en moitas das cuestións que ata o de agora se estaban desmantelando, que vai poñer en marcha e vai impulsar un novo Estatuto dos traballadores que o poña no século XXI e que non siga anclado no pasado.

A nós gustaríanos, señora Prado Cores, derrogar a reforma laboral, ¡claro que nos gustaría! Pero a aritmética parlamentaria é a que é. Non temos os 202 deputados que tiña Felipe González —sábeo vostede perfectamente— e temos limitacións. O que si garantimos é que se van eliminar aqueles aspectos máis lesivos da reforma laboral. E, se non, en todo caso, eu tamén lle pido que vostedes dende o BNG, coa boa relación que teñen tamén cos partidos nacionalistas de dereitas, impulsen e utilicen tamén o comodín da chamada para, polo menos, axudar nese senso.

En todo caso, nós hoxe pedímoslles a votación por puntos. O noso ánimo é o de seguir remando xuntos, dando pasos importantes e priorizando tamén o que é o básico —polo menos para o Grupo Socialista foino e seguirao sendo—, que é mellorar a situación laboral de milleiros de traballadores e traballadoras deste país.

Máis nada e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Señor presidente.

A liberdade de expresión é unha das liberdades e dos dereitos democráticos máis prezados, ¿non? Cando un dereito democrático está ameazado, a mellor forma de defendelo é exercelo. Eu, exercendo o meu dereito á liberdade de expresión, nesta Cámara digo que o Partido Popular foi condenado por corrupción.

Indo ao tema...

O señor PRESIDENTE: Pois eu recoméndolle que lea o informe que se lle pasou ao portavoz.

O señor LAGO PEÑAS: Volvo exercer a miña liberdade de expresión: o Partido Popular foi condenado por corrupción unha vez, e xa veremos as que quedan no que queda de ano. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Eu dígolle que lea o informe, e tamén lle suxiro que xa está ese tema falado.

O señor LAGO PEÑAS: Volvo dicir que o Partido Popular é un partido condenado por corrupción, pola Gürtel, e hai que ver as sentenzas que quedan no resto do ano.

O señor PRESIDENTE: Pois iso xa é outra cousa, pero eu quero que lea vostede o informe. *(Murmurios.)* Eu suxírolle que lea o informe, e xa está.

Señor Lago, ao tema.

O señor LAGO PEÑAS: Ben, hai máis liberdades democráticas e dereitos que a Xunta de Galicia ten dificultades para entender. Unha é a liberdade sindical, porque, cando o conselleiro de Emprego sobe a esta tribuna, descualifica os informes que elaboran os sindicatos. Non lle parecen entidades respectuosas. E, polo tanto, eu perdería o tempo —porque eu no fondo son un economista de Comisións Obreiras que está de paso por este Parlamento—, perdería o tempo, se contara eu as análises do mercado de traballo. E por iso vou recorrer a fontes que o Partido Popular ten que aceptar.

Unha nota de Eurostat de abril de 2018 indica que España —e nós incluídos— é o cuarto país coa menor taxa de emprego de toda a Unión Europea. Un informe do Banco Central Europeo de maio do 2017 destaca que España é o segundo país da Unión Europea con máis subemprego. Outro informe de Eurostat sinala que España encabeza o tempo parcial non desexado. Un informe da OCDE di que España é o terceiro Estado da Unión Europea con maior porcentaxe de traballadores e traballadoras pobres, só Romanía e Grecia teñen máis pobreza laboral ca nós. En abril de 2018, Eurostat informou que España é o segundo Estado con menor incremento salarial de toda a Unión Europea no 2017. Os salarios medraron aquí cinco veces menos que na media da Unión Europea. Un informe de Eurostat de abril de 2018 demostra que España é o terceiro país con maior desigualdade salarial en Europa, só Lituania e Romanía teñen unha diferenza maior entre os salarios máis altos e os máis baixos. Nas estatísticas de Eurostat reflíctese que en 2017 España é o Estado da Unión con máis persoas en paro e o que ten a segunda taxa de paro máis elevada. Un informe do 2014 sitúa a España como o país da OCDE no que as persoas teñen maior risco de perder o seu emprego e a maior dificultade para saír da situación de desemprego. España volve ser en 2017 o Estado da Unión Europea con máis persoas con contrato temporal, como o demostran os datos de Eurostat. Un informe recente da Unión Europea afirma que só o 8 % das persoas con contrato temporal en España se converten en indefinidas fronte a unha media do 24 % en Europa. Un informe da Comisión Europea de maio do 2018 destaca que España é o Estado con maior taxa de temporalidade de Europa. Neste documento di textualmente: «O maior uso da temporalidade por riba da media europea non pode ser atribuído a unha diferente estrutura sectorial da

economía». O Banco de España, no seu informe anual sobre a economía española de 2017, di textualmente: «Na presente recuperación estase manifestando de novo un trazo característico das fases expansivas da economía española consistente nun aumento da taxa de temporalidade, acompañada dunha diminución da duración dos contratos e dun incremento da parcialidade non desexada».

Resulta evidente que temos un problema, un enorme problema co emprego, coa falta de emprego, coa calidade do emprego. España é a quinta economía da Unión Europea pero é o Estado que ten o mercado de traballo máis precario de toda a Unión Europea. É o país que ten menos oportunidades de emprego, máis paro, máis temporalidade, máis traballo parcial non desexado, máis subemprego, máis desigualdade salarial, máis traballadores pobres, salarios estancados e con máis fórmulas irregulares de contratación. A precariedade laboral é unha variable estrutural do mercado de traballo en Galicia e no Estado español: de cada 100 persoas asalariadas, 27 teñen un contrato temporal, 15 traballan a tempo parcial e 15 están no desemprego.

Temos un grave problema que, ademais, é estrutural e permanente, porque levamos así dende 1984, con consecuencias moi negativas para as persoas, para a economía, para as empresas, para as contas públicas, para a produtivade e para o benestar da maioría social. Esta é a herencia que deixou Rajoy e á que ten que enfrontarse este novo Goberno cambiando un modelo laboral precario resultado de 55 reformas laborais impostas dende 1984, todas na mesma dirección: flexibilizar á conta de recortar os dereitos laborais.

E agora deixo de mirar para o Partido Popular e miro para o Partido Socialista. *(Murmurios.)* Compañeiros e compañeiras do Partido Socialista, *(Risos.) (Murmurios.)* agora toca rematar con esa vergonza de mercado de traballo, toca cambiar de paradigma, hai que recuperar a estabilidade laboral como principio básico do funcionamento do mercado de traballo, e para iso, compañeiros e compañeiras do Partido Socialista, non chega con cambios cosméticos da reforma laboral, como ten dito a ministra de Traballo. Necesitamos un novo marco normativo, radicalmente diferente, que debe ter como primeiro paso derrogar as reformas laborais.

E remato cunha idea: o Partido Socialista pasou tempo dicindo que non había números para cambiar de goberno, estivo un ano dicíndoo. A nosa forza dicía que había números para cambiar de goberno. E eu digo: non se resigne o Partido Socialista e non utilice o falso argumento de que non temos forza para facer o que a clase traballadora, o que os sindicatos, o que a maioría progresista deste país quere, que é derrogar as reformas laborais. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Camarada Lago, *(Risos.)* é enternecedor, é enternecedor. Hoxe non lle podo adicar máis que trinta segundos ao partido ornamental. En calquera caso eu creo que vostedes teñen mala conciencia, porque o certo é que vostedes prefiren un goberno do PSOE que destrúa emprego a un goberno do PP que o cree. Ese é o resumo de todo isto que acabamos de escoitar, compañeiros e compañeiras camaradas, camaradas todos. *(Aplausos.)*

Mire, explíquelles, señor Lago, a eses traballadores de Comisións Obreiras e que Comisións Obreiras despediu aplicando a reforma laboral do Partido Popular que a reforma é mala. Explíquellelo cando poida.

Señora Prado, a verdade é que tamén resulta curioso escoitarlle ao BNG que se sente amordazado; tan amordazado que puido falar dun tema que nada tiña que ver coa iniciativa máis da metade do tempo que tiña para a iniciativa. E eu dígolle unha cousa: se o BNG está amordazado, está amordazado no Congreso dos Deputados, porque alí quen amordazou o BNG foi precisamente a cidadanía galega, que non os quixeron. E eu creo que, se seguen así, tamén os galegos os van amordazar aquí. Porque creo que o seu discurso está completamente caduco.

Vostede adicou moito tempo a falar de temas que nada teñen que ver porque creo que lle molestou un comentario que se fixo antes sobre o señor Fernando Blanco, co que vostede colaboraba, conselleiro de Industria do Bipartito e imputado. E, se vostede rebusca na prensa, atopará declaracións dun señor que se chamaba Dorribo, que dicía que lle dera ao conselleiro do BNG 200.000 euros e «que os gardou na caixa dunha botella de champán na neveira do viño» *(Murmurios.)* Entón, se quere, no turno de réplica explícanolo.

Mire, vostede falaba dun caso que afecta a unha empresa da que é accionista un empresario, que ademais é alcalde do Concello de Sanxenxo. Mire, estamos a falar dun expediente sancionador que iniciou a Xunta de Galicia no ano 2010, expediente sancionador que inicia o Goberno do Partido Popular. ¡Mire se nós miramos cara a quen actuamos! Supoño que aproveitará tamén para falarnos dos seus alcaldes de Vimianzo, de Arzúa e de todos eses.

Señora Blanco, a verdade é que sacar peito dende o Partido Socialista sobre a corrupción é como poñer o zorro a coidar das galiñas, sinceramente. Eu teño que corrixir a señora Prado del Río, porque antes trabucouse. Non é certo que estean imputados dous líderes socialistas por roubar diñeiro dos parados. Non, roubaron diñeiro da Junta de Andalucía, que era diñeiro destinado aos ERE e a cursos de formación. Só foron 800 millóns de euros, ¡só foron 800 millóns de euros! Esa é a realidade. E, polo tanto, eu teño que dicirlle que tamén é curioso que lle pida axuda ao BNG para aprobar unha nova reforma laboral, porque non están no Congreso. Supoño que vostede o que lle pide é que fale con Bildu, que tamén os apoiou para promover esa moción de censura.

Mire, eu lamento profundamente o papelón que fixo e que vai facer a partir de agora o Partido Socialista de aquí en adiante. Despois de tantas veces pedindo a derrogación inmediata da reforma laboral, despois de prometer que acabarían con ela nada máis chegar ao Goberno, despois de tantas veces dicindo que non servira de nada, que só trouxera precariedade, a verdade é que agora é enternecedor escoitalos.

Mire, nós celebramos que, como dixo a ministra Valerio, abracen agora o pragmatismo e recoñezan que a reforma laboral creou emprego, que recoñezan que a reforma laboral contribuíu definitivamente á recuperación económica do noso país e que a reforma laboral, en definitiva, foi positiva para España. Eu agradezo as palabras da señora Valerio, que ao final o que lles fai é unha emenda á totalidade ao discurso que vostedes manexaron ao longo dos

últimos tempos. Eu celebro que nos estean dando a razón unha vez máis. E é que os socialistas, finalmente, cando rectifican, acertan. Á primeira fallan sempre. E proba diso foi ese Goberno socialista que duplicou o paro en España. Esa foi a realidade, duplicou o paro en España. Nós estamos orgullosos de que o Goberno do Partido Popular, ese que vostedes tombaron, creara 2.700.000 postos de traballo, ¡2.700.000 postos de traballo!

Mire, Galicia vai ben. En Galicia, no último ano, saíron das listas do desemprego 23.000 persoas, o paro descendeu un 11 % no último ano, esa é a realidade. Galicia é a comunidade na que máis baixou o desemprego no último ano. Baixou o desemprego máis que en ningunha outra, e, polo tanto, aqueles que buscan hoxe emprego na nosa comunidade son menos que no ano 2009. Pode dicir vostede o que queira. O certo é que, se di o contrario, está mentindo

Mire, en Galicia incrementouse a contratación a tempo completo un 14 % no último ano. Segundo a EPA, 3 de cada 4 asalariados en Galicia teñen un contrato indefinido, estamos falando do 73,3 %, máis que cando gobernaba o Bipartito. Ese é un dato innegable. Mire, 9 de cada 10 ocupados teñen un traballo a tempo completo na nosa comunidade. Esa é a situación.

Señora Prado, eu non lle acepto o discurso do BNG, ese discurso de preocupación cara ao emprego. Porque o certo é que é verdade que gobernan en moi poucos sitios, pero onde gobernan están en contra do emprego. Mire, están en contra do emprego en Pontevedra, opóñense continuamente a Elnosa, desprezando un investimento de 40 millóns de euros, e o emprego de máis de medio centenar de traballadores. *(Murmurios.)* Esa é a realidade. Están en contra de ENCE, da que dependen 5.000 persoas, 800 na comarca. *(Murmurios.)* Vostedes abstivéronse dende o BNG á lei que permitiu a ampliación de PSA-Citroën, dálles igual que diso dependan máis de 20.000 postos de traballo. Están en contra da minaría, da que dependen 5.000 familias na nosa comunidade. E, ademais, están en contra de proxectos que ampara unha Lei de minaría que se aprobou cando vostede era delegada de Industria. *(Murmurios.)* ¡Manda truco, señora Prado! ¡Manda truco! —ía dicir outra cousa—. Están en contra de todo.

Sobre a execución presupostaria, eu o que lle pediría é que non minta, señora Prado, porque non é certo que se teñan deixado de executar 1.000 millóns de euros en políticas de emprego. A execución orzamentaria establécese entre o crédito vixente e o crédito comprometido. *(Murmurios.)* Comprometeuse o 90 % do crédito total vixente entre o ano 2009 e 2017, o 90 %. Estamos falando de 2.878 millóns sobre 3.182.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señora Prado, fagan o que queiran no BNG. *(Murmurios.)* Se seguen nesa liña, a deriva é total. En calquera caso, bótenlle unha man a estes señores do Partido Socialista e falen con Bildu, e que aprobe unha reforma laboral. Iso si, que sexa mellor que a nosa, que permitiu crear 2.700.000 postos de traballo nos últimos anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Eu pregaríalles que hoxe utilizaran, porque, se non, isto é moi difícil para a Presidencia, termos exactos, non termos inexactos. E aquí hoxe utilizáronse, e eu estou tratando de corrixir iso e por iso está ese informe. E vostede, señor Tellado, hoxe utilizou un termo —ao meu entender— inexacto. Porque, ata onde eu sei, no caso dos ERE están acusados non por roubar, por outros delitos... *(Murmurios.)* Non, non, eu escoitei iso... Entón pido que, por favor... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Correcto! ¡Ese é o obxecto, pero non así...! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non... Bueno, vostedes creo que me entenden e que nos imos entender todos; se non, é difícil. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, agora non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Perdón, agora tócalle o turno... *(Murmurios.)* E creo que me entenderon todos. *(Murmurios.)* Isto é fácil de entender. Non é tan complicado. Son vostedes deputados elixidos polo pobo, creo que é fácil de entender isto. ¡Ata aí chegamos todos, digo eu!

Bueno, señora Prado, o seu turno.

Cando queira.

A señora PRADO CORES: Si, para ser exactos, deulle unha marxe de 2 minutos e 20 segundos ao señor Tellado. Espero a mesma condescendencia.

O señor PRESIDENTE: Iso non mo diga vostede a min.

A señora PRADO CORES: Non, non... Ben...

O señor PRESIDENTE: Iso non corría présa. Se eu tiro das súas intervencións...

A señora PRADO CORES: Corría...

O señor PRESIDENTE: Vamos deixar aí o asunto...

A señora PRADO CORES: Ímolo deixar aí.

O señor PRESIDENTE: Acabemos tranquilos isto.

A señora PRADO CORES: Dicía o señor Tellado —falando de exactitude— dun empresario da construción, Telmo Martín, alcalde do Partido Popular. Dígoo, porque..., Telmo Martín, alcalde do Partido Popular, empresario da construción, Telmo Martín, alcalde do Partido Popular, do Concello de Sanxenxo... *(Aplausos.)* Dígoo porque parece que non se dá lembrado. *(Aplausos.)* Alcalde do Partido Popular do Concello de Sanxenxo... *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Dígoo porque parece... Condenado por sobrecustos, por cobrar sobrecustos, diñeiro en «b», a familias que querían comprar unha vivenda... Sobrecustos, sobrecustos..., alcalde do Partido Popular, alcalde de Sanxenxo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ese mesmo.

Mire, son máis de 1.000 millóns de euros non executados destinados a mellorar o mercado de traballo, a mellorar as condicións laborais de galegos e galegas e que o Partido Popular se desentende totalmente deles. E hoxe o BNG trae aquí unha iniciativa para que traian un informe de por que non executan eses cartos e van votar en contra; porque, claro, saber o que fai cos cartos o Partido Popular, non. A transparencia, para os papeis, para dicilo de boquilla; agora, para practicala, non. ¡Por Deus, non vaia ser que saibamos por que non executan, por que non fan o que din! Vostedes practican aquilo de «fagan o que dicimos, non o que facemos». Iso sábeno facer moi ben. Entón, van votar en contra de que se traia un informe para saber por que non executan os cartos destinados a mellorar a situación da clase traballadora galega, que non se saiba. Bueno, pois moi ben.

E diante da situación de precariedade, baixos salarios, rotación, dificultade de acceso e fenda salarial, o Goberno de Feixóo deixa de executar 1.000 millóns de euros. Indolencia, despreocupación, permiten a emigración masiva dos mozos e das nosas mozas, non moven un dedo e votan en contra de que saibamos por que. Bueno, pois lamentable.

E non podemos aceptar a emenda do Partido Socialista. *(Murmurios.)* É evidente que é o tempo de actuar. E, dende logo, no BNG cremos que xa non é o momento de xestos, de anuncios e de golpes de efecto, senón de derrogar as reformas laborais, que son as causantes da situación tremenda do mercado laboral, da precariedade e dos baixos salarios tremendos.

E eu quero lembrarlle ao Partido Socialista que o 13 de decembro do ano 2016 o Partido Socialista levou ao Congreso dos Deputados unha proposición non de lei demandando que o Congreso dos Deputados instara o Goberno a adoptar de forma inmediata as medidas necesarias para derrogar a reforma laboral que o Partido Popular impuxo na X lexislatura. E obtivo 168 votos a favor e 131 en contra, é dicir, maioría xa a houbo no Congreso para derrogar a reforma laboral. Entón, se houbo unhas maiorías, pois eu pido a valentía para volver intentar esas maiorías, porque xa houbo máis votos a favor no Congreso que en contra. Foi necesario desaloxar o Partido Popular do Goberno do Estado español, e o BNG contribuímos, na parte que puidemos, a crear o ambiente social necesario para ese desaloxo. Pero despois do cambio de Goberno é necesario o cambio de políticas, é necesario o cambio de políticas. E se houbo maiorías para votar a favor de proposicións non de lei, que tiveron máis votos a favor —168 a favor e 131 en contra— nun momento dado, pois que se teña a valentía de volver levar iniciativas. Se non hai os votos suficientes, pois pérdese. Pero hai que ter a valentía de levala para derrogala. A clase traballadora non pode seguir agardando máis.

E despois eu tamén lle quero dicir unha cousa sen ningún tipo de...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato xa, presidente.

Por exemplo, a CIG é sindicato representativo tamén a nivel do Estado. E en Galicia tamén hai unha realidade sindical diferente á do Estado. E como sindicatos representativos, tanto a CIG como os sindicatos vascos teñen o dereito a estar tamén nesas mesas de negociación. E eu agardo que o Partido Socialista non practique o que fixo até o de agora o Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(A señora Prado del Río pide a palabra.)

¿Si, señora Prado? ¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, señor presidente, polo artigo 76.

O señor PRESIDENTE: Sobre inexactitudes.

A señora PRADO DEL RÍO: Nós aceptamos que vostede nos diga que, efectivamente, non hai roubo nos ERE, que é unha cuestión de cohecho, malversación e outros delitos de corrupción. Pero tamén pedimos que se exixa a mesma rigorosidade co que se acaba de dicir aquí. Porque o señor Telmo Martín non está condenado, estamos falando dun expediente administrativo incoado no 2010 e que acaba cunha sanción administrativa contra unha empresa e non contra ningunha persoa física. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E non hai ningunha causa penal. Simplemente é esa aclaración e esa exactitude.

O señor PRESIDENTE: Pois queda constancia desa aclaración.

Eu, como comprenderán, ata eses niveis non chego. Pero queda constancia e queda aclarado. *(Murmurios.)* Eu non son xurista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, vale. Aí está, quedou constancia. Eu non entendo disto e, polo tanto, queda constancia. Se é unha información que vostede transmite así, pois bueno.

Pasamos á seguinte moción.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema financeiro de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas.

Para formulala ten a palabra o señor Sánchez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Santos, silencio. *(Murmurios.)* Silencio. *(Murmurios.)* ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Home!, non me digan que iso non é exacto. *(Murmurios.)* ¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

¡Silencio, por favor! Vamos tratar de colaborar, se non, suspendemos o pleno. Porque é que tamén chega un momento en que un se cansa. *(Murmurios.)* ¡Claro! ¡Por favor! Parece que é unha provocación permanente cara á Presidencia. ¡Vaian a cousas máis importantes, home!, que é o que lles pide a xente. Para iso temos as retribucións que temos. ¡Por favor!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Acumúlansenos os informes, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Eu teño dereito a asesorarme. ¡Vaia á cuestión!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pois hai que pillar un letrado máis.

Miren, vénme moi ben, ademais, o que dixo a señora Prado para falar tamén da condena do Partido Popular na sentenza da Gürtel. É unha sentenza do Tribunal Supremo contra unha empresa, cunha incoación dun expediente, non en 2010 senón o 1 de outubro de 2007, co Goberno bipartito, que é o expediente ao que se refire a sentenza do Tribunal Supremo. E precisamente non condena penalmente nese momento a Telmo Martín e os outros tres socios porque, cando aconteceran os feitos, aínda non fora a reforma do Código penal que posibilita que haxa responsabilidade penal... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, si, pero a partir desa reforma do Código penal é cando poderían ser eses feitos constitutivos de responsabilidade penal. Daquela están recoñecendo que simplemente, e como di a propia sentenza —e téñoa aquí para lela— vostedes non foron condenados por corrupción porque fixeron os mesmos feitos polos que serían condenados por corrupción antes de que iso fora constitutivo de delito penal. Entón, en termos políticos, vir aquí dicir que vostedes son un partido condenado por corrupción é perfectamente lexítimo. É certo, é exacto, simplemente vostedes fixeron eses feitos antes da reforma do Código penal, que se fixo precisamente para perseguir feitos que eran corrupción e que o Código penal non recollía como tal. Polo tanto, deixen de mentir xa.

E xa lles leo aquí: «*Para valorar adecuadamente la responsabilidad del Partido Popular en la forma, como se ha solicitado por las acusaciones, como partícipe a título lucrativo en ausencia de cualquier posible responsabilidad penal, al tratarse de derechos anteriores a la reforma del Código penal operada por la Ley 5/2010, que introdujo en nuestro derecho la posibilidad de la responsabilidad de las personas jurídicas, los hechos son anteriores a esta reforma, que introdujo la responsabilidad penal de las personas jurídicas, por lo que no se está dilucidando en este procedimiento una posible responsabilidad penal del Partido Popular como persona jurídica, lo que no es jurídicamente factible por la fecha de los hechos, con independencia de que la apariencia de los mismos como constitutivos del allanamiento ilegal de fondos provenientes de delitos de prevaricación, cohecho y otros, y de la intervención que hubieran podido tener personas...*»

Non entra porque non pode, pero non porque os feitos non foran constitutivos diso. É dicir, se vostedes fan iso despois da reforma do Código penal —que o seguiron facendo e xa virán outras sentenzas— iso é corrupción. Polo tanto, ninguén nos pode negar a corrupción. Nin sequera o informe do letrado di que non poidamos vir aquí dicir «o partido condenado por corrupción», e déixao á interpretación do presidente do Parlamento, que tivo unha interpretación restritiva dos nosos dereitos. Porque así non se pode operar nun Parlamento democrático. Se se retiran a palabra «corrupción» e se retira todo este debate das actas, dentro

duns anos, cando o miren, dirán: estes estaban en Babia, porque había un partido estruturalmente corrupto...,

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, eu creo que...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e xa as sentenzas falan diso...,

O señor PRESIDENTE: ...xa chegou por hoxe.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e a oposición non falaba diso, de que era un partido corrupto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Creo que na disertación sobre o tema leva vostede cinco minutos.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non, pero é que eu creo que é necesario.

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero escoite. Non, perdoe un momento. Pareille o tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Creo que fun exacto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Pareille o tempo. Perdoe un momento.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Eu fun exacto. Fun bastante exacto.

O señor PRESIDENTE: Pero, bueno, vostede fixo unha intervención, ben, que xa está recollido tamén no informe que eu transmitín, ou sexa que non aportou nada novo. *(Murmurios.)* Si, non, non, está recollido... *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Está recollido aí, polo tanto, ben, eu creo que hoxe xa planeamos sobre o que había falar. E creo que agora hai que ir ao que temos que falar.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Agora podo falar...

O señor PRESIDENTE: Non, teño o tempo —como ve— parado.

Entón, señor Sánchez, á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Eu quero dicir que do representante do partido corrupto que falou anteriormente, o señor Tellado, me gustaría lembrar unhas palabras que dixo na TVG hai pouco...

O señor PRESIDENTE: Por favor...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non, que eu xa remato con ese tema.

Segundo Tellado, «o que pretende Santalices con isto é dignificar o debate político, porque, ao seu xuízo, non se debe converter a Cámara nunha lameira» —díxoo o señor Tellado—.

(Murmurios.) (Aplausos.) Pois moi ben, xa acabamos de ver como o señor Tellado quere dignificar —e dignifica todos os días que sae aquí a falar— o debate parlamentario e non quere converter isto nunha lameira. Porque, claro, xa se sabe a quen lle gustan as lameiras. Polo tanto, si, señores, son enternecedores os esforzos do señor Fernández Gil ao falar da teoría dos casos illados, da teoría dos casos illados no Partido Popular. Non é o mesmo que nun partido poida haber casos, delitos, faltas..., e outra cousa moi diferente é que un partido estruturalmente estea deseñado para delinquir, como é o Partido Popular, e que leve delinquindo dende o seu nacemento e financiándose ilegalmente dende o seu nacemento. É unha cousa moi diferente. E é unha cousa moi diferente —cando ocorren esas cousas, cando se saben esas cousas— o que fai cada un dos partidos. E vostedes amparan os corruptos e ampararon os corruptos ata o final. É a diferenza con outros partidos cando...

O señor PRESIDENTE: Eu non. Perdoe.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostede non. Vostede non, señor Santalices...

O señor PRESIDENTE: Perdóeme, perdoe un momento...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostede é que non se enteraba.

O señor PRESIDENTE: Está facendo vostede unha intervención que parece que é unha provocación. *(Murmurios.)* ¡Claro! Hai que saber... Perdoe, leva vostede seis minutos falando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, eu, como comprenderá, determinadas expresións non vou consentir que vaian na acta da sesión. Non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non me fale vostede. Estou falando co señor Sánchez. Non se pode vir a unha tribuna a provocar. Se ten que vir... *(Fortes murmurios.)* Non, non, ¡por favor! Non, non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ao presidente! ¡Ao presidente! Matizo: ao presidente, porque o presidente ten unha función.

Entón eu, señor Sánchez, prégolle que vaia vostede á cuestión que xa levamos...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vou á cuestión, que a cuestión tamén é de corrupción.

¿Podo falar? ¿Escóitaseme?

Señor presidente, eu creo que hai que utilizar o mesmo raseiro para todo o mundo. E xa vou á cuestión. Eu creo que estou falando de algo do que falaron todos os que me precederon no uso da palabra, utilicei argumentos ata xurídicos para xustificar que poidamos falar aquí dun partido corrupto, e estruturalmente corrupto, como o Partido Popular.

Pero podemos falar tamén das grandes estafas. E unha das grandes estafas neste país foi a liquidación das caixas de aforros, a liquidación que no Estado contou cuns impulsores, que eran os grandes banqueiros, e contou cun pacto político tamén a nivel de Estado, no que tamén desgraciadamente estiveron Partido Popular e Partido Socialista de acordo. Isto sig-

nificou finalmente a liquidación nunha década —é casualidade que esa década case estivera ocupada por un goberno do señor Feijóo— do sistema financeiro galego e a liquidación das caixas de aforros, que significaban o 40 % dos aforros dos galegos e galegas. E isto non só é un erro de tomar decisións incorrectas ou que non estiveran acertadas. Foi o erro tamén de non pelexar duramente por conservar a soberanía propia, o noso autogoberno, que nos daba o artigo 30.5 do Estatuto de Galicia, que lle dá competencias exclusivas á Comunidade Autónoma para xestionar as caixas de aforros —non así os bancos—. Polo tanto, a perda das caixas de aforros é a perda da soberanía económica deste país e de poder ter uns instrumentos económicos para a xeración de economía produtiva, de apoio aos sectores produtivos; que non sempre se fixo así, aínda que as caixas daban esa posibilidade polo seu carácter social. E non se fixo así tamén por responsabilidade dos sucesivos gobernos que incumpriron a obriga vixente naquel momento, recollida no Decreto lexislativo 1/2005, polo que se aproba o texto refundido 7/1985, de caixas de aforros de Galicia, onde dicía, no artigo 5, que a acción do Goberno da comunidade autónoma, no marco de bases de ordenación da actividade xeral e da política monetaria do Estado, se levará a cabo baixo os seguintes principios: velar pola independencia das caixas de aforros e defender a súa natureza fundacional, prestixio e estabilidade; vixiar o cumprimento por parte das caixas da súa función económico-social, de acordo cunha adecuada política da administración e investimento do aforro privado, etc.

Foi incumprido, deixóuselles facer durante anos aos dirixentes das caixas de aforros coma se fosen bancos privados, deixóuselles ir a esa carreira tola de aposta polo mercado inmobiliario especulativo. E non veñan aquí a botarlle culpas ao Goberno bipartito porque coincidiu no período do Goberno bipartito. Non, non, o informe do Banco de España de 2007 falaba xa do crecemento exponencial do risco crediticio en 2004, 2005, 2006 e 2007. Polo tanto, iso foi un continuo, foi un continuo nas políticas deste país cun goberno e con outro.

E, finalmente, acabou como todos sabemos, cun buraco de 8.000 millóns de euros de diñeiro público que houbo que poñer para sanear unha entidade que acabou en mans dun banqueiro venezolano. Foron vostedes os que lle regalaron o 40 % dos aforros dos galegos e galegas a un banqueiro venezolano, non fomos nós. Foron vostedes, despois dunha serie de actuacións que axudaron enormemente a este desenlace. Apostaron por unha fusión baseada en mentiras, por unha fusión baseada en mentiras que era unha decisión que favorecía os intereses de que acabaran as caixas privatizas. Foi mentira cando dixeron que estaba avalada por unha auditoría. Non era auditoría, nin o informe a *due diligence* feito por KPMG recomendaba ou supoñía ningunha recomendación acerca da fusión ou da solución que se debería tomar. Dío no propio informe ao que tivemos acceso.

Tampouco vostedes dixeron a verdade cando dixo o señor Feijóo que aquí houbo máis auditorías. O de PriceWater..., PriceWaterhause Coopers *(Murmurios.)* —perdón, parezo Pablo Iglesias, perdón, si—, tampouco foi unha auditoría, e díxoo aquí o señor Feijóo na anterior sesión, ou hai dúas sesións. Non era tampouco unha auditoría nin tampouco supoñía unha recomendación de fusión etc.

Pero é que agora temos a ocultación, ademais, da mentira. Levamos anos pedindo información fundamental para entender a actuación da Xunta de Galicia e as súas responsabilidades, que se nos nega sistematicamente. Queremos saber por que KPMG dixo que supoñía un in-

forme limitado e parcial ás cuestións que mandou a Xunta de Galicia nunha carta de encargo. E esa carta de encargo non aparece por ningures. ¿Que é o que esconden? Queremos que nos informen, queremos que nos dean ese informe que pedimos dende hai máis de cinco anos. E tamén queremos ter acceso aos informes dos técnicos de Facenda que, segundo Marta Fernández Currás, se xuntaron ao expediente de fusión das caixas. Queremos saber —e non entendemos o que vostedes esconden— se non existe a carta de encargo, se non existen os informes dos técnicos de Facenda e, se existen, por que nolos esconden. É tan simple coma iso a nosa moción de hoxe. Pedimos que aos grupos parlamentarios nos entreguen información que temos dereito a saber os deputados e deputadas e os cidadáns e as cidadás galegos e galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Dende o Bloque Nacionalista Galego compartimos boa parte das reflexións que facía o señor Sánchez, tanto na primeira parte como na segunda. E imos votar favorablemente esta iniciativa. Ímolo facer fundamentalmente por convicción política e tamén ética, porque levamos falado moito hoxe neste Parlamento sobre ese auténtico e eficaz sistema de corrupción que vén de ser descuberto, que é o Partido Popular. Pero poderiamos engadir que, ademais dun eficaz sistema de corrupción, pois tamén é un eficaz sistema de absoluta opacidade. Porque —dicíao agora o señor Sánchez na súa última parte da intervención— o que se está pedindo é algo tan louco e desaforado como unha documentación, que nin sequera sabemos se existe ou non existe, e que se traslade a este Parlamento. Algo que, dunha ou outra maneira, temos reivindicado desde a oposición neste Parlamento non só nesta lexislatura. Isto vén de lonxe. E nós pensamos que, de verdade, vén sendo un pouco de hora que o Partido Popular deixe de perverter absolutamente a realidade e as palabras e deixe de ocultar o papelón que tivo no desmantelamento do noso sistema financeiro, que cada vez está máis claro que foi unha operación absolutamente orquestrada tamén desde o poder político. E o paso do tempo e tamén a conxelación desa comisión de investigación das caixas —ou «conxelación bis» xa, porque levamos tantas fases de conxelación que xa non sabemos en cal estamos— teña unha corrección.

Gústelles ou non aos señores do Partido Popular, efectivamente, aquí hai organizacións políticas que son responsables, que son responsables con este país, e que imos seguir poñendo focos sobre esta cuestión e seguiremos exixindo as explicacións que consideremos do papel que tivo o Partido Popular e o señor Feijóo, que aínda non deu nin unha soa explicación sobre feitos que son moi graves. O único que fixo foi botar máis ruído sobre a cuestión a ver se así, cun pouco de confusión, se intentaba opacar o tema. Pero a verdade é que temos cada vez máis claras as consecuencias, imparables en moitos casos, do que foi a liquidación do noso sistema financeiro: a venda a prezo de saldo das caixas, a desaparición de miles de postos de traballo, a perda de capacidade económica como país —cada ano a fuga de máis de 15.000

millóns de euros de aforros— e demais. E, mentres, vimos como a señora Fernández Currás —que foi membro deste Goberno e non quixo comparecer nesta Cámara, respondeu un cuestionario escrito— recentemente a escoitamos en Madrid porque se ve que en Madrid si que lle gusta falar a algunha xente. E quedan máis probas sobre a mesa de que teoricamente existen eses informes, pero non son remitidos para o Parlamento galego. Polo tanto, a nós gustaríanos velos. Claro que vostedes din que iso xa se facía incluso desde a época Fraga, pero non facilitan esa documentación.

Tamén nos gustaría ter máis información sobre ese expediente «x» que é xa o informe de KPMG. Eu quero insistir, unha vez máis nesta Cámara, en que vostedes menten. Neste Parlamento non está ese informe íntegro, ou auditoría ou como lle queiran chamar, senón un *power point* incompleto. E agora imos á segunda parte: tampouco vostedes queren entregar esa carta de encarga, unha vez máis. Pois eu agardo, señor Sánchez, que hoxe haxa unha sorpresa, pero atreveríame a dicir que non vai ter vostede éxito.

E a realidade é a que é: que cada vez hai máis evidencias de que vostedes encargaron un estudo que agora cada día denominan dunha maneira diferente —intentando así crear confusión— e que ao final avalaron con iso a venda fraudulenta de Novagalicia Banco. Estamos vendo, efectivamente, vistos os crecentes resultados económicos do que hoxe é Abanca, que hai moitas sombras aínda sobre este proceso. Ao final vemos que nin era auditoría nin recomendaba a súa fusión, e a nós gustaríanos que se enviara a este Parlamento tanto a información completa como esta carta que pide En Marea. Porque hai que recordar que pagamos máis dun millón de euros. Se pagamos tanto, pois digo eu que, dentro do orzamento da Xunta de Galiza, non lles custará tanto esforzo gastar un pouquiño en fotocopias e poder mandar esa información á Cámara. Nós seguimos pensando que, se non se envía, é porque, efectivamente, hai algo que ocultar. E, ademais, hai que insistir en que foron vostedes quen lles chamaron auditoría a isto, foi o propio señor Núñez Feijóo. En todo caso, nós insistimos en que xa nos dá igual como queiran denominalo e como queiran chamarlle. Do que nós lles preguntamos é do que teñen que agochar. E visto o visto, visto que son un eficaz sistema de corrupción, pois imaxinamos que tamén nisto haberá algo dese eficaz sistema de corrupción.

Pero, en todo caso, votaremos favorablemente esta iniciativa de En Marea, aínda que supoñemos que non será aprobada. E non queremos deixar de insistir en que é necesario que, sobre todo, o señor Núñez Feijóo dea explicacións sobre isto que aínda non deu, que todos os galegos e galegas poidan ver de forma clara esa documentación e tamén ver se, á forza de repetición, algún día conseguimos que desconxelen esa comisión das caixas que teñen vostedes condenada ao ostracismo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, en primeiro lugar quero dicir que o Grupo Parlamentario Socialista vai votar a favor desta moción do Grupo Parlamentario de En Marea e, tendo en conta que estamos falando de temas relacionados co financiamento, de temas relacionados coas accións xudiciais —basta con recordar o señor Rato— e de temas relacionados coas condenas, voume permitir facer unha pequena viaxe pola xeografía do país.

Vou empezar pola comunidade valenciana, con Camps, con Costa e con Zaplana, coa fórmula 1, coa Copa de América, coa visita do Papa, con Fabra e as súas lotarías, coa filla de Fabra e o «*que se jodan*», e co Instituto Valenciano de Arte Moderno.

Salto a Palma de Mallorca: Jaume Matas, que se ve que lle gustaban os palacetes góticos no casco histórico de Palma —que, por certo, nos dixeron aquí que fomos os socialistas os que fixemos o sistema público-privado en Son Dureta, pero quen meteu a man e a quen condenaron foi a Matas. Dígoo por se se lles olvidara.

Pasamos a Murcia: Nueva Condomina, Pedro Antonio Sánchez, dimitido.

Pasamos a Madrid: soterramento da M-30, e Ruíz Gallardón, Rodrigo Rato, Bankia..., en fin, eu creo que non fai falta que sigamos.

Pasamos á Gürtel: Pablo Crespo, Bárcenas —«*estoy aquí para forrarme*»—, Suíza, Panamá... En fin, dimensión xeográfica absoluta. Eu espero non provocar o señor presidente con este tema, porque está directamente relacionado co sistema financeiro, depende de quen, pero co sistema financeiro. *(Aplausos.)*

E quero falar tamén de Galicia, porque en Galicia, no caso «Campión», que veña o Partido Popular... Non vou defender eu os conselleiros do BNG, que teñen un grupo parlamentario para facelo. Pero que veña o PP falar do caso «Campión»... Eu quero recordar como a este deputado lle berraron todo o que quixeron porque preguntei humildemente se na axenda do señor Feijóo estaban as reunións co señor Dorribo, ás que lle levaban os expedientes desde o Igape á Presidencia da Xunta de Galicia. E o señor Feijóo *dijo que era todo con luz y taquígrafos*. Entón, este deputado pediu a axenda pública do señor Feijóo, e vese que foi en penunbra e que os taquígrafos estaban en folga. *(Aplausos.)*

Polo tanto, de verdade, que vostedes veñan aquí a falar... *(Pronúncianse palabras que nos se perciben.) (Murmurios.)* Señor Tellado, creo que... *(Pronúncianse palabras que nos se perciben.) (Murmurios.)* Creo que non está no debate, salvo que vaia facer el a réplica do Grupo Popular.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu estou falando da luz e taquígrafos do despacho do presidente Feijóo reunido con Dorribo cos expedientes do Igape enriba da mesa, que, por certo, ninguén negou, ¡ninguén negou! ¡200 ou 400, señor Feijóo! ¡Insisto, no despacho do señor Feijóo!

«Operación Z». Conseguidor de Montepío, o señor De Lucas... *(Fortes murmurios.)* Si, claro, eu sei que lles molesta, pero está aí, por certo... *(Fortes murmurios.)* Si, si, Ricardo Varela non

sei, pero, polo de pronto, os correos que puña Feijóo *son la clave*, están no sumario, non o inventa este deputado. É o señor Feijóo. *(Pronúncianse palabras que nos se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu creo que, en fin... Comprendo que hai que facer méritos, pero eu creo que convén relaxarse. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

Non se preocupe pola zona franca, que teño a sorte de ter un posto de traballo ao que volver desde este Parlamento.

O señor PRESIDENTE: Non entre a todo, ¡home!, non entre a todo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ben, entón non se preocupe demasiado...

O señor PRESIDENTE: Se entra a todo, está perdido. Non entre a todo. Agora fale un pouco do sistema financeiro.

É un consello que lle dou como amigo. *(Risos.)*

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señor presidente, levo falando de sistemas de financiamento desde o principio.

O señor PRESIDENTE: Pero non é o mesmo...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¡Ah!, ¿é distinto? Vese que hai algún informe semántico, xa, xa...

Imos aló.

En relación con este sistema financeiro de financiar familias e empresas que depositan os seus fondos e piden créditos, e que é onde está o beneficio das institucións bancarias, hai dúas cuestións relevantes, despois de ver a interpelación anterior, do pleno anterior. A primeira, ese feito inaudito do conselleiro de Facenda dicindo que un reducido número de axentes económicos amplían a competencia. Alterou os parámetros da microeconomía; en fin, creo que é licenciado en ciencias económicas. O 90 %, cinco bancos. E iso permite máis competencia porque permite, polo visto, que se paguen máis intereses. Debe ser por iso —pagándolles máis intereses os usuarios dos bancos— que os bancos aumenten sistematicamente o seus beneficios ano tras ano. Esta é a explicación fondamente fundamentada do señor conselleiro de Facenda.

E en relación coa falla de transparencia, pois, efectivamente, díxosenos por activa e por pasiva que era unha auditoría, díxosenos tamén que era secreta. E eu quero recordar —porque estiven nesa comisión— como unha persoa que compareceu por petición do Partido Popular —mentres os deputados da oposición tiñamos unha versión fotocopiada absolutamente inintelixible— chegaba cunha copia impresa en color, encanutillada, que parecía o Códice calixtino. Esa era a auditoría secreta do Partido Popular. Pois comprendo que vostede teña

esperanzas, señor Sánchez. Pero eu creo que con esta documentación vai pasar exactamente o mesmo que pasou cos contratos de subministración de gasóleo das gasolineiras de Marcial Dorado ao Sergas cando o señor Núñez Feijóo estaba no Sergas, que se estragaron nunha inundación no barrio de Coia en Vigo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señorías, hoxe o señor Sánchez deunos aquí un magnífico exemplo de en que vén consistir a nova política: no peor da vella política. O peor que existía na vella política eran dúas cuestións. A primeira era a morte civil. Do que se trataba era de destruír a persoa para que non puidese opinar nin tivese dereitos. Isto é o que fan os novos populistas, destruír a imaxe de persoas con independencia da honorabilidade, de dereitos, de circunstancias reais. A segunda é utilizar a demagoxia, da que xa Aristóteles dicía que era a peor forma da corrupción.

O triste é que o peor da vella política, que fai nova a nova política, é contaxioso. E mentres o señor Losada anda dando saltos por aí, por toda a xeografía española, posiblemente olvidándose de moitos dos lugares, pois eu creo que lle facemos un fraco favor ao debate político. E sobre todo cando hai pel sensible.

Comprenderán que o que eu vou facer hoxe non é meterme coas cuestións persoais, co máximo respecto a todos os membros desta Cámara. Porque podemos dicir con orgullo ante o país que non hai ningún membro desta Cámara que teña ningún problema coa xustiza. Eu síntome orgulloso tanto do meu grupo como de todos vostedes, e lamentaría que isto se torcese algún día. Voume dedicar a desfacer a segunda parte do traballo da nova política, que é a demagoxia.*(Aplausos.)*

Vostedes o que están é construíndo, en relación coas caixas, unha absoluta nova realidade, unha absoluta posverdade, dicindo medias verdades, mentiras, inexactitudes, falsidades. Na súa intervención co conselleiro hai nada, hai dúas semanas, eu conteille trece perfectamente rebatibles con datos. Voume centrar hoxe en tres nada máis.

En primeiro lugar, o informe de KPMG —que houbo un grupo que o pediu, cando leva alí cinco anos— está perfectamente explicado en dúas comisións de investigación, tanto por quen o fixo como por quen o encargou. Está explicado qué é o informe, qué dicía o informe, por que se encarga, qué se encarga —porque hai uns informes técnicos da Consellería que xa están na comisión dende hai cinco anos e que vostedes hoxe volven pedir— e qué se fai para ver se a fusión era viable ou non, porque unha das dúas entidades que estaban no proceso de diálogo negaron que as contas que daba a Xunta fosen correctas. E o certo é que se encarga ese informe e está perfectamente explicado polos que o fixeron —insisto— e por quen o contratou.

Pero vostedes seguen dicindo cousas como que non é unha auditoría. Vamos ver, se un vai ao dicionario e ve que «auditoría» é un traballo de técnica contable de acordo cuns proce-

dementos, eu pódolle dar agora, así de corrido, pois como catorce ou quince formas de auditoría. Hai auditorías operativas, auditorías medioambientais, auditorías de calidade, auditorías de irregularidades, auditorías públicas... Auditorías hai moitas. E o que din os auditores da empresa auditora que fan o informe de KPMG é que se lles encarga que digan se a fusión é viable de acordo cos parámetros que poñía o Banco de España —que o fan á suxerencia do Banco de España, que é quen ten que autorizar a fusión—. E din que a fusión é perfectamente viable. Vostedes seguen dicindo que aí non hai auditoría nin hai nada, e hai o que dixeron os seus autores, e foi o que permitiu que houbera unha fusión.

Segundo, vostedes seguen dicindo que iso non foi corroborado. Teñen vostedes na comisión os informes das auditoras Boston Consulting e PriceWaterhouse sobre o proceso de fusión, o plan de negocio e de fusión —que implica auditorías cruzadas, é dicir, que a auditora dun banco ou dunha caixa audita outra para comprobalo—, os test de estrés da Unión Europea, do Ministerio de Economía y Hacienda, o informe da Comisión Nacional da Competencia, da Comisión Europea e a solvencia acreditada polo Banco de España. E seguen dicindo que este informe non é unha auditoría e que non di que era solvente a fusión naquel momento. Bueno, pois é o seu problema, pero a verdade é a que eu lle acabo de dicir e non a que vostede conta.

Di que Galicia non fixo nada. Curiosamente, o señor Fernández Ordóñez o que máis critica de todo este proceso é que Galicia fixo moito, entre outras cousas porque presentou recursos de inconstitucionalidade. Algúns pactámolos coa forza na que vostede militaba naquel momento, que era o Bloque; por exemplo contra o FROB 1. E pactámolo nesta Cámara. Presentamos recursos de inconstitucionalidade contra o FROB 2, presentamos un recurso contra a valoración de Novacaixa Galicia, e a propia fundación presentou tamén un recurso cando se dixo que valía cero o capital da fundación. Polo tanto, fixemos moito e todo o que puidemos.

Entón vén a terceira cuestión, a terceira gran falsidade: que non hai sistema financeiro galego. ¡Como que non hai sistema financeiro galego! Dígame vostede en cantas comunidades autónomas as caixas que traballaban nese territorio da comunidade autónoma seguen íntegras nese territorio aínda que sexa formando parte dunha entidade financeira, neste caso dun banco, con 3.100 empregos directos, 170 millóns de euros en salarios directos —estamos falando de 12.000 empregos inducidos e 540 millóns de rendas directas—. ¿Cal era a alternativa? ¿Caixa Galicia diluída en Bankia?, que era o que efectivamente algúns pretendían naquel momento. ¿Caixanova en Caixa Bank, pasando previamente por Banca Cívica, con sede en Valencia, ou en Casjastur, pasando por Liberbank, con sede en Madrid? ¿Esa é a alternativa ou é mellor que exista Abanca?

Nós fixemos o que puidemos para salvar o sistema financeiro. É certo que nos gustaría que seguisen existindo as caixas de aforros, pero non existen en ningures en España. Desapareceron como consecuencia do tsunami da crise, coa actuación do Banco de España e das autoridades monetarias europeas. Non é o final que desexariamos, pero é un final que é positivo para o país.

Entón, señor Sánchez, eu fágome unha pregunta: ¿por que están vostedes dicindo que todo isto era falso, que era mentira, que non se fixo nada e que a banca foi regalada, cando sabe vostede perfectamente que foi un proceso de subasta ao que concorreron varias entidades e,

polo tanto, foi un concurso público onde non houbo ningún regalo? É máis, vostedes dicían que llas iamos dar a uns fondos buitres cando se presentaron, e tampouco obtiveron nada. Si, dixérono no seu grupo. ¿Por que fai isto? ¿Por que? A pregunta é a clásica: *Cui bono?, Cui prodest?* ¿A quen beneficia que vostedes estean agora dicindo cousas como que actuacións do Goberno bolivariano poñen en risco unha entidade con domicilio en Galicia controlada polo Banco de España e o Central de Europa, suxeita á normativa e completamente independente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...do que é un grupo que está sendo intervido polo Goberno bolivariano de Venezuela? ¿A quen beneficia? Desde logo non beneficia os traballadores que acabo de dicir, nin os galegos que confían nela para ter os seus depósitos, nin as medianas e pequenas empresas que se financian grazas á existencia de Abanca.

Ao mellor beneficia os que están propulsando novas fusións, novas concentracións. Ao mellor vostede, non sei se consciente ou inconscientemente, o que está é favorecendo que haxa novas concentracións e que desapareza o único banco que ten sede e actuación en Galicia.

¿A beneficio de quen fai tanta demagoxia, señor Sánchez? Porque ao mellor está favorecendo a quen di que máis ataca.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Polo grupo autor da moción, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Puy, ¡o que hai que facer para non falar do que se lle pide na moción, ¿verdade?!, co fácil que era dicir o que pasa coa carta de encargo dos informes dos técnicos de Facenda e o que hai que facer.

Mire, vostede lanzou unha serie de insinuacións moi cribles: que eu estou cobrando comisión dalgún banco para afundir Abanca... Iso é moi crible. Eu non teño que recorrer ás insinuacións. É a historia xa; como di o señor Feijóo, arqueoloxía. É o que fixeron vostedes e o resultado do que fixeron vostedes: 9.000 millóns de euros de diñeiro público metidos nas caixas para acabar nas mans dun banqueiro venezolano a prezo de saldo. Iso non son insinuacións, iso é o que fixeron vostedes. ¿Cobrou vostede comisión por iso? Eu creo que non, señor Puy, creo que vostede non cobrou comisión. É membro do Partido Popular e iso non significa que vostede sexa un corrupto. Pero si que pode participar nunha estrutura corrupta, que é o Partido Popular desde o seu nacemento. É a diferenza entre o seu argumentario e o noso. Vostedes cren que son cuestións individuais. Non, a estrutura na que participan é sistematicamente deseñada para practicar ese tipo de corrupción desde o seu nacemento. Esa é a diferenza.

Ben, vostede dicía que PriceWaterhouse Coopers — agora díxeno ben— era unha auditoría ou que... Non, non, mire, téñoo aquí. Léollo textualmente, léollo porque supoño que vostede

non tivo tempo nestes seis anos de lelo: «*No ha incluido la revisión del contenido e idoneidad de la justificación económica de la fusión y el programa estratégico de la entidad resultante de la fusión, ni la revisión del contenido y la idoneidad de la restante información contenida en dicha documentación, por lo que no se ha efectuado ningún tipo de valoración sobre la misma. No ha consistido en comprobar la veracidad ni la razonabilidad de la información. No se ha efectuado ningún contraste de dicha información...*», etc., etc.

Non é nin auditoría nin se constatou a información etc. En KPMG o mesmo. Na páxina 11 da diagnose recoñécese expresamente que non é unha auditoría. Vostedes mentiron, mentiron expresamente. Nin tampouco se contrastou a información que as entidades lles deron, cuestión fundamental para, despois, o camiño restante. Porque as valoracións dos activos inmobiliarios que lles deron ás caixas, polo que se vía na diagnose, estaban sobrevaloradas, como se comprobou xa ao ano seguinte ¿verdade? Estas cousas non teñen importancia. A rigorosidade é para cando falamos da corrupción do PP; en cambio nisto, non. É dicir, sacan un informe dun millón de euros para avalar a fusión. Saíu a señora Marta Fernández Currás falar diso. Fala da auditoría, que non era auditoría, e di que avala a fusión. E non avalaba a fusión, nin sequera tiña contrastada a información que lle daban as entidades. E, con esas armas, imos á guerra da fusión.

¡Claro que si! ¡Claro que había máis alternativas, señor Puy! ¡Claro que había! Pero vostedes optaron por unha e teñen que asumir as responsabilidades, con este rigor de presentar unha auditoría que nin era nin avalaba a fusión. E di o señor Feijóo: «Ah!, esa non era, pero había outra, que era de Pricewaterhouse Coopers». E resulta que tampouco era. Era o mesmo, máis do mesmo, señor Puy.

E vostede falaba de que non fixo nada Galicia. Vostedes, miren, non fixeron nada. Toleraron que nos quitaran todas as competencias e que, cando unha auditora, McKinsey, decidiu que había que vender rápido e correndo, sen saber nós os argumentos de por que había que vender rápido e correndo, vostedes non dixeron nin mu, ¡nin mu!, como Goberno galego. Estamos falando do 40 % dos aforros dos galegos privatizados e decide unha auditora.

Nós pediramos o informe á Comisión de Investigación das Caixas, e nin tivemos o informe no que se xustificaba a venda acelerada de Novagalicia Banco. ¿Hai máis humillación para un Parlamento, ou para un Goberno galego, que que decidan sobre o 40 % dos aforros dos galegos sen saber por que se toma esa decisión, sen saber se está mal ou se está ben? Vostedes asistiron coma se nada. ¡Un cero á esquerda foron vostedes!

E xa centrándome unha vez máis no fundamental, quedou acreditado unha vez máis que vostedes seguen ocultando información transcendente sobre a Comisión de Investigación das Caixas. E vostede acaba de demostralo, porque non dixo nin mu sobre esa documentación que falta. ¡Téñena que dar, téñena que dar! Están ocultando información, e iso tamén é corrupción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión ata as catro e cuarto da tarde.

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e quince minutos, catro e cuarto.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento de residuos líquidos

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luís Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débense engadir, despois da parte resolutiva da moción, tres novos puntos:

«— Aprobar, no prazo máximo de seis meses, o Plan xeral de saneamento previsto nos artigos 34 e 37 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia.

— Encargar á Universidade de Vigo un estudo interdisciplinar sobre a situación das rías galegas que inclúa a análise da contaminación por vertidos urbanos e industriais, os posíbeis efectos do cambio climático, a evolución e causas da perda de produtividade, o impacto no marisqueo, na acuicultura e na pesca de baixura das medidas establecidas pola UE, os efectos sobre o emprego e un plan integral para a rexeneración e o aproveitamento dos seus recursos naturais, produtivos, turísticos e de lecer.

— Demandar do Goberno do Estado a anulación da prórroga de Ence.»).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Gonzalo Trenor López, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que continúe colaborando en todo momento, de conformidade coa normativa aplicable, co Ministerio de Transición Ecolóxica facilitando toda a información que o Ministerio precise ante os procedementos abertos pola Unión Europea en materia de tratamento de augas residuais, nos que o Estado é o único encargado da defensa.

2. Que continúe apoiando aos concellos na adopción de medidas que dean resposta ao tratamento das augas residuais urbanas de Galicia, tendo como folla de ruta o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2015-2021 e, concretamente:

— Avanzando coas actuacións que se están a realizar para a mellora da EDAR dos Praceres de Pontevedra.

— Instando o Concello de Santiago a asinar o convenio de colaboración acordado no seu día entre as tres administracións implicadas na nova EDAR de Santiago de Compostela, có fin da súa inmediata licitación.

— Instando o Estado á urxente aprobación definitiva do dragado da ría do Burgo e á licitación inmediata do mesmo.»).

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda núm. 1, de modificación.

Débese substituír o texto do punto 5.c) da parte resolutiva da moción polo seguinte:

« c) A realización dun estudo rigoroso na ría de Pontevedra que nos dea un mapa real dos motivos polos que os sedimentos se están a depositar nos lugares onde o fan, dos tipos de lodos que conteñen e, en última instancia, cos resultados obtidos, cal é a actuación máis acaída, menos agresiva co medio ambiente e favorable á mellora dos sectores produtivos na ría.»

Emenda núm. 2, de adición

Débese engadir ao remate do punto 5.d) o seguinte texto:

«... co fin da súa inmediata posta en marcha no lugar da Silvouta, tal e como propuxo o Concello, co respaldo da USC, en febreiro.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Boa tarde.

Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero saudar as persoas que nos acompañan, que son da Coruña e de Compostela, e que por desgraza teñen bastante que dicir en materia de defectos na depuración.

O outro día a conselleira de Medio Ambiente, na interpelación, falou só de abastecemento e saneamento. E é de entender que quizais non quería nestes momentos tan convulsos para o Partido Popular falar de depuración, agora que están vostedes nesta fase depurativa ou nesa purga

por chegar ao liderado. E despois de que o partido fose condenado en sentenza por —citando literalmente Paula Prado e o señor Tellado— «*roubar* máis de trescentos mil euros para financiar campañas electorais en todo o país». *(Aplausos.)* Aínda que se queremos ser máis precisos, a propia sentenza da Gürtel —referido, iso si, ao Partido Popular de Valencia— di: «*Para terminar esta declaración, los documentos reseñados ya permiten establecer, junto con la de Correa y las que luego se examinan, que el Partido Popular de Valencia financió sus campañas electorales de los años contemplados de manera tan absolutamente irregular que fue delictiva*». De maneira vulgar, como diría o fiscal superior de Galicia, quizais se poida dicir «corrupción». En todo caso, si foi condenado civilmente como partícipe a título lucrativo. E iso é exactamente igual que Ana Mato, que non sabía que tiña un Jaguar no seu garaxe.

A conselleira falaba só de saneamento, en ningún momento falou de depuración, ¡nunca! Quizais se confundiu ou quizais é que a conselleira de Medio Ambiente non diferenza entre saneamento e depuración. Supoñemos que será o primeiro, que era unha confusión consciente.

Confundíase tamén cando falaba de que o Goberno quere apoiar eses concellos que o necesitan no exercicio das competencias en materia —outra vez— de «abastecemento e de saneamento». Pero é que a depuración non é competencia dos concellos, é competencia da Xunta de Galicia. E cando un goberna non pode botar balóns fóra, nin pode dicir que hai máis de mil millóns de euros investidos dende o ano 2009 en materia de saneamento de novo e abastecemento. ¡Pois menos mal! Só fai falta que vexamos os resultados para ver que deberon de ser moi ben empregados.

Falou tamén de máis de cento trinta millóns de euros —iso si, futuros, «en diferido», como diría agora a candidata Cospedal— do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa. E que van ser destinados de aquí ao ano 2021 para o saneamento e a boa calidade das augas, sobre todo para o saneamento das rías. Pero é que as rías tampouco son competencia dos concellos, se non chegarían as ordenanzas municipais. Así que é necesario centrar a cuestión e falar de depuración e de tratamento de residuos líquidos, que é do que temos que falar hoxe, de residuos urbanos.

O pasado pleno falabamos da ría de Vigo, do Burgo, da de Pontevedra e da depuración de Compostela. E da ría do Burgo a conselleira dixo de novo: douscentos oito millóns de euros investidos, «o investimento máis grande» —dixo— «nunha obra hidráulica». Pero omitiu que hai unha parte que son fondos Feder, unha parte maioritaria, e que tamén houbo orzamento estatal. E que, como eu dicía o outro día, ese orzamento estatal ten un nome e un apelido, que é Elena Espinosa.

Da ría do Burgo dixo que hai un proxecto para limpar os fondos da ría. Non sabemos onde está. O certo é que vostedes foron desaloxados do ministerio sen proxecto, non sabemos onde está ese proxecto. E que estaba convencida de que a ministra de Transición Enerxética vai poñer en marcha ese investimento de maneira inmediata. Pois, primeiro, terá que facer todo aquilo que vostedes non fixeron. E afirmou: é absolutamente falso que a ría do Burgo estea contaminada —iso foi o que dixo a conselleira—. Claro, entón ¿para que necesitamos unha dragaxe de lodos e un plan de saneamento? Se non está contaminada non é necesario.

E quizais sexa un proxecto parecido ao da ría de Pontevedra que prometera o presidente Núñez Feijóo no ano 2016. E pouco máis que desa promesa non hai, non hai plan de saneamento, por suposto, pero a EDAR está ata arriba. Eu dicía o outro día que «decanta», efectivamente, o lixo —por chamalo dalgunha maneira—, os residuos, pero non depura.

Hai quince días a conselleira dixo que estaba en redacción o anteproxecto da EDAR dos Praceres. E en *Pedro e o lobo* había un neno que dicía: «*¡Que viene el lobo!, ¡que viene el lobo!*». Pois quizais co anteproxecto ou o proxecto sexa así tamén, ou non sabemos se é Pedro, Sánchez, ou é o lobo, pero algún deles debe de ser. En 2016 chegaba Feijóo e dicía que había un investimento de máis de quince millóns de euros para ampliar a EDAR dos Praceres e que era a infraestrutura máis importante que ía facer o Goberno da Xunta de Galicia, e que estaban a traballar para iniciar os traballos antes de rematar aquel ano 2016. Dous anos despois non hai nada. E hoxe, xustamente dous anos despois, chega unha resposta do Goberno dicíndonos o seguinte: «Polo momento non se ten tramitando a solicitude de autorización dos terreos necesarios para a ampliación da EDAR dos Praceres». Nestes dous anos se nin sequera teñen vostedes os terreos, pois nin sequera solicitaron a autorización para o uso dos terreos. E nos dous anos seguintes vai ser difícil que teñamos a EDAR en marcha.

E o certo é que en Marín, Poio e Sanxenxo, que verten á ría de Pontevedra, teñen problemas de depuración sen arranxar. O Goberno fixo algunha obra en Marín; é verdade. E dixo que había catro millóns de euros para mellorar a infraestrutura hidráulica, pero os colectores aínda non están. E supoñemos que non van levantar Marín xusto antes das eleccións municipais porque se ve demasiado, probablemente sexa despois.

A conselleira dixo aquí que lle dicía a Poio que tivese valor para dicir onde ía ubicar a depuradora. Pero isto non vai de valor ou non, isto non é un combate de boxeo, pese a como son os debates ou como foron esta mañá. E non hai que ter valor, o que hai que ter é a decisión por parte da Xunta, que é quen decide que vai facer a depuradora, porque, efectivamente, é a que ten competencia en depuración, que diga onde vai ir. Porque ata tres veces dixo que ía ir en Pampaído, en Sanxenxo. Houbo tres proxectos diferentes. A partir de 2010 cambiaron de idea e falaron de Montalbo, de punta Samieira, de Laño... Pero en 2012 comezou a haber oposición veciñal e decidiron entón facer estudos e informes. O mesmo que con Compostela e a depuradora de Compostela.

A conselleira o outro día tivo a desfachatez de exixirlle ao Goberno de Pedro Sánchez o investimento na depuradora do Souto. E ademais dixo que de novo o anterior Goberno, o do señor Rajoy, investira o 60 % do investimento total na EDAR, cun acordo entre a Xunta e o Concello. O que houbo foi un compromiso realmente, que non hai máis que promesas e compromisos.

E ademais as deficientes depuracións de Santiago e de Ames son responsables de que o río Sar estea como está: deficiente absolutamente no seu estado ecolóxico. Necesítase unha EDAR en Compostela e a ampliación da EDAR de Bertamiráns. Pero tamén son pantasmas. E ademais inciden no mal estado ecolóxico tamén da ría de Arousa.

Nós na nosa moción facemos cinco demandas respecto de depuración e tratamento de residuos líquidos, non de saneamento nin de abastecemento:

A primeira demanda é que colabore o Goberno co Ministerio novo de Transición Enerxética e Medio Ambiente ante as sancións económicas da Unión Europea a España. Evidentemente, España é demandada, pois o Estado que entrou na Unión Europea no ano 1986 non foi Galicia, foi España.

A segunda demanda é que execute neste ano 2018 un plan de saneamento para Galicia.

A terceira demanda, que adopte medidas urxentes de acción integral sobre as áreas que están potencialmente ameazadas e que así o dixeron os eurodeputados que viñeron a Galicia no ano 2013.

A cuarta demanda, que poña en funcionamento neste ano e con partida específica plans especiais de aproveitamento e sostibilidade especificamente da ría de Arousa e da ría de Pontevedra.

E a quinta demanda, que se dea resposta á depuración e tratamento das augas residuais urbanas relacionadas coa EDAR dos Praceres, a EDAR de Ames, que favoreza o remate inmediato da dragaxe da ría do Burgo, que licite a dragaxe e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra —que tamén estamos esperando sentados e sentadas por el—, que asine un convenio de colaboración coas outras dúas administracións implicadas para a EDAR de Santiago de Compostela e que elabore un estudo sobre a antiga explotación mineira de Touro. Porque é bastante difícil de entender que veña ou que fale, que saia aos medios o director xeral de Minas e diga que o pH das augas é normal, cando compañeiros deste partido estiveron en Touro e a lagoa que se ve é negra, totalmente negra e espesa, como chapapote. De feito, o propio director xeral de Minas dixo que a nova explotación herdara un pasivo medioambiental. Efectivamente, nós cremos que é un pasivo medioambiental que é difícil de cadrar contablemente, tal e como pasou coas contas de Bárcenas e do Partido Popular.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Señora Vilán, como sabe vostede, a expresión á que se referiu antes vostede foi corrixida. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* A expresión á que vostede se referiu, a de «roubar», iso foi corrixido. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, dígollo porque vostede acaba de utilizala. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Foi corrixida na intervención do señor Tellado e despois maticeina eu. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Entón, imos seguir corrixindo e pasamos o pleno corrixindo. Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

A verdade é que botamos de menos que non estean aquí neste debate nin a conselleira de Medio Ambiente nin a conselleira do Mar, cando estamos falando nada máis e nada menos que das verteduras residuais que afectan os ríos e as rías, e que, polo tanto, teñen unha transcendencia fundamental na situación destes ecosistemas.

E, claro, cando se fala das rías, seguro que se ven con distintos ollos, temos distintas visións, hai quen ve as rías como un plató de televisión. E a verdade é que cada vez a política galega se parece máis a unha serie televisiva. E despois da entenrecedora actuación de onte do señor Feijóo, a verdade é que merece un papel protagonista da segunda tempada de *Fariña*. Porque ademais ten experiencia acreditada e gran coñecemento do sector. Así que igual o contratan, igual o fichan para a nova tempada. *(Murmurios.) (Protestas.) (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

(O señor Bará Torres diríxese ao presidente da Cámara.) ¿Isto que é?

O señor PRESIDENTE: Non, é unha expresión desafortunada.

O señor BARÁ TORRES: Iso é un insulto, señor presidente. Eu non sei se vostede non lle vai chamar a atención a ese señor que senta aí, na bancada do Partido Popular, que se permite utilizar o escano para insultar, *(Murmurios.)* ¡para insultar!

O señor PRESIDENTE: Non, non, non. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Porque co que di vostede aquí nesta tribuna, debería estar caladiño. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Veña, prosiga, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Hai quen ve as rías... —si, de todas maneiras, un sente satisfacción cando lles molesta tanto a intervención a estes señores do Partido Popular *(Aplausos.)* e ao señor Tellado—... Hai quen ve as rías como escenarios de especulación e de cobiza urbanística. E disto saben moito tamén o Partido Popular e o señor Telmo Martín, que non só foi condenado —efectivamente, a súa empresa foi condenada polo Tribunal Supremo—, senón que a súa empresa construíu un edificio de seis plantas en dominio público, e isto non mereceu ningunha sanción por parte da Xunta de Galiza, a pesar de que había un expediente sancionador. Hai tamén quen ve as rías como emprazamento de industrias contaminantes, como o fixo o Partido Popular coa vergoñenta prórroga de Ence e das portas xiratorias. *(Aplausos.)* O BNG, desde logo, rexeita todas estas actuacións e todas estas formas de ver as rías e o litoral. O BNG quere rías limpas, saneadas e produtivas. E esta desgraciadamente non é a realidade. Pensamos que hai moitos motivos para a declaración da situación de emerxencia nas rías ga-

legas, que teñen graves problemas relacionados coa presión urbanística, industrial, tamén coa contaminación e, sobre todo, coa redución da actividade produtiva. Esta realidade ten moito que ver coa falta de vontade política do Goberno da Xunta de Galiza para defender o sector do mar e sanear as rías. E o que constatamos ademais, porque vostedes presumen aquí de que fixeron investimentos desde o ano 2009 de mil millóns de euros para o saneamento das rías, e a verdade é que moi mal o fixeron para que teñamos as rías na situación que as temos. E é que vostedes mesmos nos seus informes acreditan esta realidade cando falan de que hai 8.451 puntos de verteduras na rede hidrográfica e nas rías —por certo, un río como o Sar, que é o máis contaminado de Galiza pola incapacidade de desenvolver esas infraestruturas necesarias— ou con 1.358 puntos de vertedura nas rías galegas, dos cales segundo as súas estatísticas trescentos cincuenta e oito son contaminantes.

Unha situación que é especialmente preocupante na ría de Arousa, que é a máis produtiva e, ao mesmo tempo, a máis contaminada de toda Galiza, con setenta e oito verteduras contaminantes segundo as estatísticas de Augas de Galiza. E agora con novas ameazas como esa megamina de Touro, con verteduras tóxicas tamén acreditadas por estudos da propia Xunta de Galiza.

E máis alá dos datos que nos dá a Xunta, hai estudos independentes encargados polo sector, como, por exemplo, o que fixo o sector produtivo da ría de Arousa, que tivo que contratar a Universidade de Vigo para facer as análises nas augas, nas verteduras contaminantes das augas depuradas e non depuradas, e que acreditan zonas contaminadas mesmo na contorna de depuradoras de última xeración, como pasa coa depuradora de Cambados. O que demostra, polo tanto, e constata importantes deficiencias na rede de saneamento e depuración, que son un todo, e o insuficiente ou inexistente tratamento terciario nas EDAR. Ao mesmo tempo, os datos doutro estudo da Universidade de Vigo retratan o declive do emprego da produtividade das rías galegas. E só no que ten que ver co marisqueo a pé falan da perda de 2.725 postos de traballo, o 41 % do emprego; por certo, emprego feminino.

Esta situación, desde logo, ten múltiples causas. Moitas delas son decisións políticas adoptadas pola Unión Europea e seguidas servilmente pola Xunta de Galiza do Partido Popular. Desde logo, tamén actúa e inflúe o cambio climático, a contaminación das rías, a presión urbanística ou tamén a presión industrial.

O BNG, vista esta situación, vai apoiar esta iniciativa do Grupo Socialista. E tamén achegamos algunhas propostas complementarias, como a necesidade dun estudo global e integral, que entendemos que se lle debe encargar á Universidade de Vigo, así como un plan integral para a rexeneración e o aproveitamento dos recursos naturais produtivos, turísticos e de lecer. Tamén lle pedimos ao Goberno que, tal como di a lei, faga un plan xeral de abastecemento e, sobre todo, un plan xeral de saneamento, de maneira que se planifiquen as actuacións e non se fagan dunha maneira improvisada e oportunista e por intereses partidistas. Tamén pedimos que se conclúan esas obras de dragaxe dos fondos das rías de Pontevedra e do Burgo e que se rematen tamén as obras da depuradora. E, por último, propoñemos, a través dunha emenda, demandar do Goberno do Estado —esperemos que o Partido Socialista sexa sensíbel a esta petición— a anulación da prórroga de Ence para garantir o futuro da ría de Pontevedra, libre da peste de Ence, da peste das portas xiratorias e da corrupción, das redes dos sumidoiros do Estado, do PP, condenado por corrupción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O mesmo lle digo, hai que ler o informe, hai que ler o informe. Lea o informe e así... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non, vostede sabe ao que me refiro; xa levo todo o día dicindo isto.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Evidentemente, o saneamento das rías é unha cuestión de vital importancia para Galicia e o seu desenvolvemento. Estamos falando dunha cuestión estratéxica para o país, falamos dunhas rías moi agredidas durante moitos anos, unha merma constante da calidade das súas augas que afecta moi negativamente os sectores produtivos dependentes das mesmas.

Dende o noso grupo concordamos con esta proposta e coa urxencia de actuar sobre as rías galegas, pero propoñemos dúas emendas:

Unha de substitución sobre un subpunto co que non concordamos coa fórmula, e o cal pediriamos que en caso de non ser aceptado ou en caso de non chegar a transaccionar que nos permitira a votación por puntos, para que ese subpunto o puideramos votar diferenciadamente.

E tamén aportamos unha emenda de engádega noutro subpunto, que ten que ver coa firma do convenio para solucionar os problemas da EDAR de Compostela, onde concordamos coa necesidade de firmar ese convenio. Pero nós propoñemos unha fórmula xa concreta, que se ten amosado a máis racional e a máis respectuosa social e medioambientalmente, que conta co respaldo da USC. E, polo tanto, propoñemos que se engada esa fórmula concreta.

A outra emenda, a emenda de substitución, que propoñemos ten que ver co saneamento da ría de Pontevedra. Nós entendemos, seguindo as directivas da Unión Europea e dos colectivos ecoloxistas con respecto ás actuacións de dragaxe, que se deben acometer naqueles casos nos que estean moi xustificados e non existan solucións alternativas e o impacto sexa reducido. E entendemos que na ría de Pontevedra non está garantido isto. Polo tanto, o que propoñemos é que se faga previamente un estudo, porque sabemos o tipo de lodos que hai na ría de Pontevedra e que durante moitísimos anos o complexo industrial Ence-Elnosa estivo vertendo mercurio e chumbo á ría de Pontevedra, polo complexo privatizado polo partido corrupto Ence-Elnosa, empresa que está condenada polo Supremo por este mesmo motivo. O río ten vida propia, non se pode canalizar, e nós temos que entender as súas dinámicas. Á parte é imposible tratar de controlar o río porque seguirá sedimentando onde queira ou onde se lle deixe, o cal é moi perigoso. E a dragaxe nós entendemos —por iso pedimos que se faga un estudo— que sería unha solución a curto prazo, pero non a medio e longo prazo, e que se poderían xerar outros problemas tamén polo tipo de lodos que contén o fondo da ría.

Polo tanto, o que nós propoñemos é a realización dun estudo rigoroso na ría de Pontevedra que nos dea un mapa real dos motivos polos que os sedimentos se están a depositar alí onde o están facendo e que tipo de lodos conteñen. Unha vez que teñamos este informe, acometer a actuación máis acaída, menos agresiva co medio ambiente e máis favorable á mellora dos sectores produtivos da ría. Porque todas sabemos que hai diferentes infraestruturas na ría que mudaron as correntes e o sedimento do río e da ría, e todas sabemos que Ence-Elnosa estivo depositando mercurio e chumbo no fondo da ría. Polo tanto, entendemos que o estudo sobre esta cuestión é fundamental para ofrecer unha solución duradeira. E creo que temos o reto, que o reto é converter a ría de Pontevedra nun motor para a comarca, para os concellos, un motor económico para os concellos da ría, para tratar de recuperar os miles de postos de traballo que se perderon nesta ría.

E, claro, se falamos de saneamento integral da ría e se falamos de corrupción, loxicamente, temos que falar de Ence-Elnosa, do complexo industrial privatizado entre 2001 e 2003, cunhas condicións adaptadas a un tempo concreto de concesión, que remata dentro de pouco, máis dun mes, o 29 de xullo deste ano. E agardamos que o Goberno central non decepcione a cidadanía de Pontevedra e de Galicia e que cumpra coa súa promesa de sacar Ence da ría de Pontevedra. É urxente acometelo agora porque —como digo— aínda non se fixo efectiva a prórroga da concesión, aínda estamos coa concesión inicial. Polo tanto, entendemos que hai máis posibilidades e máis fórmulas para poder sacar Ence da ría de Pontevedra, que é fundamental para dinamizar esta ría e convertela en motor económico para a comarca.

Aquí hai distintas fórmulas e temos ata o 29 de xullo para ter moitas máis posibilidades, que poderían ir polo camiño de camiñar pola derrogación da Lei de costas, analizar a posible derrogación da prórroga irregular do partido corrupto, actuar sobre os incumprimentos de concesión, podemos negociar coa empresa e mesmo se pode contemplar a opción de recuperar para o público unha empresa privatizada, para que despois poidamos tomar as decisións. Hai diferentes vías, hai moitas fórmulas, pero a partir do 29 de xullo teremos menos.

Polo tanto, agardamos e pedímoslle ao Partido Socialista que cumpra coa súa palabra. E hai unha PNL aprobada no Congreso, transaccionada entre o PSOE e En Marea, para retirar Ence da ría. Polo tanto, agardamos que o que solicitaba o PSOE dende a oposición o cumpra agora dende o goberno. Entendemos que a cidadanía de Pontevedra e a cidadanía de Galicia non podería perdoar e, dende logo, non podería olvidar que se perda unha oportunidade como temos neste momento tras a moción de censura e o novo Goberno.

Pola nosa banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O se**ñor TRENOR LÓPEZ:** Boas tardes.

Grazas, presidente.

Un saúdo aos veciños de Pontevedra e da Coruña que están hoxe aquí no pleno.

Eu, señor Cal, pensei que ía vostede pola boa liña. Vostede pedía prudencia en relación coa dragaxe e pedíalle tamén coherencia ao Partido Socialista e que seguira a defender o que defendía dende a oposición, así como que aquilo que defendía que se convertera agora en compromisos. Pero despois a vostede pódelle, quizais, iso de meter a *pullita* e intentar gañar algúns puntiños dentro do seu partido ornamental. E, claro, é que cando son vostedes mesmos os que din o que se di do seu partido, porque eu referinme ao «partido ornamental», pero quero lembrarlle cando tamén falaban vostedes de que eran «*una patera asquerosa*». Quero dicir que ás veces é importante non moverse do debate, e esas *pullitas* innecesarias non enriquecen para nada o debate, sobre todo por respecto aos que nos están a escoitar e ao resto dos galegos.

Mire, esta iniciativa abrangue moitísimos aspectos: un sobre a administración, sobre as competencias que ten a Administración galega; outro sobre as competencias que son do Estado ou dos municipios. Fala tamén de casos concretos e outros de carácter máis xerais, sobre o marisqueo, sobre a depuración; tamén fala do saneamento, de planificación, das infraestruturas, de dragaxes e de moitas cousas máis. É verdade que é tan ampla a iniciativa que é moi frustrante non ter tempo para falar a fondo de todo e tamén á vez defender tamén a emenda que o noso grupo presentou. Tamén é moi frustrante non poder facer caso a todas as súas alusións, señora Vilán, pero este é o formato das mocións.

O que si que lle pediría, señora Vilán, que ten vostede un costume moi desagradable, é que non modifique nin cambie as miñas palabras. Porque vostede ten o costume de medio reproducir, de medio reproducir como se foran citas textuais o que produce aquí. E ademais nós non temos a oportunidade de replicarlle e dicirlle: mire, iso non se dixo, non o reproduza, non faga como que está entrecomillado, e non minta, porque iso, en definitiva, é mentir.

Mire, vostede é coñecedora das competencias que ten a Xunta de Galicia, e destácao así na primeira liña da súa moción. Pero, sen embargo, despois utiliza unha linguaxe deliberadamente ambigua e confusa nuns casos, e noutros utiliza certas expresións para trasladarlle a competencia á Xunta de Galicia. Por exemplo, no caso da dragaxe da ría do Burgo pide vostede que a Xunta favoreza o seu remate inmediato. Vostede sabe que as competencias son do Ministerio, e por iso nós propoñémoslle na nosa emenda «instar o Estado á urxente aprobación definitiva da dragaxe da ría do Burgo e á licitación inmediata da mesma».

A dragaxe, para quen non o saiba, é só unha parte do problema arrastrado durante décadas *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* de verteduras sen depurar da ría da miña cidade. O primeiro que se fixo foi mellorar as infraestruturas de depuración. A Xunta de Galicia investiu máis de cen millóns de euros nas infraestruturas de depuración nos últimos quince anos. Actualmente están en execución as dúas últimas obras do Plan de saneamento local, que se iniciaron xa o ano pasado. A maiores, dende o 2011 o Goberno galego e os concellos da zona levaron adiante o Plan de saneamento local da ría do Burgo, que tiña entre outros obxectivos eliminar as verteduras urbanas, e avanzouse moito por parte dos concellos. Pero é verdade que segue habendo verteduras e os concellos teñen que seguir esforzándose para eliminalas. E agora o que resta é que o novo Goberno central manteña o compromiso amo-

sado polo Executivo de Mariano Rajoy coa dragaxe da ría do Burgo e leve a cabo a aprobación definitiva da dragaxe e a licitación inmediata da mesmo.

En relación co punto 1, de colaborar co Ministerio —vostede di— de Transición Enerxética e Medio Ambiente ante as sancións económicas da Unión Europea a España, eu, señoría, sobre o requirimento da Unión Europea ao que vostede fai referencia, quero deixarlle claro unha vez máis que se trata dunha denuncia que afecta dezasete núcleos urbanos de toda España, dos que tres son de Galicia. O encargado de facer esa defensa ante Europa é o Goberno central, penso que a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica, non como di vostede para a Transición Enerxética e Medio Ambiente, que nisto non son eu o que estou confundido. E o que está a facer a Xunta é colaborar en todo momento e con plena disposición para realizar todas as actuacións que sexan necesarias. Por iso a nosa emenda incide en que se continúe colaborando de conformidade coa normativa aplicable co Ministerio de Transición Ecolóxica.

En canto ao planeamento, que pide vostede que se execute integramente neste ano 2018, permítame que lle diga que ten trampa, porque vostede sabe que non depende unicamente da Xunta de Galicia. Si que é verdade que dende o ano 2009 se investiron máis de mil cen millóns de euros en saneamento e abastecemento, e leváronse a cabo máis de trescentas cincuenta actuacións de saneamento en cento sesenta e cinco concellos, e máis de trescentas actuacións en materia de abastecemento en cento oitenta e seis concellos. E a pesar de ter feito máis de seiscentas actuacións segue a quedar algunha sen facer. Claro que si, e vostede sábeo. ¿E por que o sabe? Porque, por exemplo, en Poio, estivo bloqueado anos polos problemas que había para poder dispoñer dos terreos por parte do concello responsable.

No caso dos Praceres, a ampliación definitiva que permite o cumprimento da directiva require unha tramitación dos prazos de exclusión de, como mínimo, tres anos. Co cal o que vostede plantexa parece cando menos irreal, parece que non responde a un coñecemento do problema senón máis ben a un oportunismo político.

E en Santiago, porque xa o comentou vostede. Mire, a construción da nova EDAR é un proxecto que foi liderado polo Ministerio que implica as tres administracións: o Estado, a Xunta e o concello. Foi un proxecto no que custou moitísimo decidir; houbo reunións no 2016, no 2017, no 2018, e grazas a iso houbo compromisos por parte de todas as administracións. Pero, de repente, o Concello racha con todos estes acordos, tanto co emprazamento como coa repartición do financiamento. Pero, señora Vilán, estamos ante un inasumible atraso do que poderían derivar graves consecuencias, como a perda de fondos, pero sobre todo a principal é que non se vai executar esta obra.

Por todo isto, se me pregunta se eu considero prioritario que Santiago conte cunha nova EDAR, a resposta é si, e que debe tela o antes posible. Por iso confío en que o Concello reflexione...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e asuma os seus compromisos para que Santiago conte con esta infraestrutura necesaria. E por iso nós queremos instar o Concello a que asine o convenio de colaboración co resto das administracións. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Trenor, terminou o seu tempo. Xa está, grazas.

Grupo autor da moción, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Efectivamente, é unha iniciativa, unha moción ambiciosa porque, realmente, este tema preocupa. E só fai falta ler o informe dos eurodeputados da Comisión da Unión Europea que viñeron en 2013 e que, efectivamente, nos advertían do risco, do grave perigo en que están as nosas rías, que son moi produtivas, pero que había que tomar medidas urxentes.

Señor Trenor, vostede non é tan importante como para que eu o cite literalmente nas miñas intervencións. Eu falei das verbas da conselleira, non das súas. Falei do que dixo a conselleira, non do que dixo vostede. *(Aplausos.)* Se o teño que citar, fágoo aquí, así como o estou facendo agora, pero non falei de vostede en ningún momento. *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* Si citei literalmente...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, señor Trenor.

A señora VILÁN LORENZO: Si citei literalmente a sentenza da Gürtel. Quizais esa cita literal foi o que a vostede lle molestou máis, non o sei.

Esta iniciativa —como dicía antes— é ambiciosa. Se vostedes cren que levamos un atraso inasumible, e levan uns trinta anos gobernando Galicia, e nos últimos oito anos gobernando España, estaría ben que vostedes trouxeran esta iniciativa aquí. É máis: vostede, en vez de preocuparse tanto por ir nas listas á Alcaldía de Coruña, pois pode traer iniciativas aquí sobre a ría do Burgo e sobre a depuración e o saneamento das rías de Galicia. E así pois todos tan felices. E eu podería intervir só con cinco minutos e vostede tería dez, e toda a interpelación do pasado pleno para intervir vostede só. E parece que nos botan a culpa de que dende a oposición fagamos o noso traballo. Pois así é.

Rexistráronse emendas por parte de todos os grupos. E iso quere dicir que a iniciativa ten o suficiente peso e o problema ten o suficiente peso en Galicia como para que todo o mundo... *(Murmurios.)* Eu non sei se o señor Trenor... Presidente, eu cédolle se quere o meu tempo e que saia aquí e facemos un coro entre os dous, que sería seguro moito máis divertido e nos espabilaría moito máis a todos despois de comer. Pero vostede tivo o seu momento e, de feito, falou máis tempo do que lle correspondía, señor Trenor. Entón, eu pídolle, por favor, que me deixe intervir a min con certa calma.

A ría de Pontevedra ten dúas zonas CES, señor Trenor, e ten un problema de depuración. E nós cremos que con relación ás emendas que plantexa o BNG, a depuración da ría é tan importante como que temos que entrar na propia depuración e no propio saneamento e no tratamento dos residuos de todos os concellos que están ao redor. Cremos que parte do que pide vostede na súa iniciativa, o BNG en concreto, xa está na nosa petición e, polo tanto, non imos aceptar as emendas.

A ría de Arousa. Ence, efectivamente, está na súa emenda, pero entendemos nós que Ence non ten que ver coa depuración da ría. E por iso cremos que Ence merece suficientemente un debate individualizado só sobre Ence e non sobre a depuración das rías galegas e o tratamento dos residuos líquidos, que é precisamente do que estamos a falar hoxe.

A ría de Arousa, efectivamente, é unha das máis contaminadas. E sobre todo téñeno en conta as persoas que se dedican ao marisqueo, que están sufrindo un 25 % menos nas súas capturas que no ano pasado.

E, por certo, Poio tamén verte —é verdade— á ría de Pontevedra. Ao mellor, terían que falar vostedes co señor Telmo Martín e insistirlle de novo en que en Sanxenxo, en Pampaído, había un sitio magnífico. E, de feito, teñen vostedes en Augas de Galicia un proxecto e varios anteproxectos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...sobre a depuradora de Pampaído.

Con relación ás emendas de En Marea e do Partido Popular. A do Partido Popular, evidentemente, non a imos aceptar, porque aquí non se continúa nada, porque nada se fixo. E xa o dixen varias veces que menos de cero é negativo. E respecto das emendas de En Marea, cremos que quizais tamén merecerían en parte iniciativas diferentes e, polo tanto, tampouco as imos aceptar.

Grazas. *(Aplausos.)*

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos, polo tanto, á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Non se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Vostede pedira a votación por puntos?

Señora Prado, ¿acepta a votación por puntos?

Creo que son tres puntos, ¿non? ¿Son tres puntos? Teño agora na memoria que son tres puntos, pero igual estou eu trabucado. ¿Son tres puntos, señora Prado? Si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Cal quere votar, o último separado?

Entón, votamos en primeiro lugar os dous primeiros puntos.

Votamos.

Votación dos puntos 1 e 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32 ; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 1 e 2 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto terceiro desta moción.

Votación do punto 3 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 37; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 3 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Antón Sánchez.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema financeiro de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Vilán.

Non se aceptaron as emendas presentadas polos grupos.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento dos residuos líquidos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Remataron as votacións, abran as portas, por favor.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Carmen Santos Queiruga, sobre a implantación pola Xunta de Galicia dun observatorio autonómico galego para a defensa da transparencia no acceso e na xestión das institucións investigadoras e universitarias

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boa tarde, señores deputados e deputadas.

Señor presidente, quero comezar a miña intervención amosando tamén a dor pola miña parte, por parte do meu grupo, da asasinada pola violencia machista no Porriño, porque cremos que é unha cousa que non se debe esquecer.

Aínda que esta iniciativa, como outras que traemos do noso grupo, vén vinculada a un dos grandes problemas que actualmente está preocupando e que ten en *shock* a todo o país e a todo o Estado, que é a corrupción e as medidas que hai para loitar contra a corrupción, ademais das condenas, como neste caso do Partido Popular, condenado por corrupción tras a sentenza da Gürtel, as medidas preventivas ademais das condenatorias e as de subsanación de delitos, que xa estamos agora mesmo vendo a diario e que por desgraza van seguir protagonizando a actualidade política do noso país.

Neste sentido, a min gustaríame salientar —dígoo con pena— que eu me esperaba por parte do presidente da Cámara, do señor Santalices, unha persoa á que, por certo, eu lle teño estima e aprecio, por iso lamento especialmente o que pasou no pleno da semana pasada cando eu intervín, e que, polo menos, houbera unha vontade de retirada da chamada á orde que recibín, por ser tan ilegal e inconstitucional como atentar contra a liberdade de expresión desta deputada e doutra deputada do Grupo do BNG, da señora Ana Pontón, e que, sen embargo, seguimos incidindo en intentar xustificar algo que foi inconstitucional e que foi contra a liberdade de expresión, que é dicir que o Partido Popular foi condenado por corrupción, como

partido corrupto. Agradezo ao portavoz de Xuíces para a Democracia, o señor Joaquín Bosch, que unha vez máis a nivel nacional, onde non hai cerco informativo, afirmou que o que pasou neste parlamento foi iso, inconstitucional, e foi en contra da liberdade de expresión.

Nós entendemos que para vostede, señor Santalices, que incluso os letrados tiveran que corrixir a interpretación que fixo do seu informe, que o señor Feijóo se desmarcou do que fixo vostede, e que vostede ten un pouco agora que xustificar a marcaxe que, probablemente, o señor Puy e a señora Prado, os presidentes na sombra, fan habitualmente neste parlamento, que consideran da súa propiedade e patrimonializan para facer uso partidista e tapar as vergoñas do Partido Popular.

Entón, eu lamento que, por exemplo, tiveramos que tomar outro tipo de iniciativas, como que a deputada, a miña compañeira Eva Solla e mais eu tamén lle solicitamos un informe aos Servizos Xurídicos para saber cales son as expresións que podiamos empregar neste debate parlamentario en relación coa sentenza da Gürtel, da que aínda non puidemos ter contestación; en vista de que a señora Ana Pastor non actuou como vostede nesta cámara no Congreso dos Deputados cando os grupos afirmaban que son un partido corrupto.

Dito isto, eu fágolles unha proposta polo debate que tivemos hoxe. Eu entendo que a vostedes lles xere malestar, igual que toda a cidadanía, o que está pasando co Partido Popular e que os engloben a todos na corrupción do seu partido, do seu partido corrupto. É lóxico o que dicía o señor Fernández Gil, de que porque existan corruptos nas súas filas, e dicía o señor Puy que aquí non hai ningún deputado imputado —é correcto, paréceme que é verdade—, pero téñeno tan fácil como darse de baixa do seu partido corrupto. E, ademais, como agora, usando o sentido do humor, está de moda crear partidos, poden crear un partido en Galicia; xa hai meses llelo dixemos; pódense chamar «En Galicia si», «Feijóo si», e entón xa se desmarcan do PP de Madrid, aínda que cos casos de corrupción de Galicia teñen que quedar, teñen vostedes que achantar con eles, e despois xa compiten con Ciudadanos e Vox, aí pola dereita; poden incluso presentarse en coalición ás eleccións se lles vai moi mal nas enquisas. Van ter que achantar con casos como o do señor Martín, que habitualmente sempre está facendo acusacións... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...sobre supostas inmobiliarias Ferreiro. Como lle dixen ao señor Pazos na Comisión 1ª, as inmobiliarias Telmo Martín, ou as especuladoras Telmo Martín, si que son un caso de corrupción estrutural das empresas e o PP, onde un alcalde do PP é membro ou accionista dunha empresa que despois comete delitos, que son despois condenados polo Tribunal Supremo, e por riba de sobrecustos, sobreprezos de vivenda protexida, dos máis desfavorecidos. E xa saberemos despois se algún día se sabe se hai doazóns do señor Telmo Martín ao Partido Popular de Galicia, como cando facía negocios o señor Pablo Crespo. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Pero ben, sen contar con que nós si que non imos amordazar este Parlamento, nós non o imos amordazar, como pasou no pleno pasado.

Eu non teño ningún problema. Mágoa que non estea a señora Prado, que ela fale da miña compañeira de grupo a señora Paula Quinteiro. É certo que mentir está mal, dicir que unha persoa comete delitos cando é mentira, como fixo M. Rajoy con Paula, e que despois o que foi botado e expulsado do Executivo foi M. Rajoy, por mentireiro e por corrupto. Pero, claro... *(Murmurios.)*

Eu quero dicir algo en honor á señora Paula Prado. Cando ela foi implicada e imputada pola Pokémon, e pola célebre frase «*regalos de la hostia*», pois polo menos tivo a dignidade, para protexer as súas siglas, de dimitir como vicevoceira, aínda que de deputada..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Cando imos falar das investigadoras universitarias?

A señora SANTOS QUEIRUGA: Si, si, é que ten relación coa corrupción. Polo menos...

O señor PRESIDENTE: Pero ¿cando?, ¿cando? ¿Cando ten pensado falar diso?

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...ela dimitiu como voceira e deixou, iso si, a súa condición de deputada como aforada.

O señor PRESIDENTE: Señora Santos, ¿cando ten pensado falar das investigadoras universitarias?

A señora SANTOS QUEIRUGA: É que está relacionado coa corrupción.

O señor PRESIDENTE: Non, perdoe. Si, ¡home!, ¡por favor! Ben, non corría présa iso.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Porque este é un contexto. Cando dicía o señor Tellado que na moción de censura houbo grupos que optaron polo emprego e outros que non, eu dígolle e voulle explicar, señor Tellado, a vostede, como politólogo, que o que se votou no Congreso dos Deputados era: corrupción si, corrupción non; partidos que apoiaron a corrupción: PP e Ciudadanos.

O señor PRESIDENTE: As investigadoras.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Porque vivimos —e isto xa é parte da exposición de motivos— nun período de crise de credibilidade nas institucións, en gran medida polos constantes casos de corrupción que afectan o país e que teñen o gran protagonista do Partido Popular, condenado por corrupción. E esta mala credibilidade e esta falla de boa opinión por parte... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...dos cidadáns no sistema institucional é por culpa do Partido Popular, condenado por corrupción. Entón, de nós depende recuperar a confianza da cidadanía, que pasa por outras medidas... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Señor Tellado, silencio, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Por favor, señor Santalices, vostede é presidente de todos os grupos, non do PP. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

Señor Tellado, ¡silencio, por favor! Silencio. Xa está.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Señor Tellado, eu estou falando de corrupción e non vou entrar nas tonterías que vostede di.

As institucións deben render conta pública... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio. Señor Tellado, por favor, silencio. Xa está.

Prosiga, señora Santos, prosiga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ¡Home!, señor Tellado, vostede fixo de todo e a señora Paula Prado, menos ir á cuestión, antes. Entón, eu si que estou falando de corrupción, que é do que vai a iniciativa; a iniciativa vai de corrupción e estaba facendo unha contextualización da situación actual.

Repito: de nós depende recuperar a confianza da cidadanía, que vostedes mancharon e deslexitimaron as institucións, e, entre outras medidas, hai que mellorar a transparencia e o bo goberno. As institucións deben render conta pública de maneira activa das súas actividades á sociedade. Esta rendición de contas tamén afecta, por suposto, as institucións investigadoras e as universidades, eixo do desenvolvemento cultural, económico e social do país.

Para poder falar de participación cidadá nestas institucións, é necesario que teñamos información visible, accesible e comprensible sobre a súa estrutura, a súa organización, normativa, obxectivo, resultados, orzamento, uso de fondos públicos, contratación con terceiros, e resulta, polo tanto, imprescindible para o correcto funcionamento das institucións investigadoras e das universidades avanzar no camiño da transparencia e acceso da información sobre a acción do goberno e a xestión económica e administrativa e os resultados alcanzados pola súa actividade.

Co fin de acabar coa falla de transparencia, especialmente nos procesos de selección e acceso nas institucións investigadoras ou universitarias, por iso propoñemos esta creación dun observatorio autonómico para a defensa da transparencia no acceso e xestión das institucións investigadoras e universitarias.

Casos que pasaron en Galicia, que nos trasladaron persoal investigador, que quixeron ter acceso a expedientes de adxudicación de axudas á investigación concedidas pola consellería, e que nin sequera non é que foran colgadas de maneira telemática, como agora fan a nivel europeo, incluso a nivel estatal, senón que lles pedían que tiñan que vir aquí á consellería ver o expediente para ver as baremacións, e nin sequera lles permitían fotocopiar as bare-

macións do expediente, senón que tiñan que velas en persoa e non podían nin sequera levalo para poder valoralo nos centros de investigación.

Non entendemos que isto se efectúe desta maneira. Por iso traemos esta iniciativa, porque a cidadanía e os profesionais poden ter acceso de maneira transparente a esta información. É necesario e obrigado.

Este observatorio actuaría contra outros problemas sistémicos destas institucións que provocan arbitrariedades e inxustizas no acceso á carreira docente e investigadora, como, por exemplo, a situación de precariedade do seu persoal. Ademais, servirá de sistema de alerta sobre os problemas de transparencia de órganos e procesos das institucións públicas de investigación e universidades. Pretendemos que este sexa un organismo aberto á cidadanía e receptivo a queixas sobre a falla de transparencia, a equidade no sistema español e galego de investigación.

A base de toda administración pública debería ser a transparencia, hoxe máis que nunca, o acceso á información pública e as normas de bo goberno. Cando a sociedade é coñecedora da toma de decisións no seo das institucións, do manexo dos cartos públicos e dos criterios que se manexan para levar a cabo as actuacións que nos afectan, podemos empezar a crer que as institucións responden ás demandas da cidadanía e non ás demandas de empresas, ás demandas de partidos que despois son condenados por corrupción e por un financiamento irregular. E, polo tanto, consideramos que medidas como estas deben de ter o consenso de toda a Cámara, e non valen escusas para non votalas a favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Non vou entrar nalgúns comentarios que fixo, señora Santos, porque, ademais, foron directamente dirixidos á Presidencia. Teño a conciencia moi tranquila da miña actuación, e estou absolutamente convencido de que, se vostede fora a presidenta do Parlamento, a actuación súa sería impecable, absolutamente convencido. *(Murmurios.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde tamén ás persoas que nos acompañan na bancada de convidadas.

Eu creo que hoxe, señor Santalices, paro o conxunto da Cámara, quedaron ou están quedando dúas cousas claras: non se pode amordazar un Parlamento, non se pode amordazar un Parlamento nin tampouco se pode intentar tapar o sol cun dedo. *(Aplausos.)* Non se pode intentar reescribir permanentemente a realidade, non se pode. E creo que é obvio, con todas e cada unha das intervencións que se están a producir hoxe aquí: por moito que se intente desvirtuar, terxiversar ou incluso silenciar, a realidade sempre acaba por imporse.

A respecto da iniciativa que presenta hoxe o Grupo de En Marea, nós sempre defendemos desde o BNG, no que ten a ver coa xestión das administracións públicas, sexan cales sexan,

sexan as institucións do sistema universitario público do noso país, sexa esta Cámara, sexa calquera das áreas que compoñen o Goberno, sempre cremos, sempre defendemos e sempre apoiamos todas as iniciativas e todas as medidas encamiñadas a deitar «luz e taquígrafos», como se dicía pola mañá, pero sobre todo a dar transparencia, a garantir o dereito de acceso á información, o establecemento de mecanismos de control nas distintas actividades que desenvolven estas administracións públicas e que se encargan ademais da xestión con esas actividades de fondos públicos, saídos, como todos os orzamentos que se manexan, dos petos das traballadoras e dos traballadores do noso país. Nese sentido, imos apoiar tamén, como xa temos feito noutras ocasións, esta iniciativa.

Cremos, ademais —e é de xustiza tamén recoñecelo—, que as universidades teñen avanzado nos últimos anos moito en materia de transparencia, en materia de mellorar e garantir ese dereito de acceso á información. Teñen nas súas páxinas web —son consultables, ademais, por calquera persoa— os portais de transparencia. É certo que non todas cos mesmos criterios, non todas co mesmo grao de desagregación da información que se pode consultar, pero si que é verdade que nos últimos anos se ten avanzado —xa digo— en aras de garantir ese acceso á información, tamén nalgúns casos nos procesos de contratación, nos criterios que rexen eses procesos e tamén na xestión que se fai dos propios orzamentos.

Nesta sesión plenaria no día de mañá tamén se falará precisamente dun dos grandes problemas que teñen as universidades deste país, que é precisamente garantir os fondos e os orzamentos suficientes para desenvolver a súa función, non só docente senón tamén investigadora.

Algunhas delas incluso —estaba repasando eu estes días eses portais de transparencia—, como o caso da Universidade de Vigo, ten aprobado no ano 2017 un regulamento precisamente de transparencia para garantir ese acceso de información ao conxunto da comunidade educativa e ao conxunto da sociedade.

Nós xa digo que apoiaremos esta iniciativa, que faremos como tantas veces temos feito, en aras de garantir a transparencia, o dereito de acceso á información e, sobre todo, tamén o establecemento de mecanismos de control que nos permitan saber a onde van parar os fondos públicos, que —insisto— moitos deles saen dos petos das traballadoras e dos traballadores deste país.

Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Ben, eu a verdade é que estou un pouco perplexa, perplexa sobre todo pola iniciativa, e estou perplexa e non entendo a operatividade desta iniciativa. Non o entendo, porque, ademais,

vou referirme ao que está escrito, pero tamén ao que dixo vostede, señora Santos. Vostede dixo que se necesitaba esta resolución porque uns investigadores non podían acceder a datos que ten que dar a Xunta. ¿Pero como pode culpar vostede as universidades duns datos que non dá a Xunta? As axudas están concedidas pola Xunta. Logo, para min, de verdade, semella que quere estender vostede unha sombra de corrupción e de falta de transparencia sobre unhas institucións que nunca, nunca, deron probas diso.

Eu entendo que, con todo o que está pasando co Partido Popular, que levamos anos falando de corrupción e cun partido de goberno do que xa realmente os tribunais o dixeron, que era corrupto, tendamos a pensar que se necesita transparencia e normas con todo o mundo. Pero é que non é así. *(Aplausos.)* Hai que loitar contra a corrupción que existe, non contra a corrupción que non existe. Porque vostede non ten ningunha proba sobre unha universidade galega de mal funcionamento ou de corrupción, ou de malas prácticas.

Por outra parte, eu creo que, dalgunha maneira, está no descoñecemento do funcionamento das universidades, porque mire, señora Santos, en primeiro lugar, isto atenta contra o dereito fundamental que garante a Constitución, que recoñece ás universidades o dereito á autonomía. Pero é que iso non quere dicir que poidan facer calquera cousa. O dereito á autonomía non quere dicir que poidan facer o que queiran. Non. Teñen que render contas. Pero é que a universidade, as universidades, señoras Santos, renden contas.

É que vostede di, por escrito e oralmente —acaba de dicilo—, que quere ter información da súa estrutura, a súa organización, a normativa, os obxectivos, os resultados, os orzamentos, a contratación, a acción de goberno, a xestión económica e administrativa. Vaia ás súas páxinas web; é que está todo; está a organización, están as accións de goberno, están os gastos.

Pero vostede sabe, señora Santos, que os gastos da universidade, as contas da universidade, son examinadas por unha auditoría externa, logo van ao Consello Social —onde están os sindicatos, onde están, ademais das universidades, os empresarios— e logo son auditadas tamén polo Consello Social de Galicia? Pero ¿onde está a presunta corrupción?

Vostede fala tamén de que isto é necesario para evitar problemas como a precariedade. Non, mire, é que a precariedade do profesorado e do persoal non deriva dunha presunta opacidade ou problema sistémico, deriva de que non hai diñeiro, deriva de que o PP restrinxiu todos os recursos das universidades. *(Aplausos.)* ¡De aí deriva! É un problema de diñeiro. ¡Claro que existe a precariedade!, pero existe porque o Goberno de Feijóo restrinxe os recursos. Non hai tal cousa.

Di que hai problemas sistémicos. Señora Santos, ¿sabe vostede —ademais, imaxino que si— que todas as contratacións e provisións de prazas se fan publicamente? Son públicos os baremos, son públicos os tribunais. Por seren públicos todos neste caso os profesores, son avaliados externamente pola Axencia de Calidade. Pero ¿como que hai problemas sistémicos? Eu entendo que pode haber irregularidades concretas, como en calquera sitio; si, pode haber algunha irregularidade, unha falta de incumprimento; non lle digo eu que non. Pero para iso están os tribunais. E, por certo, as universidades son capaces tamén de examinar os problemas que teñen dentro ou que poden sufrir dentro. Por poñerlle un exemplo, a Universi-

dade de Málaga; por poñerlle outro, a Universidade Complutense de Madrid, que si viron que un becario de investigación non cumpría as súas obrigas ou que un profesor estaba traballando na privada. Pero é que iso o viron tamén as universidades.

Mire, nós non podemos aceptar isto, porque, ademais, considero que nin sequera é legal. Porque, ademais, ¿como vostede pretende fiscalizar as universidades cun observatorio autonómico? É dicir, que o Partido Popular, que bastante está sendo para romper a autonomía das universidades, que, a verdade, entrou a saco nelas, por certo, como todo goberno autoritario que quere terminar coas universidades, que primeiro recortan os ingresos e logo a autonomía, ¿como vostede pode dicir que poñamos en mans da Xunta un observatorio que aínda por riba examine máis as universidades? Eu creo que non podemos, dende logo, ir en contra dun principio constitucional, non vemos ningunha necesidade.

E o que si cremos é que os profesores, persoal de administración e estudantes, que si están en todos os órganos, por certo, de goberno das universidades, que son suficientemente democráticos para que toda a comunidade universitaria estea nos órganos de goberno, estarán perplexos con esta iniciativa. ¡Por favor!, non leve a corrupción duns a outros, porque iso é unha irresponsabilidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

A verdade, señora Burgo, é que creo que non entendeu por que a señora Santos falou e trouxo isto aquí. Ten toda a razón: non ten nin pés nin cabeza esta proposición non de lei.

Pero o que ela trouxo é para falar do seu libro, élle igual. O pleno pasado foi unha e xa se debatera en comisión, e esta vez colleu a primeira que falaba por alí de transparencia ou do que fora, para chegar aquí e dedicar as tres cuartas partes do tempo a falar doutra cousa e non da universidade, porque iso —como ve— non o coñece, pero tampouco lle interesa absolutamente nada.

Por outra parte, e falando de transparencia, xa que iso é do que falaba a proposición non de lei que escribiu, á xente de esquerdas gústalle moito falar de transparencia pero logo cando gobernan é o polo contrario. E como os das Mareas queren ser máis de esquerdas, son de verdade os que menos transparencia teñen.

Algúns datos, porque agora xa gobernan nos sitios, entón xa vemos como gobernan. Déixenme que lles fale da Coruña. En dous anos perdemos dezasete postos en transparencia no ránking de transparencia internacional, ¡dezasete das cidades españolas en dous anos! *(Murmurios.)* ¡Esa é a gran transparencia!

Pero non só iso. Aínda seguimos esperando a que publiquen algunha declaración do IRPF das que dixeron que ían publicar só antes de gobernar. *(Murmurios.)* Tres anos levan, podían presentar algunha máis. ¿De transparencia? O alcalde da Coruña leva dous anos coa súa axenda pública conxelada; o anterior, do PP, publicábaa. ¿Que pasa? Dous anos coa mesma axenda teórica.

Pero miren, as licenzas. É o único goberno municipal de España que esconde as licenzas e as saca da xunta de goberno para non ter que ensinar os expedientes, ¡o único de España! Esa é a transparencia. Antes ensinábana e agora agóchanse, porque algo teñen que ensinar.

Pero mire, claro, ¡que poñan en dúbida a contratación de institucións que son transparentes, como as universidades, e que son impolutas, como acabamos de escoitar, cando vostedes levan só, no 2017, 5.500 contratos menores da Coruña —¡5.500!— a dedo!, *(Murmurios.)* ¡5.500! Iso si, moitos deles resulta que son firmantes da Marea. E fíxense na transparencia. *(Murmurios.)* Como empezamos a oposición e os medios de comunicación a falar dos *amiguitos* firmantes da Marea, resulta que, por casualidade —dentro desa gran transparencia das Mareas—, hai uns días desaparece a lista de firmantes da páxina web da Marea. *(Murmurios.)* ¡Claro! ¡Esta é a transparencia da que nos falan! *(Aplausos.)*

Mire, xa sabemos que vostede... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei se as Mareas... ¡Falamos de transparencia! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Falamos de transparencia. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Non se me poñan nerviosos. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Que, ademais, á señora Santos impórtalle pouco que me meta con Ferreiro, que ela é de Podemos e os outros son... *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —xa sabemos— outra cousa. *(Murmurios.)*

Pero miren, a pesar de que é obrigatorio publicar os contratos públicos —os menores, tamén—, grazas a unha lei do PP, que votou toda a esquerda en contra —incluídos os de Esquerda Unida, agora de En Marea—, pois resulta que o Concello da Coruña non os publica, non vaia ser que vexamos os firmantes. ¿Que pasa? Xa lles dicía o meu compañeiro Fernández Gil: hai que aprender de lecciónns de coherencia e de compromiso. O que non se pode é dicir unha cousa e, cando se goberna, ser os máis opacos de toda España.

Pero mire, este é un exemplo. Eu diría que, se de verdade necesitamos facer un observatorio, eu creo que habería que facer un observatorio das contratacións dos gobernos das Mareas,

(Murmurios.) porque ese si que é un observatorio que necesitamos, porque creo que sobran os exemplos nos poucos sitios que gobernan. *(Murmurios.)*

Non se preocupe, pero quero trasladar especialmente a miña preocupación polo que escribiron, polo que dixo aquí poñendo en dúbida unha das institucións máis limpas que temos en Galicia. E é descoñecer absolutamente como se fai calquera contratación —xa llo dixo a señora Burgo, creo que non vou insistir porque o explicou perfectamente—: con transparencia, con publicidade, con concurso público, xusto o contrario do que están facendo vostedes nas contratacións onde gobernan.

Polo tanto, creo sinceramente que é unha irresponsabilidade intentar manchar uns organismos e unhas institucións que teñen propios sistemas de control. É que é descoñecelo totalmente. Nas prazas hai representantes dos sindicatos, hai baremadas as puntuacións, cada paso publícase, hai organismos de control externo, hai páxinas de transparencia, hai ordenanzas e normativas de transparencia interna das universidades. Hoxe en día faise todo con absoluta transparencia e con absoluta publicidade e coa participación de todos os sistemas e colectivos. Por sorteo participan outros profesores, participan representantes dos sindicatos, publícanse previamente todas as cousas, hai control absoluto. Hai dentro da universidade propios sistemas de control, o propio Consello Social —que é onde participa a cidadanía—, hai control polo Valedor universitario e polo Valedor do Pobo. É que temos ducias... E encima, se me fala dos cartos europeos, despois de todos eses controis, hai control do Ministerio e control europeo dos fondos. Sinceramente, é difícil atopar hoxe institucións, administracións máis rigorosas. Claro, pero pedir estrutura, organización, normativa, obxectivos e resultados, é descoñecer. ¡Publícase todo!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Pero se temos un organismo específico para controlar esas cousas, a Axencia Galega de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). Pero só hai que coñecer un pouco e saber como barema os distintos investigadores e grupos de investigación, con informes anuais, con informes de cada unha das titulacións. É dicir, son independentes, externos. É descoñecer absolutamente.

Sinceramente, creo que todos temos claro que a vostede lle importa moi pouco a universidade. O único que quería era ter unha desculpa para vir aquí falar do seu libro, dicir as súas animaladas para poñer un twitter aos seus. E, ademais, a universidade impórtalle moi pouquiño, polo que acabamos de escoitar...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...ensuciando así o seu nome. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señores deputados e deputadas.

En primeiro lugar, señor Santalices, agradézolle a súa confianza. E, dende logo, que se non pensase que a miña acción ía ser impecable, non aceptaría nin o posto de deputada.

En primeiro lugar, xa no referente á intervención, agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego e a tranquilidade de que polo menos o BNG si entendeu o que nós queriamos explicar, expoñer e un pouco propoñer nesta iniciativa; menos mal. Evidentemente, estou de acordo coa señora Rodil en que se avanzou moito, como eu mesma expuxen, grazas aos profesionais e grazas a todos eses mecanismos de publicación das xustificacións dos contratos. Efectivamente, coñézoos ben, porque veño dun organismo de investigación, e, de feito, a miña praza en concreto é de xestión de I+D dun organismo público de investigación.

Por iso me deixa máis perplexa a intervención, totalmente visceral, da señora Concepción Burgo, porque non entendeu nada. E, ao mellor, cando plantexei a iniciativa aquí na exposición, no debate co Grupo Popular, si que me expresei mal e dixen que era unha iniciativa sobre corrupción, cando era unha iniciativa máis ben sobre transparencia. Pero non porque exista un problema de corrupción na universidade, que estou totalmente de acordo con vostede. Nin nada da exposición de motivos nin nada da miña intervención vai nesa liña, ¡faltaría máis!, ¡por Deus!

Do Partido Popular xa non vou dicir nada, porque xa sabemos o que son e nin sequera vou contestar a nada dos exabruptos e das saídas de texto que teñen, porque xa son o que son e non hai nada máis que dicir. Pero de vostede sorpréndeme, porque, efectivamente, esta é unha medida complementaria, nunca substitutoria. É unha proposta que estaba no noso programa a nivel estatal e que nós e eu, en concreto, considerei que é un organismo complementario que en ningún caso ía usurpar nin ía atentar contra a autonomía e a liberdade das universidades nin dos propios OPI, precisamente porque coñezo perfectamente o seu funcionamento. E non para delitos de corrupción senón para certas irregularidades ou algunhas cuestións. Pero non irregularidades moitas veces con mala intención, senón por erros ou por cuestións administrativas. Porque nas contratacións das universidades e das institucións investigadoras, dos organismos de investigación, ás veces cométense erros e o factor humano existe, e non quere dicir iso que sexan casos de corrupción, ¡faltaría máis!

E, por suposto, gran parte do funcionamento das universidades e destes OPI é grazas ao persoal que compón estas institucións e grazas aos propios investigadores e ao propio persoal docente, que están absolutamente comprometidas e comprometidos con este labor. Iso por diante.

En ningún caso esta iniciativa vai sobre iso e quero entender que non se entendeu e que haberá que explicar, por non ferir ao mellor ou dar pé ao partido corrupto para facer malas interpretacións, que, efectivamente, nós o que queremos é unha medida complementaria para cando hai algunha dilixencia estraña, como a que eu plantexei e que me trasladaron —non o invento, trasladáronma—. É que estou falando da Consellería, non da universidade. Dixen da Consellería, díxeno na exposición —non me escoitou—, dixen que eles querían unha información que non puideron obter sobre unhas baremacións, e que se fala de transparencia e non falamos de corrupción... *(A señora Burgo López pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, se quere, podemos seguir falando despois desta cuestión, porque, evidentemente, a vocación desta iniciativa é de complementar a transparencia, a participación, e nunca de usurpar a autonomía nin de poñer en tea de xuízo en ningún caso as institucións investigadoras universitarias, porque son do mellor que temos no noso país. E todas as institucións —todas— son susceptibles de melloras e, por suposto, as propostas son susceptibles de ser debatidas, de ser modificadas, de ter matices. Non teñen por que ser aceptadas todas as medidas que se propoñen, pero non darlles esa connotación, ¡por favor!

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Eu creo que foi totalmente desafortunada, sobre todo tendo en conta que eu, pertencendo a un organismo de investigación, nunca, nunca, nunca iría por esa liña, nunca.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, de iniciativa popular, sobre a creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa con base nalgún dos concellos da comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 19704 [10/PNP-002292].

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a crear unha mesa de diálogo coa Mancomunidade do Val Miñor para estudar a cobertura territorial e a mellora da prestación do servizo de bombeiros nesta comarca.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 10/PNP-002292 (19704).

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a estudar, no seo do Grupo de traballo polas emerxencias en Galicia e conxuntamente coas administracións representadas nel, a procedencia da posible creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa con base nalgún dos concellos da comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Previamente, unha introdución.

Efectivamente, o Partido Popular está condenado por corrupción e pode haber algún deputado ou deputada do Partido Popular ao que non lle guste escoitar esta afirmación, e é unha valoración política sobre unha sentenza que está publicada, e é real; pode que non lle guste, pero é real.

Pero esta mañá un voceiro do Partido Popular, o señor Fernández Gil, verteu unha serie de acusacións sobre o noso grupo parlamentario que eu creo que non só están fóra de lugar, senón que terían merecido unha chamada á orde se se estivese escoitando, dicindo que no noso grupo tiñamos xente condenada por violacións, por tráfico de armas e por pederastia. Iso é o que se dixo no debate desta mañá. A min paréceme bastante grave e non se lle fai ningún favor a este Parlamento trasladando ese tipo de cousas; de non ser vostede deputado, seguramente sería denunciado por calumnias. *(Aplausos.)* O debate sopórtao todo nesta Cámara, pero hai sentenzas e hai calumnias. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Houbo 3.410 sinaturas, homes e mulleres que avalaron coa súa sinatura solicitando nesta proposición non de lei de iniciativa popular un parque de bombeiros no Val Miñor; un dereito, un servizo de carácter esencial que é a atención ás emerxencias no noso país. Unha iniciativa que foi impulsada por colectivos sociais e polas candidaturas municipais de Nigrán Decide, Gondomar Concello Aberto e Esquerda Unida-Son Baiona. Unha iniciativa que se cursou neste Parlamento como proposición non de lei de iniciativa popular, que nós asumimos —porque cremos que é de xustiza— e que xa foi debatida noutras instancias, noutras administracións públicas.

En outubro de 2017, como saben as súas señorías, o Val Miñor, os seus concellos, os concellos desta bisbarra, sufriron, como moitos outros pero de maneira moi especial, a vaga de lumes no noso país. Foi unha das bisbarras máis afectadas e con máis perdas humanas, materiais e, dende logo, tamén de recursos naturais no noso país e máis castigadas polos lumes. Non é asumible que, despois do que pasou nestes concellos durante os meses de verán, durante o outono máis ben do ano pasado, das persoas que desgraciadamente faleceron, das hectáreas queimadas, dos danos materiais, das vivendas, da evidente falta de recursos para suplir este servizo, todo siga practicamente igual dende entón.

Actualmente o Val Miñor só dispón dun Grupo de Emerxencias Supramunicipais con doce membros, que é insuficiente, a teor dos datos que temos, para cubrir unha bisbarra que

abrangue un terreo de 145 quilómetros cadrados pero que ten, ademais, un elevado volume forestal, unha elevada dispersión poboacional e unha concentración de poboación bastante considerable —43.900 de maneira ordinaria, que chegan ao redor dos 100.000 ou incluso máis durante os meses de verán, polas características que ten esta zona—. E, polo tanto, igual que noutras zonas de Galicia, hai unha infradotación de servizos de emerxencias e de extinción. Un GES xestionado pola mancomunidade do Val Miñor que é insuficiente para atender, como vimos desgraciadamente, nos incendios, nos lumes do ano pasado, pero tamén en moitas outras ocasións, porque son bastante habituais os incendios na comarca do Val Miñor.

Defendemos que o Val Miñor teña un parque de bombeiros de seu e que este sexa cento por cento público e que a Xunta de Galicia cumpra coa Lei de emerxencias de Galicia, 5/2007, que di, no seu artigo 4, que a cidadanía ten dereito a unha resposta eficaz ante os riscos e a unha axeitada protección na súa integridade dos seus bens e no seu contorno, que, por certo, podían cumprila, tamén no resto da norma.

E xa o temos trasladado. En novembro do ano pasado eu mesma interpelaba o vicepresidente da Xunta de Galicia reclamando o cumprimento da norma, da Lei de emerxencias, unha vez máis para lembrarlle a necesidade de cumprir con esa disposición adicional terceira da lei, que teñen reclamado os bombeiros e as bombeiras deste país, que se ten que cumprir e que levamos oito anos de atraso.

Esa disposición indicaba como se tiñan que ordenar esas prestacións e condicións de traballo para os profesionais en todo o territorio de Galicia, dos servizos de prevención e extinción de incendios, e indícase na propia norma que teñen dereito a que se regule a súa profesión. E os bombeiros deste país seguen sen ter a estas alturas un estatuto do bombeiro que regule a profesión, que iguale as condicións de traballo.

E isto ten moito que ver tamén coa necesidade de rematar coa privatización dos parques de bombeiros. Témolas denunciado en múltiples ocasións, só producen descoordinación e precariedade laboral; témolo denunciado aquí e puxemos en moitas ocasións exemplos: o afundimento do *Novo Marcos*, os problemas que houbo na coordinación das emerxencias no incendio de Fandicosta e outros problemas que desgraciadamente se deron nos servizos de emerxencias no noso país e que ten que ver moito coa privatización dos servizos, coa atomización dos servizos e coa falta de coordinación dos mesmos, derivada da falta dunha coordinación, que ten relación tamén con eses artigos 11, 12 e 13 da Lei de emerxencias de Galicia, que traslada as competencias que ten a Vicepresidencia do Goberno nesta materia.

E defendemos tamén, eu mesma defendín posteriormente na moción en decembro de 2017 instando a Xunta, en virtude da súa participación na xestión e financiamento dos concertos provinciais —que ten relación cunha iniciativa do BNG que xa se tiña aprobado no ano 2015 relativa tamén ao cumprimento da lei, desa materia—, a que se iniciasen tamén os trámites para a xestión pública e directa dos parques.

Por iso, o que hoxe propomos é que o parque que se dote ten que ser de xestión pública directa, é dicir, público cen por cen. Votouse en contra por aquel entón e díxose por parte do

Partido Popular que se ía asumir a comarcalización dos parques de bombeiros, que se estaba a iniciar un traballo. Pero, señorías, a estas alturas e tantos meses despois non podemos anunciar ou non pode anunciar o Goberno ningún tipo de novidade a este respecto. E, desgraciadamente, seguimos sen que se implemente ningún tipo de nova medida, e estamos xa ás portas do verán un ano máis. E, polo tanto, é de xustiza que se tome algunha medida para dotar deste servizo os diferentes concellos, por suposto non só os do Val Miñor, pero, neste caso, é unha iniciativa popular que solicitan os habitantes dos concellos do Val Miñor.

Polo tanto, necesitamos que se incrementen os medios, que se dote dese estatuto de bombeiros, que se coordinen eses servizos. Temos falado do mando único, que, ademais, contempla a propia lei, que se elimine esa atomización derivada da privatización e que comarcas, bisbarras como a do Val Miñor poidan ter un servizo acorde coa extensión, coa poboación e coas características que teñen os concellos desa bisbarra. Témolo falado noutras ocasións, é común a outros concellos, como son as carreteras secundarias, os camiños, as carreteras terciarias, como está articulada esta zona, e a necesidade de que se faga unha intervención máis rápida cando hai desgraciadamente un problema como o que vivimos o ano pasado e que foi precisamente nesta bisbarra na que tivemos que lamentar algunhas perdas humanas.

E, señorías, foi ademais o Instituto de Estudos do Territorio o que dixo, precisamente nesa Comisión dos lumes, de incerto resultado, que os incendios, os lumes nas zonas urbanas e rurais se tiñan duplicado no ano 2017 en espazos rururbanos, é dicir, entre espazo urbano e espazo rural, con risco para as vivendas e moita máis dificultade no que ten que ver coa súa extinción.

Polo tanto, non podemos —entendemos dende En Marea e por iso temos asumido esta iniciativa— volver someter a poboación ao mesmo risco que sufriu no ano 2017. E non se trata de voltar aquí a un debate no que botemos a culpa ás diferentes administracións ou a culpa aos diferentes gobernos, senón de que se tomen medidas, que é o que está solicitando a poboación neste momento, para dotar uns servizos que polo menos intenten previr situacións dramáticas como as que vivimos o ano pasado. Creo que é a nosa responsabilidade traer este tipo de iniciativas a este Parlamento.

Nos concellos da bisbarra e na propia mancomunidade xa se votou, xa se votou a favor desta iniciativa, e nós queremos ver hoxe asumida esta iniciativa popular, —reitero— que non é nosa, que ten varios milleiros de sinaturas detrás, se este Parlamento ten sensibilidade para que se dote eses servizos e poidamos intentar previr desgrazas como a do ano pasado no Val Miñor.

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Para o BNG desde logo este é un debate necesario, un debate sobre o sistema galego de emerxencias e a súa cobertura territorial, tamén sobre as carencias e as necesidades urxentes para cambiar e para mellorar este sistema, porque está claro, quedou

suficientemente demostrado cos lumes sobre todo do pasado mes de outubro, a descoordinación, a precariedade de medios, a precariedade tamén laboral e a falta de mando único operativo, por exemplo, que dificultou a resposta a esa situación de emerxencia, con tamén situacións excepcionais que se viviron, por exemplo, na comarca do Val Miñor e en moitas outras comarcas do país, onde se viu o desbordamento dos medios existentes, sobre todo a falta de coordinación e de mando único.

E isto foi, ademais, recoñecido polo propio Goberno na memoria dos orzamentos do ano 2018, cando se fala da necesidade de que o CAE 112 acade a xestión integrada e integral das emerxencias, recoñecendo que actualmente non é así.

O BNG, como xa puxo de manifesto nos debates que se deron sobre esta cuestión, defende un cambio estrutural no sistema galego de emerxencias que responda aos seguintes criterios: ten que ser un sistema galego, con competencias plenas, incluídas as de salvamento marítimo; un sistema público, un sistema universal, cunha cobertura eficaz, sobre todo nos tempos de resposta en todo o territorio e para toda a poboación; un sistema integral que contemple todas as emerxencias; un sistema, en definitiva, coordinado, cun mando único operativo, porque estamos a falar dun sistema absolutamente fundamental para defender as vidas, para salvar as vidas e para salvar os bens.

E temos que lembrar a este respecto, que é algo que ten que ver co fondo desta proposición non de lei, que hai cuestións fundamentais e concretas pendentes de resolver; en primeiro lugar, a cuestión da cobertura territorial, os tempos máximos de resposta e a mala cobertura, que recoñeceu aquí o señor Rueda que se dá cando menos —dixo el— en cinco zonas do país que están mal cubertas. Gustaríanos saber cales son esas zonas e pensamos, en todo caso, que hai máis zonas que non teñen unha boa cobertura.

A segunda cuestión pendente é a da comarcalización dos parques das cidades. Anunciouse aquí un grupo de traballo, pero non sabemos de avances na proposta. Ademais, este é un tema recorrente que se anuncia cada vez que hai dificultades e problemas.

A terceira cuestión urxente ten que ver co desenvolvemento normativo e o cumprimento da Lei de emerxencias, que xa leva dez anos en vigor e que ten pendentes cuestións que aparecen na disposición adicional terceira, como, por exemplo, algo que estaba previsto no primeiro ano de vixencia da lei, que é a elaboración do regulamento do bombeiro profesional ou a homoxeneización no prazo de tres anos das prestacións e as condicións de traballo en todo o territorio de Galiza dos servizos de prevención e de extinción de incendios e de salvamento. Todo isto está pendente e é hora de que o Goberno se poña á tarefa, se poña á obra e poña sobre a mesa solucións para estas demandas.

E tamén con respecto á cuestión concreta do Val Miñor e a proposta de creación do parque de bombeiros e a integración do persoal do GES, temos, en primeiro lugar, que dicir que este Parlamento —este grupo desde logo— debe expresar o recoñecemento público ao persoal do GES, sobre todo polo seu labor con respecto á resposta aos grandes lumes que se produciron en outubro de 2017 e que afectaron gravemente a comarca do Val Miñor, e iso cunha situación de carencia, de falta de medios e cunhas condicións salariais e laborais absolutamente discrimi-

natorias; unhas condicións que se están empezando a corrixir coa recente aprobación do convenio do persoal da Mancomunidade do Val Miñor, que foi aprobado en maio de 2018 e que supón melloras nas condicións laborais e salariais, cunha previsión de incremento salarial e tamén cunha previsión de incremento de persoal, que pasará de doce a dezaoito persoas.

E con respecto ao parque de bombeiros, nós pensamos que esta cuestión merece un estudo e unha análise demorada, merece unha negociación e un diálogo no que estean presentes todas as partes e que estea presente a Xunta de Galiza, a Deputación e a Mancomunidade, para estudar e analizar a mellora do servizo de cobertura das emerxencias nesta área xeográfica, tamén noutras áreas desde logo. Pensamos, ademais, que ese estudo debe ter en conta tamén a proposta de comarcalización dos parques municipais e dos parques existentes na contorna e tamén que está moi relacionada co desenvolvemento da Área Metropolitana de Vigo, que lamentablemente está paralizada polos enfrontamentos e os posicionamentos partidistas e localistas da Xunta e do Concello de Vigo. Porque é no marco precisamente da Área Metropolitana de Vigo onde se debería dar resposta a unha demanda e a un servizo destas características.

En definitiva, pensamos que o obxectivo debe ser dar resposta a unha necesidade social, á mellora dun servizo absolutamente vital para a comarca do Val Miñor, que ten unhas características de poboación e unhas características orográficas que merecen unha mellora substancial e fundamental na prestación deste servizo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Boas tardes.

Moitas grazas, señor presidente.

Permítanme que comece exercendo a miña liberdade de expresión, como as persoas que me antecederon, para clarexar algunhas cuestións, algunhas relacionadas por certo con certas afirmacións que se lle imputaron ao meu compañeiro o señor César Fernández esta mañá. Quero lerlles algo. Entenderán que polo escabroso —¿verdade?— do tema case aforre os nomes. Fala dun membro de Podemos, que «*dimitió como líder de Podemos en Burgos y como número dos del partido en las Cortes de Castilla-León en octubre de 2015 tras publicarse que fue condenado en 2002 por abusar de una niña de 5 años*». Hai unhas semanas o señor Errejón rescatouno como membro da súa lista á dirección de cara a Vistalegre e logrou que ingrese no Consello Cidadán. Entrei esta mañá na páxina de Podemos *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* —se quere, facilítollo—, na páxina de transparencia. Aquí está, aquí está. Dígoo porque algúns parece que se ofenden moito. Efectivamente, hai sentenzas e sentenzas, hai delitos e delitos. Tamén quero dicilo ben claro. *(Aplausos.)*

Tamén parece que alguén se escandalizaba moito pola sentenza que afectaba un alcalde do PP e o preocupaban moito as cuestións que afectaban esa xente pobre da que se abusou e

tal. Claro, despois un le cousa como estas *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)*: unha condenada por fraude laboral formará os candidatos de Podemos para 2019. É unha íntima colaboradora da voceira das Mareas de *Pudimos*, que eu creo que, despois destes exemplos, xa podemos directamente cualificar da Marea de *Pudrimos*; é a Marea de *Pudrimos*. *(Murmurios.)* Porque, si, efectivamente, tamén teñen condenados por tenza de armas *(Aplausos.)*; tamén, iso tamén; sentenza firme; para que non se escandalice ninguén. Eu creo que están a tempo de revisar a xente que forma parte dos seus órganos directivos. Mentres tanto, agradeceríalles que aforrasen determinado tipo de lecciónS.

Imos á cuestión que hoxe nos preocupa. Eu quero amosar o noso respecto por esta iniciativa lexislativa popular, que pretende mellorar a situación do GES do Val Miñor, aínda que creo que, sendo xusta a reivindicación que fan os veciños do Val Miñor, alguén os confundiu e os trouxo a instancia equivocada. E teño que dicilo porque aquí fixeron as dúas persoas que me antecederon no uso da palabra mención á Lei de emerxencias de Galicia, ao seu artigo 4, ás disposicións adicionais. Parece que se esqueceron un tanto de ler o que poñía no medio, que vou lerlles. Artigo 26, as provincias. Fíxense cales son as súas responsabilidades. «Corresponde a estes:» —apartado e)—: «Garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non conten con servizos propios, por non resultar obrigados ou ter obtido dispensa dos mesmos».

A min sorpréndeme que vostedes non coñezan esta lei, sorpréndeme que vostedes incumpran esta lei, e sorpréndeme especialmente porque, como vostedes saberán, a lei é a Lei 5/2007, aprobada durante o Goberno bipartito, durante o Goberno bipartito, señorías. E, polo tanto, resúltame lamentable que deputados veñan aquí sen coñecer cales son as competencias que teñen cada unha das administracións neste ámbito. É unha competencia exclusivamente municipal, obrigatoria nos municipios de máis de 20.000 habitantes, e para os de menos de 20.000 habitantes precisa —e está obrigada por lei— o auxilio da deputación provincial.

O problema é que a Deputación Provincial de Pontevedra tampouco coñece cales son as súas competencias, e por iso se dan circunstancias tan lamentables como as que vimos, por exemplo, hai escasos días en Tui, onde unha presidenta dunha deputación anunciaba que suspendía toda a súa axenda para coordinar os traballos de emerxencia e rescate —por certo, unha competencia que esta si é exclusiva da Xunta de Galicia—. Pero cando hai que ir facer unha foto, vale todo, ata usar o momento máis complicado dos veciños de Tui. Unha das actitudes máis miserables que eu teño atopado nun representante público xamais, e hoxe merecía que se dixera aquí; lamentable, lamentable. *(Aplausos.)*

Mire, esta iniciativa someteuse á aprobación nos concellos do Val Miñor e na Deputación. Os concellos do Val Miñor aprobárona e a Deputación votou en contra. As dúas posturas son lexítimas. É certo que algún alcalde socialista do Val Miñor se tivo que ausentar do pleno da Deputación para non facer o ridículo votando cousas distintas segundo onde estivese, pero ambas son lexítimas.

Pero mire, o que hai que ser é coherente. A Deputación anunciou a creación de novos parques de emerxencias —2016—; teñen a competencia exclusiva; non crearon ningún. Anunciou

que pasaría dun sistema de xestión indirecta, os servizos de emerxencia, de xestión privada —insisten os señores socialistas—, a un de prestación directa, pública —que din—. Afirmaron que era máis barato. Agora non o fan, porque din que os demais temos que poñer máis cartos —unha cousa curiosa para un servizo que era máis barato—. E tamén houbo algún que prometeu a funcionarización e incorporación inmediata do persoal —¿verdade?— ao servizo de bombeiros, mentíndolles aos traballadores, porque iso saben que non pode ser. E non se lles pode mentir aos traballadores e non se lles pode mentir aos veciños; é lamentable que se faga.

Entón, empecemos a dicir a verdade, empecemos a dicir o que está facendo cada un. Eu vou responder aquí do que fixo a Xunta, porque o coñezo ben. A Xunta, efectivamente, fixo unha proposta de comarcalización dos parques de bombeiros das cidades. Por certo, creo que ao Val Miñor francamente lle viría moi ben para acurtar os tempos de chegada en materia de emerxencias. Aceptaron as cidades de Santiago, Ferrol, Ourense e Lugo, e contarán co apoio da Xunta de Galicia e das deputacións da Coruña, Lugo e Ourense; aquí non hai cores. Hai unha deputación que dixo que non, e é a de Pontevedra, e hai un concello que dixo que non, e é o de Vigo, e terán que explicar vostedes por que. Porque, se os preocupan tanto as emerxencias do Val Miñor, terán que explicar por que non fan nada para solucionalas.

Apoio financeiro. Mire, a Xunta pon para o GES do Val Miñor 167.000 euros cada ano; aportación da Deputación, 50.000; aportación da Mancomunidade, 52.000. Cunha diferenza: a Xunta non ten competencia, e, a pesar diso, aporta, e os que teñen competencia veñen aquí cunha iniciativa na que saltan isto, como se fora un can apartando as pulgas, dicindo que o asuma a Xunta. ¡Pero se é a súa responsabilidade, señor Bará, que vostedes son os que cogobernan na Deputación de Pontevedra!

Eu xa sei que vostede se centrou no tema da compostaxe, e está moi ben a compostaxe, pero igual garantirlle unha solución de emerxencia viable á xente do Val Miñor...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ... tampouco estaría mal.

Por certo, ademais disto, en materia de dotación, 71.000 euros máis nos últimos tres anos: todoterreo, embarcacións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos, grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Mire, non son necesarios novos órganos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu turno, grazas. Moitas grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: O que lle pido é que se centre nos que xa están creados, e o que lle pido é que acepte a emenda para que poidamos mellorar en algo o servizo de emerxencias do Val Miñor.

Moita sorte e oxalá que digan que si.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, grazas, presidente.

Tamén a título preliminar, aínda que titular como preliminar algo nuclear para o que é o debate parlamentario é un pouco excesivo, ¿non? Pero, señor Pazos, é miserable defender a liberdade de expresión nos termos nos que vostede acaba de defender a liberdade de expresión nesta Cámara. *(Aplausos.)*

Porque creo que os 75 deputados que conformamos esta Cámara cremos profundamente no parlamentarismo, os 75 deputados que conformamos esta Cámara cremos firmemente na democracia e na liberdade de expresión. E eu, señor presidente, con todo o respecto pero con toda a claridade, e como deputado desta Cámara, rexeito dunha forma palmaria a actuación da Presidencia desta Cámara no pasado pleno, porque levou a chamar a atención con carácter predeterminado os deputados e deputadas que manifestaron a realidade reflectida na condena contra o Partido Popular contida na sentenza da Audiencia Nacional 20/2018, de corrupción do caso Gürtel. Porque esta actuación, señor presidente —e así o considero como deputado desta Cámara—, atenta gravemente contra a liberdade de expresión dos parlamentarios e das parlamentarias de Galicia.

E entrando na cuestión que nos trae tamén a esta intervención, por parte do Grupo Parlamentario Socialista xa avanzo —xa avanzo, señor Pazos— que imos apoiar esta iniciativa popular. É certo que esta iniciativa se empezou a xestar e a tramitar nas semanas posteriores a aquela vaga de lumes do mes de outubro de 2017, que, desgraciadamente, tiveron como epicentro neste caso o concello de Nigrán e arredores.

Evidentemente, daquela os datos que arroxou aquela catástrofe de practicamente 50.000 hectáreas arrasadas, dun 53 % de monte arborado, dun 23 % de Rede Natural, levaron a que o noso grupo parlamentario, en diferentes iniciativas e tamén no que é o debate da propia Comisión non permanente de estudo en materia de política forestal e en materia de prevención e defensa contra os lumes forestais, presentara toda unha serie de iniciativas precisamente para reclamar un novo mapa de emerxencias.

Porque daquela —e, actualmente, a ver cales son as conclusións da Comisión de estudo da política forestal— denunciamos dunha forma clara, por parte do grupo parlamentario pero por parte de todos os axentes implicados e de todos os profesionais do sector, a excesiva fragmentación de dispositivos que interveñen en materia de salvamento e extinción de incendios, desde os bombeiros forestais ata os bombeiros urbanos, os GES, as brigadas municipais, os voluntarios e mesmo a UME. Non é un sistema, como temos denunciado de forma sistemática, que poida garantir, por unha parte, nin o mando único e, por outra parte, a operatividade e a eficacia dos servizos de salvamento e extinción de incendios.

E na comparecencia do propio vicepresidente, señor Rueda, do día 21 de novembro, dicíasenos, falando de programas en materia de emerxencias, que a Vicepresidencia e Consellería estaba traballando nese novo mapa para dar unha resposta eficaz en materia tamén de prevención, e falaba de chegar ao 90 % do territorio en vinte minutos e de chegar co novo mapa de emerxencias ao 95 % da poboación.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista tamén avogamos, en diferentes iniciativas, na correspondente interpelación que formulamos e na moción subseguinte, por un modelo único, público, dos servizos de extinción de incendios e salvamento, con dependencia orgánica e funcional incluso única. E tamén solicitamos —e aínda está por chegar— un informe da Comisión Galega de Protección Civil onde se nos informara de cales foron todos os problema detectados en materia de cobertura territorial do sistema, análise de riscos, operatividade dos servizos, coordinación operativa, inventario de recursos, programa de implantación ou financiamento do sistema de emerxencias de Galicia.

No informe que recibimos en abril na Comisión nunca se trataron estas cuestións. Polo tanto, a Xunta de Galicia ten moito traballo por diante en materia de emerxencias, e aí está efectivamente a propia Lei de emerxencias, aprobada durante o Bipartito, incumprida en moitos aspectos.

As circunstancias de poboación e de extensión territorial, a interface urbano-forestal no ámbito do Val Miñor, a conformación xeográfica e o incremento, evidentemente, poboacional durante o tempo de verán exixen, evidentemente, dotar o Val Miñor dun parque de bombeiros integrado —supoño que a nivel comarcal ou provincial— en estruturas superiores. E, ademais, temos un embrión importante, porque os doce efectivos do grupo de emerxencias que actualmente traballan na mancomunidade presentan unha altísima cualificación profesional, pero non suficiente, nin en termos de recursos nin en termos de competencias, para traballar dentro do que é o sistema da Lei de emerxencias como tal parque de bombeiros.

A Deputación Provincial, efectivamente, ten presentado á Xunta de Galicia unha serie de propostas para...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...tratar de suplir as sombras que existen en moitos ámbitos territoriais da provincia, desde Cerceda, Cotobade, A Lama, Fornelos de Montes, A Estrada, Campo Lameiro, Ponte Caldelas, Covelo, Mondariz, Crecente, Arbo, A Cañiza, Rodeiro, Oia, A Garda, O Baixo Miño completo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Polo tanto, nós imos apoiar esta iniciativa parlamentaria, pero quen parece que non está a apoiar precisamente as propostas en materia de comarcalización e en materia de dotación a todo o territorio de efectivos en tempo de menos de 20 minutos é a Xunta de Galicia, que é quen ten que dar resposta porque ten a autoridade superior en materia de emerxencias de Galicia, e así o saben.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Ten a palabra o grupo autor da proposición non de lei, a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Creo que os deputados do Partido Popular e o señor Fernández Gil teñen capacidade de defenderse sos. En todo caso, sabe vostede que hai un regulamento que fai referencia ás incorreccións, e, evidentemente, cando se están a referir ao noso grupo parlamentario, incórrese nunha serie de incorreccións e nunha serie de calumnias sobre o noso grupo parlamentario. Debería ser vostede o que repasara o currículo dos deputados e deputadas e, dende logo, a ausencia de vinculación con iso que vostede traslada aquí.

A min gustaríame que fósemos rigorosos, porque a outros grupos parlamentarios, evidentemente, se lles presupón máis sensibilidade á hora de facer referencia ás sentenzas sobre os propios partidos. Ningunha das organizacións aquí presentes ten condenas por financiamento ilegal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Do meu grupo parlamentario?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Logo mo explican ao rematar a iniciativa, ao rematar o debate.

Imos falar da iniciativa. Eu teño que agradecer o apoio expresado neste caso polo Partido Socialista. E vou falar acerca das emendas.

Con referencia á emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego, agradecemos a proposta, aínda que consideramos que non é necesaria porque, tanto a Mancomunidade do Val Miñor como os diferentes concellos, xa a votaron en plenario e xa está aprobada a mesma iniciativa. Polo tanto, resultaría estéril e alongaría aínda máis o proceso. Consideramos que estando en xuño, ás portas outra vez dos previsibles lumes —que, de feito, xa se deron nalgunha ocasión—, o único que faría sería atrasar, igual que acontece coa emenda do Partido Popular.

Eu valoro que na proposta que fai o Partido Popular se contemple o respecto a esa proposta dun parque de bombeiros de xestión enteiramente pública, o que pasa, señor Pazos, é que na emenda vostedes o relegan a estudar nun grupo de emerxencias a procedencia da posible creación. Isto non é a iniciativa de En Marea, é unha iniciativa de carácter popular, e, polo tanto, o que farían con esta emenda é deixalo probablemente nunha non aplicación, e nun non cumprimento do contido disto que queremos que se aprobe. Nós queremos que se dote, e, efectivamente, trasladaba o voceiro do BNG as condicións nas que están os GES, que claro que fan moi bo traballo, pero hai 12 efectivos para atender a totalidade das emerxencias e dos lumes na bisbarra.

Nós entendemos que non é certo que non teña competencias. Hai que ler enteira a Lei de emerxencias, e xa llo trasladamos aquí ao señor vicepresidente cando falabamos dos artigos 11, 12, 13 e do resto do articulado que fala da coordinación das distintas administracións e

das responsabilidades da Xunta de Galicia nese sentido. Se queremos falar do cumprimento da norma de emerxencias, insisto en que levan oito anos incumpríndoa. Non temos Estatuto de bombeiros; temos parques privatizados; temos unha atomización dos servizos e temos unha descoordinación que, desgraciadamente, dá problemas, como xa vimos e como xa aconteceu nos lumes e no incendio do Fandicosta. Falámolo xa noutras ocasións.

Polo tanto, non toca escorrer o vulto. Se a Xunta de Galicia adopta esta medida e considera que ten que coordinarse coas outras administracións, parécenos normal, pero non é este Parlamento o que ten que prolongar unha iniciativa que se leva demandando dende o ano pasado. Nós traémola agora a debate porque rematou o trámite de recollida de sinaturas, está en disposición de entrar e témolo asumido.

Pero saben as súas señorías que non é unha iniciativa nin para que se enfronten os representantes das distintas administracións públicas nin, dende logo, para que se boten en cara...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...—remato xa— os incumprimentos dos diferentes articulados da lei.

Insisto. O Partido Popular leva oito anos incumprindo a Lei de emerxencias, así que, por favor, máis aplicarse o conto e máis apoiar esta iniciativa.

Se vostede lles desexa sorte aos propoñentes, supoño que non terá problema en votala a favor.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Señora Solla, desculpe, é que non apuntei. ¿As emendas non as acepta? Grazas.

(O señor Fernández Gil pide a palabra.)

¿Para que quere vostede a palabra, señor Fernández Gil? *(O señor Fernández Gil pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano do señor Fernández Gil. ¿Cal é a inexactitude?

O señor FERNÁNDEZ GIL: A inexactitude é unha inexactitude manifesta. Agora mesmo fíxose referencia outra vez, dicindo que eu pola mañá, nunha intervención, relacionaba os deputados do Grupo de En Marea con actitudes delictivas, cando eu o que quixen dicir precisamente foi o contrario. O que quixen dicir era que nin os deputados do Grupo Parlamentario de En Marea, nin ningún deputado desta Cámara, se tiñan que responsabilizar de actitudes execrables que levasen a cabo membros que podían participar do seu espazo político. Do mesmo xeito que ningún dos deputados deste lado da bancada teñen que responsabilizarse de actitudes execrables que poidan levar a cabo deputados ou persoas que comparten espazo político.

Esa é unha inexactitude manifesta, porque se dixo que eu quería imputarlles actitudes delictivas ao Grupo de En Marea, e en ningún caso foi así.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas pola aclaración.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe respecto das posibilidades e circunstancias que se abren co *Brexit*, en termos comerciais, en relación cos produtos pesqueiros galegos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta iniciativa presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 29465).

Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto:

«*O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:*

-Remitir ao Parlamento, antes de que remate o presente período de sesións, a da Xunta coas medidas adoptadas e a adoptar para que o Brexit se converta nunha oportunidade e non nun problema para Galiza.

-Remitir ao Parlamento, antes de que remate o presente período de sesións, o resultado dos informes encargados para avaliar as consecuencias socioeconómicas do Brexit para a pesca galega.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Imos falar outra vez do *Brexit*, como falamos xa en contadas ocasións neste Parlamento. Está sendo un proceso negociador longo, está sendo un proceso negociador incerto, e Galicia, dende o primeiro momento, quixo estar preparada, sobre todo en materia de pesca, ante as incertezas que poden plantexarse.

Precisamente onte o Parlamento británico, os lores, presentaban unha emenda e apoiaban por maioría un veto que o propio Parlamento pode poñerlle ao Goberno en relación co *Brexit.*

Non sabemos aínda como vai ser este proceso, se vai ser a medio ou a longo prazo; polo tanto é importante, é interesante, que Galicia estea preparada para o que poida vir. Polas negociacións que se están levando a cabo agora na nión Europea, pero tamén despois, no caso de que o Reino Unido permaneza fóra da Unión Europea.

Antes de entrar no tema estrictamente pesqueiro, gustaríame falar tamén dun barómetro que se presentou por parte do Foro económico de Galicia e o Consorcio da Zona Franca hai pouco tempo, que falaba tamén das empresas exportadoras e das exportacións, e atinxía os produtos galegos e tamén a pesca.

Dicía que dos 4.400 millóns de euros de saldo positivo da balanza comercial de Galicia —máis exportacións que importacións—, un terzo depende dos produtos comercializados polo Reino Unido. Polo tanto, xogámonos moita cantidade en valor económico, na balanza comercial de Galicia, por suposto, en postos de traballo e en riqueza para esta comunidade autónoma.

Como dicía, o proceso é crucial. Nós entendemos, dende o Grupo Parlamentario Popular e dende a propia Xunta de Galicia, que hai dous puntos importantes no proceso negociador, e hai dous puntos importantes de como podería afectar a Galicia. Un é agora intentando negociar os acordos de mercado e comercializadores neste momento, pero outro pode ser unha oportunidade —por iso plantexamos hoxe esta PNL— se se fai realidade a saída do Reino Unido da Unión Europea.

O punto focal principal agora, durante o *Brexit*, enténdese que podería ser un acordo co Reino Unido e pasar por un intercambio de acceso mutuo pesca-mercado. Así o ve Galicia, así o ven os principais actores ou afectados por este proceso, por este *Brexit.*

Galicia exporta relativamente pouco ao Reino Unido. No conxunto de España son 75 millóns de euros no 2016, pero o Reino Unido exporta a España, sobre todo a Galicia, un volume moi elevado, que son 203 millóns de euros no 2016. O 70 % dos produtos pesqueiros que exporta o Reino Unido teñen como destino algún país comunitario, teñen como destino Galicia, teñen como destino España. Polo tanto a eles, ao propio Reino Unido, tamén lles vai interesar estar atentos para non perder ese mercado, así podería facerse algunha concesión que nos puidera beneficiar a Galicia directamente.

Outro punto focal —como dicía— é cando xa o Reino Unido saia da Unión Europea, se é que se dá ese proceso, porque —insisto— esa votación pode poñerlle un freo ao Goberno e ralentizar o procedemento.

O punto secundario sería despois, e iso podería ser interesante no sector pesqueiro para negociar de novo a estabilidade relativa. É dicir, aí poderiamos negociar de novo como comunidade independente, e non como membro dun país da Unión Europea, a estabilidade relativa nas zonas nas que opera a frota pesqueira galega en augas do Reino Unido.

A afectación sobre a frota europea e a frota galega é elevada. O potencial en Galicia sería duns 66 buques con porto base en Galicia e afectaría a uns 800 tripulantes; 25 buques de capital galego e bandeira británica, que serían uns 240 tripulantes e arredor de 150 millóns

de euros de facturación; 20 buques nas augas das illas Malvinas, de bandeira malvina e española, e 690 tripulantes. Iso serían ao redor de 103 millóns de euros de facturación. Polo tanto, estamos falando dunhas cifras moi elevadas e dun procedemento alleo á nosa Administración; un proceso que xurdiu no propio Reino Unido e que pode afectar directamente, e o propio sector tamén foi o que alertou á Administración e o que fixo informes independentemente, á marxe da Xunta de Galicia, por este procedemento.

A principal incógnita, se hai un *Brexit* duro —que, insisto, xa non está tan claro—, é se a frota que traballa no Gran Sol e nas illas Malvinas será expulsada das augas británicas. Nese caso estaría abocada a buscar alternativas noutras zonas de pesca, e despois habería que saber tamén se podería manter a súa actividade baixo determinadas condicións.

Hai que estar completamente alerta dende Galicia, dende a Xunta, por suposto. Dende o primeiro momento que se falou do *Brexit* xa se encargaron informes, determinantes e importantes para a frota. E debemos de estar tamén agora alerta co cambio de Goberno. Eu xa dixen na Comisión 8ª que imos estar vixilantes co ministro Planas e co Goberno do señor Sánchez, como o estivemos tamén cando gobernaba o señor Rajoy e a señora Tejerina, *(Murmurios. Risos.)* que tivo un papel moi importante na negación das cotas pesqueiras.

A secretaria de Estado que acaban de nomear agora non é precisamente unha persoa que se coñeza en Galicia polas súas decisións acertadas respecto a Galicia. Polo tanto, imos estar vixiantes, porque sabemos que ao Goberno de Sánchez Galicia lle queda moi lonxe. Xa vemos que non vai cumprir prazos nas infraestruturas. Xa estamos vendo que está incumprindo moitas das cousas que o Partido Socialista de Galicia dicía aquí en Galicia, polo tanto, nós imos estar vixiantes dende a Xunta de Galicia e dende o Grupo Parlamentario Popular, por suposto. Nós, defendemos os intereses de Galicia, iso quedou xa clarísimo, e non imos deixalos á parte.

A propia Xunta encargou xa un informe ao director do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga, e a José Manuel Sobrino Heredia, para avaliar as consecuencias do *Brexit* para a pesca galega; un estudo que ademais xa presentou aquí tamén a conselleira de Pesca. Encargou un informe á profesora de Economía Aplicada e experta en Economía Pesqueira da Universidade de Santiago, María do Carme García Negro, para analizar os aspectos económicos do *Brexit* para Galicia e o seu impacto para a principal frota afectada do Gran Sol. Eses son as follas de ruta e son os informes que a Xunta está a ter en conta para negociar e para defender os intereses da pesca de Galicia.

Procurou tamén, e procura, unha unión das rexións con intereses comúns, estados membros aliados na defensa dos intereses fronte ao Reino Unido, coa declaración de Santiago, coa participación na Conferencia de Cardiff e tamén a sinatura da declaración de Cardiff.

Polo tanto, téñense feito informes encargados dende a propia Administración galega, pero tamén informes por parte de consultorías externas, do propio sector da pesca, para orientar e para saber como hai que traballar para que o *Brexit* afecte o mínimo posible a Galicia, e no caso de que xa sexa efectiva esa separación da Unión Europea, que sexa unha oportunidade para os produtos comercializados dende Galicia.

O informe sobre o impacto económico do *Brexit* na pesca galega ao que me refería é extenso, pero eu vou destacar os seguintes datos, que considero interesantes. Cifra o posible impacto socioeconómico do *Brexit* en máis de 533 millóns de euros só coa frota do Gran Sol, da que forman parte 96 barcos, como dixen antes. Fai fincapé en que a frota do Gran Sol é exemplo de pesca xestionada baixo un estándar de sustentabilidade, algo que non se pode perder. Sinala que arredor da metade dos 81 sectores de actividade ligados á pesca estarían afectados. E reflicte que o *Brexit* tería un impacto de 140 millóns de euros tan só na remuneración de asalariados, e 9,3 millóns de euros do montante de impostos netos pagados polo produto. Polo tanto, son cifras e volumes de negocio moi elevados; é riqueza para Galicia, é economía, son postos de traballo, e, polo tanto, hai que seguir alerta.

Hoxe queremos dar un paso máis. Queremos subir un chanzo máis no que significa a proposta dun informe no eido da comercialización dos produtos pesqueiros galegos, porque si é verdade —como dicía antes— que é un punto que pode ser unha oportunidade unha vez que o Reino Unido estea fóra da Unión Europea.

Polo tanto, cremos que é moi importante saber cal pode ser o impacto, pero tamén converter este proceso nunha oportunidade. De aí que, vendo a posibilidade de que o Reino Unido perda o seu acceso directo aos mercados da Unión Europea a través da propia Unión Europea, nós, dende Galicia, poderiamos facer esas negociacións independentemente. Polo tanto, é importante e interesante instar a Xunta de Galicia para que faga un informe do impacto destes produtos de comercialización no sector pesqueiro e poder traballar segundo as conclusións dese informe. Por iso sería interesante que esta PNL saíse deste Parlamento por unanimidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

No que concordamos coa propoñente, coa deputada do Partido Popular, é no moito que se xoga Galiza a nivel de pesca. É unha evidencia, vímolo dicindo. No que xa non concordamos é na estratexia a seguir. Xogámonos moitísimo, e a realidade é que Galiza non ten ningunha capacidade política para negociar.

O nacionalismo galego, dende logo, tivemos sempre a coraxe política, fronte á propaganda imperante, que nos prometía o ouro e o mouro, unha vida de viño e rosas, de advertir ao pobo galego das consecuencias negativas da integración na Unión Europea. Formulamos propostas para que mellorase a nosa capacidade de decisión; propostas que demandaban que se mudaran as políticas que liquidaban os nosos sectores produtivos. Expresamos con claridade a nosa oposición desde a integración no Mercado Común, xa que iso ía significar a ruína para amplos sectores. O Tratado de Maastricht, a Constitución Europea. Infelizmente o diagnóstico foi acertado, as consecuencias están á vista e os balances para Galicia en xeral, e para o mar en particular, son evidentes.

Galiza é unha zona altamente dependente da pesca, e representamos máis do 10 % da capacidade pesqueira da Unión Europea, e toda esta potencialidade contrasta coa nosa capacidade política.

Acaba de dicir a deputada do Partido Popular que imos estar vixiantes. E todo iso de estar vixiantes tradúcese, nesta iniciativa, en pedir outro informe. Toda a capacidade dun país tradúcese en pedir informes e en derrogar informes. É moi frustrante, señoras e señores do Partido Popular, que a capacidade de incidir en algo tan relevante como, efectivamente, un balance comercial tan negativo entre Galiza e o Reino Unido diante desa saída do *Brexit*... Dende logo, que veña vostede aquí dicir que está en entredito a saída do Reino Unido da Unión Europea —non sei—, paréceme un pouco... non sei que dicirlle, ¿non?

O problema está en que non temos capacidade política para negociar. No Estado español demostrouse nos últimos *affaires*, laboratorios e demais que nos toman a pitorreo. E que por enésima vez volvan vostedes aquí traer a petición dun outro informe para trasladar... Sería bo que demandaran que Galiza estea presente alí onde se toman decisións relevantes para nós. E no tema da pesca é moi relevante para Galicia onde se toman as decisións. Aí non están nin se lles espera, e en todas as iniciativas que temos traído aquí para ter peso claro e decidido onde se toman decisións, vostedes non queren saber nada desa cuestión.

Nós presentamos unha emenda, porque está ben que se fagan informes, pero sería bo que eses informes os trasladaran aquí a este Parlamento. Que tivera un pouco de respecto o Goberno galego e, á parte de pedir os informes, os presentase neste Parlamento. Por iso presentamos unha emenda pedindo que antes de que remate este período de sesións se trasladen a este Parlamento.

Ademais, unha cousa que nos parece tamén de respecto mínimo, é que o Goberno galego, a Xunta de Galiza, presente neste Parlamento a estratexia adoptada ou a adoptar para que esa saída do *Brexit* do Reino Unido se converta nunha oportunidade e non nun problema para Galiza. ¿Cal é a estratexia do Goberno galego para que se converta nunha oportunidade, máis alá de informe vai e informe vén?

A estas alturas —vostede fixo aquí referencia aos datos dun informe que se coñece polos medios de comunicación, porque o Goberno galego non tivo a ben presentalo neste Parlamento—, os datos e a relevancia da importancia para Galiza desa relación co Reino Unido son máis que evidentes. Entón, diante diso, sería bo saber cal é a estratexia real do Goberno galego —máis alá de trasladar informes— para que se converta nunha auténtica oportunidade e non nun problema. Porque xa sabemos cal foi o resultado da integración na Unión Europea. Xa sabemos cal é o resultado do principio de estabilidade relativa, que non se cambia. Xa sabemos cal foi o resultado da política pesqueira común que se acaba de aprobar, e onde non se modificaron eses principios nos que está sustentada esa política pesqueira común tan lesiva para Galiza. Xa sabemos todas as negociacións e todo ese sistema no que está sustentada esa política pesqueira común tan lesiva para Galiza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E, dende logo, ao BNG e á maioría do sector en Galiza gustaríalle saber cal é a estratexia real, máis alá de trasladar informes a outros que van negociar por nós. E, dende logo, ao BNG gustaríanos que o Goberno galego nos explicara a estratexia real máis alá de trasladar informes. Por iso agardamos que acepten as emendas que presentamos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Pois hoxe levamos escoitando toda a tarde e toda a mañá ás e aos deputados do PP que piden respecto. Aquí, neste Parlamento, piden respecto. E eu pregúntome desde cando aos deputados e ás deputadas do PP lles importou o respecto aquí neste Parlamento. *(Aplausos.)* Pregúntollelo, si, pregúntollelo. *(Aplausos.)* E a resposta é simplemente dende que existe esa sentenza, dende que existe a sentenza que condenou o PP civilmente por corrupción. Iso é o que hai, porque ata o de agora nunca lles escoitamos nin pedir respecto nin nada diso. Iso é así. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si.

Pero, miren, cando se pertence a un colectivo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Aí están demostrando todo o respecto. O mesmo respecto que piden, estano demostrando agora mesmo cando me deixan falar libremente.

Cando están nun colectivo forman parte del, e teñen que asumir e compartir os seus valores ou, neste caso, a ausencia deles. *(Aplausos.)* Vostedes están nun colectivo que é o Partido Popular... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A min non me sinale, eu non estou no Partido Popular. Non, a min non me sinale. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non, por favor, iso si que non. Iso si que non, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

Pode vostede.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas. Respecto absoluto.

Por outro lado, faime moita graza tamén que por parte da señora deputada do PP se diga que vai estar moi atenta ao Goberno do Estado en canto á política de Europa. Pois tamén lle digo, mire, sete anos gobernando Rajoy totalmente de costas a Europa, sen deixar ningún tipo de pegada en Europa, e agora, por fin..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...España volve estar na Axenda europea; agora, por fin, volve estar. *(Pronúncianse palabras que*

non se perciben.) (Murmurios.) Si, señores; si, grazas. *(Murmurios.)* E ao final, ¿cales son as consecuencias? *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(A señora Toja Suárez diríxese á Presidencia.) É que así non podo. Síntoo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, que está unha deputada intentando falar.

Ás dúas bancadas, por favor, silencio.

A señora TOJA SUÁREZ: Respecto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora TOJA SUÁREZ: Respecto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Para todos.

A señora TOJA SUÁREZ: E todas, por favor.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): E todas. De todos os lados.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿Vale? Grazas.

Pode vostede continuar.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas.

As consecuencias son os datos que amosa a última enquisa de poboación activa. Nun ano, Galicia perdeu 4.400 persoas empregadas no mar. Iso quere dicir 1 de cada 5. Pero no caso das mulleres é moito peor, porque é 1 de cada 3. Esas son as políticas do PP. Ese é o resultado da forma de gobernar: estar totalmente alleos á pesca e totalmente alleos ao que ocorre máis alá. Porque non é unha cuestión que diga o Partido Socialista, senón que lles recordamos sempre que é unha cuestión que di o Regulamento da política pesqueira común, o artigo 17. As asignacións de pesca teñen que cumprir un criterio medioambiental pero tamén social e económico. E social significa fixar a poboación. A pesca ten que servir para fixar a poboación nas vilas costeiras. E económico significa que a actividade sexa rendible economicamente. Iso é así, iso é Europa, iso é a política europea. E iso é o que vostedes teñen que demandar.

A nós fainos moita graza que hoxe veñan pedir aquí un informe. Pero nós o que lles imos pedir é que lean os informes que lles fan, porque nun informe tamén se falaba como unha oportunidade para Galicia o Laboratorio de bivalvos. Nun informe que lle fixeron para o *Brexit* había iso escrito, que era unha oportunidade para Galicia o Laboratorio de bivalvos, e resulta que Galicia nin sequera o pediu. *(Aplausos.)* Polo tanto, se piden informes, xa que llelos fan

e non nolos traen aquí á Comisión de Pesca para compartir co resto dos deputados e deputadas, polo menos léanos vostedes.

Por outro lado, a nós cústanos un pouco entender esta iniciativa, polo tanto, ímonos abster porque non a comprendemos. E non entendemos moi ben que van facer vostedes ao respecto... ¿informar de que? Un informe para informar de algo, pero realmente —como vostede explicou moi ben aquí— ¿cal vai ser a situación do Reino Unido? ¿Vai permanecer no mercado único?, ¿non vai permanecer? ¿Vai haber unha unión arancelaria?, ¿non a vai haber? Polo tanto, cústanos entendelo.

Vostede falou aquí das exportacións e das importacións, pero obviou un dato importantísimo, que é unha cuestión que non podemos perder de vista: por cada euro de produtos acuáticos, de produtos de mar, por cada euro que Galicia exporta de produtos acuáticos do mar, importa 1,5 euros. Iso significa que somos totalmente dependentes das exportacións. E hai un estudo —que vostedes o coñecen moi ben—, que é o de New Economics Foundation, que di que todo o peixe que consuma España —e, por conseguinte, tamén Galicia— a partir do 26 de maio procede das importacións. Só somos autosuficientes, capaces de subministrar o consumo do peixe que consume Galicia e España ata o 26 de maio, a partir de aí, todo ese peixe procede de importacións.

Vostede fala aquí da balanza comercial, das exportacións... Colla a foto completa. Fale da pesca, fale de cal é a situación das importacións e das exportacións para o peixe en Galicia. Iso é o que lle pedimos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: Si, un segundiño, por favor, que sufrín bastantes interrupcións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa están descontadas. Xa van 30 segundos. Remate cando poida.

A señora TOJA SUÁREZ: E, por outro lado, xa que vostedes hoxe traen aquí a solicitude de facer un informe en canto á comercialización, eu voulles dicir isto: ¿preocúpalles a comercialización? A nós moito. Pois se lles preocupa a comercialización, este é o Programa 723A, de orzamentos. Este programa é o que contén unha partida para a comercialización. En amarelo está o que se podía facer, en verde o que realmente fixeron.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: As execucións entre 2010 e 2014 non alcanzan nin o 30 %...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora TOJA SUÁREZ: ...e no ano 2017, só o 37 %.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora TOJA SUÁREZ: ¿Preocúpalles a comercialización?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Toja, xa rematou o seu turno.

A señora TOJA SUÁREZ: Executen os orzamentos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Torregrosa Sañudo.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e todas.

Unha vez máis, non podemos facer outra cousa que amosar a nosa sorpresa por esta iniciativa. Parece máis para aparentar que este Goberno fai algo respecto disto que para exercer a súa responsabilidade. Xa no seu día realizouse un informe sobre estes temas, un estudo do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga, da Universidade da Coruña. No devandito estudo hai un capítulo enteiro dedicado ás repercusións da retirada do Reino Unido sobre materias e ámbitos de interese para o sector pesqueiro de Galicia, do que extraio algunhas anotacións para non estenderme.

Noutros termos, a actividade pesqueira británica é absolutamente tributaria do acceso dos seus produtos ao mercado europeo. Por exemplo, consumada a retirada, mentres non se estableza un novo marco de relacións, o Reino Unido será considerado como un país terceiro, deberá pagar integramente os dereitos de aduana. Os produtos pesqueiros procedentes do Reino Unido deberán pagar aranceis. E remata como conclusión que, en definitiva, a retirada do Reino Unido non ten por que prexudicar o sector pesqueiro galego. Haberá aspectos nos que se mellore a súa situación e haberá outros nos que poida empeorar. Pero, en todo caso, o fundamental —ao noso xuízo— é estar nas negociacións e facer un seguimento continuado das mesmas.

Case un ano despois do límite da vixencia do devandito estudo, en xuño de 2017 aseguraban vostedes, en voz da conselleira de Pesca, a señora Quintana, que Galicia non pode permitirse esperar para empezar a traballar, presumindo de que Galicia foi a primeira das rexións da Unión Europea en facerse cun informe sobre todas as arestas que podía ter o *Brexit* para a comunidade.

Tal como vostede dixo, señora Egerique, aínda había un novo estudo encargado á experta en economía pesqueira Carmen García Negro sobre as consecuencias económicas da saída do Reino Unido.

Non sabemos nada do devandito estudo. Se concluíse finalmente como vostede di, gustaríanos coñecer as conclusións do informe. En xaneiro deste mesmo ano temos unha nova

iniciativa do PP na que se insta a Xunta de Galicia a crear un foro que permita o seguimento e a evolución do *Brexit,* no que participen os interlocutores económicos e sociais e sirva para reflexionar sobre as consecuencias do acordo e o seu posterior desenvolvemento, así como propoñer medidas para a adaptación á nova realidade de cada ámbito.

¿Poderían informarnos de en que se fase se atopa o devandito foro? ¿Cales foron as conclusións e iniciativas derivadas do mesmo? ¿Que información sobre as negociacións relevantes para o sector están a ocultar?

A realidade é que, ante un proceso de enorme importancia para Galicia, dado o peso da economía pesqueira no noso país, parece que non se ten feito nada ou case nada, e aínda hoxe se trata de tapar esa carencia de acción. ¿Como é posible que hoxe solicitemos un informe para coñecer o impacto do proceso que foi aprobado hai máis dun ano, xa que o Goberno británico invocou o artigo 50 do Tratado da Unión en marzo de 2017 e que o referendo foi aprobado en xuño de 2016?

Á vista dos feitos, parece evidente que nin responsabilidade nin compromiso con Galiza. Polo tanto, dende En Marea cremos necesario non falar máis e comezar a traballar para garantir o emprego dos 1.040 tripulantes do Gran Sol ou dos máis de 700 das Malvinas. Pero, sobre todo, elaborar unha folla de ruta que permita gañar posibilidades de mercado aos nosos produtos da pesca.

As oportunidades do proceso de negociación deberían servir para, por exemplo, articular as seguintes necesidades: derrogar o principio de estabilidade relativa, obter maiores cotas de pesca, reformar as políticas de etiquetaxe e comercialización dos produtos do mar que prexudican a Galicia favorecendo a competencia desleal. ¿Vai o Goberno modificar a norma impulsada polo PP en Europa que permite que porque un só proceso se faga en Galicia se pode vender como galego un produto, como pasa coa conserva, convertida de facto nunha mera empaquetadora de atún importado de Asia?

Por último, debería o PP aclarar unha cuestión con esta iniciativa. Como se deprende da súa parte expositiva, ¿está só pensada para defender os intereses de Anfaco, a conserveira de atún? ¿Para cando o mesmo interese para defender os armadores ameazados por esta competencia desde Asia, ou ás traballadoras afectadas por importar lombos limpos, que impide o proceso que máis postos de traballo xeraba en Galicia?

Queda nas súas mans convencernos, señores do partido da corrupción, da necesidade de realizar novos estudos non como maquillaxe para disimular a inexistencia de accións concretas dende a Consellería de Pesca, atrasando de novo calquera acción á espera deste novo informe, senón propoñendo —como xa dixemos— a folla de ruta de accións concretas que deben asumir como Executivo.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Torregrosa.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señora Prado, non puxen en dúbida que o *Brexit* fora ou non fora unha realidade. Dixen que o tempo, a inmediatez, non está agora tan clara; é o que digo eu, a prolongación no tempo ou non. Polo tanto, temos que estar preparados.

Mire, vostede di que toma a pitorreo, que é un informe a pitorreo. Son datos, son informes, encargados ao propio sector da pesca, a expertos e persoas que coñecen o propio sector da pesca, para que Galicia estea preparada e, polo tanto, defender e saber en que terreos nos movemos para iniciar as negociacións alí en Bruxelas.

A conselleira de Pesca, a conselleira do Mar, estivo presente na maioría das negociacións pesqueiras que atinxen a Galicia, e seguirá estando, como ten feito dende que é conselleira, porque está perfectamente e moi involucrada no que vai pasar con Galicia a raíz do *Brexit*.

Señora Toja, menos xestos e máis accións, como xa lle teñen dito nalgunhas ocasións ao Goberno. Porque mire, si que vamos permanecer vixiantes e vou dicirlle por que. Tivemos uns ministros de Fomento e outros, que ían negociar a Bruxelas, que meteron a Galicia e o naval no *tax lease*, que deixaron a Vigo fóra da rede de porto nodal, que deixaron a Galicia fóra do corredor atlántico... Polo tanto, quizais estivemos despistados. Agora non nos van pillar outra vez na mesma. Imos estar moi vixilantes, porque este é un proceso interesante e sabemos que os socialistas, de Galicia, nada. Agora xa resulta que se esquecen da AP-9 no tema das peaxes, xa estamos vendo que Galicia, no Goberno de Sánchez, non pinta nada. Polo tanto, nós, desde este Parlamento, imos estar moi vixilantes en Europa, por suposto, e tamén nas infraestruturas.

Señora Torregrosa, vostede quere que a convenzamos non sei de que, porque vostede fala aquí dun informe que ten datos moi interesantes e importantes con respecto ao sector pesqueiro, e logo di que ao mellor o *Brexit* non vai afectar na medida en que parece a Galicia e ao sector pesqueiro de Galicia. Cita ese estudo e despois dubida de que poida afectar nos termos en que nós dicimos.

Realmente o que queremos facer hoxe aquí, o que queremos aprobar aquí, é un informe máis en termos comerciais. Vou ler a resolución para que saiban perfectamente o que imos votar.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe sobre as posibilidades e circunstancias que se abren co *Brexit* en termos comerciais en relación cos produtos pesqueiros galegos». As posibilidades e circunstancias. Temos que saber como podemos ser máis fortes no caso de que o Reino Unido saia da Unión Europea.

Señora Prado, con respecto á súa emenda, se acepta a votación por puntos, nós estariamos encantados de remitir ao Parlamento —que é o segundo punto—, antes de que remate o presente período de sesións, o resultado dos informes. A Xunta xa nos di que non hai problema de remitilo. Polo tanto, votariamos a favor dese punto.

No primeiro punto vostede di que falemos da estratexia da Xunta, cando a conselleira compareceu aquí, por petición propia, para explicar exactamente o que estamos facendo. Acaban de

resumilo as tres voceiras que estiveron neste debate: os informes que se fixeron, as negociacións en Europa. Iso é o que está facendo a Xunta, é a folla de ruta con transparencia. ¿Ocultar que? Se é un problema para Galicia, temos que convertelo en oportunidade e atínxenos a todos.

Polo tanto, aceptariamos o segundo punto desa emenda. Ademais, rexeitar que se faga este informe, que vai ser enriquecedor para o sector pesqueiro, para Galicia e para que saiamos todos gañando no sector da pesca, non entendemos por que vostedes teñen que rexeitalo. Agora xa sabemos que temos que convencelos. ¿De que? ¿Convencelos de que?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: De que estamos traballando e, afortunadamente, temos unha maioría coa que podemos aprobar isto e poderemos saber moito máis sobre o sector.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da compostaxe como modelo universal de tratamento dos biorresiduos urbanos no primeiro trimestre de 2019, así como para estudar a posibilidade de colaborar coa Deputación Provincial de Pontevedra no desenvolvemento do Plan Revitaliza e a súa ampliación ao resto do territorio galego

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 29664).

Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

«1. Establecer a compostaxe (domiciliaria, comunitaria e en planta) como sistema preferente e complementario no tratamento da fracción orgánica dos urbanos e coa finalidade de cumprir o obxectivo de reciclaxe do 50 % dos residuos antes de 2020, procedendo ás modificacións normativas que fose preciso.

2. Abrir un proceso de diálogo coa Deputación Provincial de Pontevedra para estudar a posibilidade de colaborar no desenvolvemento do Plan Revitaliza e amplialo ao resto do territorio galego.»)

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento de Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar o diálogo coas administracións locais para facilitar a integración das súas iniciativas a prol da compostaxe no marco do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, actualizado no 2016 de conformidade co Plan estatal marco de residuos sempre que as súas instalacións e infraestruturas de compostaxe conten coas preceptivas autorizacións ambientais.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Esta é unha iniciativa sobre a compostaxe. En realidade é unha proposta para europeizar o Partido Popular e a Xunta de Galiza. Queremos —dicímosllo de verdade, de corazón— que sexan europeos, modernos, avanzados e innovadores nun tema, ademais, que vai marcar a axenda ambiental nos próximos anos, que é o dos residuos urbanos e, sobre todo, o dos biorresiduos.

Queremos que se sumen ao camiño imparábel do reciclado e da compostaxe. Vostedes que falan tanto de economía circular e de transformación de residuos en recursos, aquí teñen a economía circular, a transformación dos residuos en recursos. *Compost high class*, máxima calidade, modelo Revitaliza *(Aplausos.)* da Deputación de Pontevedra. Un modelo europeo, innovador, moderno e avanzado que teñen a oportunidade de trasladar a outras partes do país. Despois, se queren tocar o produto, pódollo achegar para que comproben a súa máxima calidade e experimenten tamén o que significa a compostaxe. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero non se trata só de ser modernos e europeos. Trátase, sobre todo, de coidar a saúde humana e a do medio que nos rodea. Fíxense, este sistema baséase na autosuficiencia e na proximidade, e, polo tanto, supón suprimir en gran parte todo o que ten que ver coa recollida e o transporte dos residuos; tamén cos aforros ambientais e económicos que iso supón.

O BNG quere, polo tanto, europeizar, modernizar, a dereita conservadora, e tamén quere que cumpran a lei, porque, como din vostedes, as leis están para cumprilas. Isto si, cando interesan, algunhas leis non as cumpren e por iso o Partido Popular foi condenado por corrupción.

Queremos que cumpran a lexislación europea... Si, si, queremos que cumpran a lexislación europea estatal sobre residuos, na que se están a producir importantes cambios normativos nos últimos tempos que non lles queda outra que cumprir, ¡non se van escaquear! Hai unha realidade absolutamente demoledora e apabullante de normas que teñen que cumprir, empe-

zando pola Directiva europea de residuos, que se acaba de reformular e que vai ter que ser transposta nos próximos meses á lexislación estatal e autonómica; tamén o Plan Estatal Marco de Residuos, o Pemar, ou a modificación que está en trámite da lei de residuos do Estado.

Fíxense o que di esta lei, ademais do que di a normativa estatal: que antes do 2020 —polo tanto falta un ano e medio, falta un ano e medio e vostedes non queren enterarse— os residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado, incluídos os biorresiduos, deberán alcanzar como mínimo un 50 % de reciclado. Finais do ano 2019, queda un ano e medio e vostedes non queren enterarse.

Igual que o que prevé a modificación da lei estatal, que di —fíxense o que di—: obriga da recollida separada dos biorresiduos para destinalos á compostaxe ou á dixestión anaerobia.

E, segundo, garantir que o tratamento de biorresiduos recollidos separadamente se realice a través de compostaxe doméstica e comunitaria ou instalacións específicas. Precisamente o que xa está facendo, desde hai case dous anos, a Deputación de Pontevedra e moitos concellos da provincia de Pontevedra tamén gobernados polo Partido Popular, aínda que vostedes veñan de acusicas a dicir que o Concello de Pontevedra no está autorizado, non ten autorización para os centros de compostaxe comunitaria, aínda que non existe ningunha normativa que regule ese tipo de instalacións. Veñen acusar o Concello de Pontevedra, curiosamente, e non veñen acusar os concellos do Partido Popular que tamén teñen instalados estes composteiros comunitarios, ¡que curioso!

Pois ben, a Xunta e o Partido Popular, en lugar de modernizarse, en lugar de europeizarse, o que fan é non cumprir a lei, están nun estado asilvestrado, botáronse ao monte. Botáronse ao monte non, botáronse a Cerceda, botáronse a Sogama e puxeron en marcha ese auténtico monstro que, desde logo, se tiña sentido hai dez anos —non sei, non vou entrar nese debate—, realmente agora, con este marco normativo, desde logo non ten ningún sentido, hai que paralo, hai que dar marcha atrás, hai que reformulalo, hai que ir noutra dirección. Un sistema centralizado, coa dispersión da poboación que hai en Galiza, que ten elevadísimos custos económicos, sociais e ambientais, non ten sentido. É absolutamente irracional porque supón a recollida e o transporte dos biorresiduos —que son no seu 80 % auga— por todo o país para queimalos, e que o único que ten de economía circular é a economía circular de Gas Natural e de Fenosa, que son quen subministra o combustible para secar e queimar e quen se beneficia tamén da produción da enerxía do complexo de Cerceda. Esa é a economía circular que practica o Partido Popular; que ademais, como xa se dixo repetidamente, ten uns índices baixísimos de reciclado que non chegan ao 5 % e que nin sequera cumpre os parámetros para ser considerado valorización enerxética, como recoñece a propia memoria de Sogama.

E a pesar da evidencia de que é un sistema obsoleto, que incumpre a lei e que incluso incumpre o propio Plan galego de residuos, resulta que vostedes seguen apostando pola incineración e acaban de aprobar recentemente a ampliación de Sogama para tratar todo o lixo producido en Galiza. E aínda presumen diso, presumen de que coa ampliación van tratar máis dun millón de toneladas, que é practicamente todo o lixo producido en Galiza. Acaban de licitar dous macrocontratos, que supoñen case 500 millóns de euros, para a ampliación e a xestión durante quince anos a unha empresa que se chama Valtalia. E tamén outro ma-

crocontrato de transporte por dez anos. Isto, na práctica, supón a renuncia á recollida separada da materia orgánica e ao tratamento e á compostaxe dos biorresiduos. En contra desa modificación da lei que está en tramitación e que se vai aprobar proximamente, o único cambio que parece que pode haber é un atraso na súa entrada en vigor; a Femp está pedindo que se atrase un ano, polo tanto, ao 2021. Pero é ineludible, inevitable, non hai outra, van ter que cambiar o sistema.

E digo que cumpren o seu propio plan porque o plan revisado, o Plan galego de residuos, revisado no ano 2016 para, en teoría, cumprir co Pemar, prevé nada máis e nada menos que 11 plantas de compostaxe. Vostedes prevén unha en Cerceda, que aínda non acabamos de saber se é para tratamento de residuos do ámbito local ou se é para grandes produtores porque foron cambiando ao longo do tempo, pero hai dez plantas comarcais das que non sabemos nada. Polo tanto, non van poder cumprir a previsión do propio plan de tratar 245.000 toneladas de biorresiduos que sería necesario para cumprir ese 50 % de reciclado antes de finais do 2019. Así que explíquenos como se van construír esas plantas de aquí a ano e medio para cumprir. Non sei como van facer vostedes e as multas que lles van caer por incumprir isto.

Iso si, vostedes fan campañas de composteiros individuais, pero a nós non nos cola, iso non vale. Iso é un bonito para quedar ben de cara á galería pero non é aplicar as directivas e as normas estatais e europeas.

E mentres que o PP e a Xunta viaxan cara atrás e se afastan de Europa, resulta que a Deputación de Pontevedra dá un exemplo de modernidade, de europeísmo e de respecto polo medio ambiente co Plan Revitaliza. Compost de máxima calidade, compostaxe dos biorresiduos, compostaxe domiciliaria, comunitaria e en planta. É un proxecto ambicioso e novidoso que esperta interese no Estado e en Europa. Recentemente, a Comunidade de Estremadura, a Comunidade de Andalucía, países europeos, no Brasil tamén queren implantar este sistema na Universidade de São Paulo. Está espertando interese, e vostedes non queren enterarse. É unha experiencia revolucionaria porque se suprimen os custos de recollida e de transporte dos biorresiduos e se aposta, sobre todo, pola compostaxe comunitaria. E ten tamén un gran beneficio social porque supón a implicación da xente, da comunidade, no tratamento dos residuos que produce e na súa transformación en recursos. Isto tamén é moi importante.

E tamén ten elementos moi innovadores como a creación da Facultade da Compostaxe, que permite formar os chamados MECO, os mestres e mestras composteiros, para desenvolver e poñer en marcha todo o proceso, porque require de profesionais formados para poder desenvolver de maneira eficaz todo o proceso. E tamén ten asociado un proxecto de investigación da Universidade de Vigo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto —remato—, en lugar de sabotear e de boicotear, como están facendo no concello de Pontevedra e na Deputación, xa digo, non noutros concellos, teñen unha oportunidade de situarse na modernidade e en Europa. Non teñan medo, señoras e señores do Partido Popular, dean o paso. Se non o fan agora, vano ter que facer dentro de poucos meses. Están a tempo...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...¡súmense dunha vez á compostaxe comunitaria!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Hoxe imos falar de residuos, non imos falar de incineración, diso de queimarse un ao bonzo ou decidir non queimarse ao bonzo, senón que imos falar de compostaxe.

Nós cremos que as políticas do Partido Popular acaban sempre queimando ou incinerando algo, o que ocorre é que queiman todo aquilo que colle en Sogama, e todo o que non colle, sotérrano. Esa é a súa política medioambiental para a xestión de residuos. *(Aplausos.)*

O seu plan está obsoleto, dicíao o representante do BNG e é verdade, está obsoleto. É continuísta e ademais non potencia a prevención, que é fundamental na xeración de residuos, nin promove a reutilización, a reciclaxe e a recuperación, que evitaría que haxa que levar tantas toneladas de lixo a Sogama para incinerar.

De feito, na propia memoria de Sogama do ano pasado dise que hai unha elevada porcentaxe de impropios na recollida selectiva de bolsas amarela e orgánica. Impropios é o lixo que se tira erroneamente onde non se debe tirar. E, ¿por que? Pois porque non se promove a recollida selectiva, nin a prevención, nin a reciclaxe ou a recuperación. Estamos, por exemplo, na bolsa amarela, por riba da media do Estado en impropios. E a mesma memoria di que hai que ampliar a xestión *in situ,* evidentemente, especialmente porque temos unha dispersión territorial moi potente e porque as plantas de tratamento están alonxadas.

O 45 % dos residuos que se trasladan en Galicia van en camión —e non o dicimos nós, dixérono vostedes en maio no Consello da Xunta—, e como o lixo non vai empacado, sobre todo o que transportamos é auga que poderiamos reciclar.

Nós cremos que a compostaxe de residuos urbanos, que é o que se propón aquí, é unha solución, pero non pode ser nin única nin universal, sinxelamente porque non todos o residuos orgánicos son compostables.

E voulles facer unha pregunta, así, ao aire, a todos os deputados e a todas as deputadas. ¿Cantos dos que estamos aquí e das que estamos aquí tiramos as caixas de pizza utilizadas no contedor de papel? ¡Seguro que case todos! Pois non se poden tirar porque están manchadas de graxa e a graxa non vai co papel, hai que separala, e é moi complicada a separación; e tampouco se pode tirar para facer compostaxe. Ese é un dos problemas. Esa caixa de

pizza que seguro que consumimos a moreas, non podemos facer compostaxe con ela nin tampouco podemos reciclala para volver facer papel. Por iso o sistema de compostaxe si debería ser complementario, si debería ser preferente con relación a outros, pero non único nin universal para a reciclaxe dos residuos urbanos.

É certo que, como nos di Europa, necesitamos cumprir o obxectivo de reciclaxe do 50 % dos residuos urbanos antes de que remate o ano 2020. Ao mellor tamén temos que facer modificacións normativas para chegar a ese límite. Pero o que nos propón aquí o BNG é cambiar radicalmente o sistema de recollida en orixe, contedores incluídos, e iso non sabemos a canto se eleva, canto custo suporía, nin tampouco que sistema de compostaxe se vai utilizar, e todo nun ano é inviable. Por iso fixemos unha emenda.

O certo é que necesitamos un cambio na xestión de residuos urbanos, e xa, ¡xa! Cunha xestión máis próxima a onde se xera o residuo, con plantas de reciclaxe, de separación e valorización anexas para cada residuo. Levando o que queda a Sogama, pero só o que sobre, só o que sobre despois de ir a todos os pasos anteriores.

O sistema de Sogama terá que ser complementario e con financiamento de actuacións de mellora de recollida selectiva e de prevención, sobre todo a través da concienciación, da educación e tamén da compostaxe doméstica e comunitaria, pero non universal. Xerariamos menos volume de rexeito en Sogama e evitariamos a vertedura. Europa está en contra da vertedura. Imos cara a vertedura cero. No ano 2030, a idea da Unión Europea é eliminar todos os vertedoiros; iso quere dicir que desaparecería do sistema da xerarquía de reciclaxe.

Nós estamos a favor da compostaxe, o Grupo Parlamentario Socialista e o PSdeG. De feito, o primeiro goberno que apostou pola compostaxe foi o Goberno de Emilio Pérez Touriño, do que hoxe precisamente se cumpren 13 anos, polo tanto, hoxe estamos de aniversario. Eu non podo repartir compostaxe pero gustaríame traer confetti e botalo, porque cremos que foi o mellor Goberno que tivo esta comunidade dende que comezou a democracia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: E vou rematando.

Con relación ao segundo punto da proposición non de lei, é certo que a deputación puxo en marcha un plan, o Revitaliza, que dá prioridade á compostaxe pero non o establece como o único sistema de reciclaxe. Por iso nós pedimos que se acepte a nosa emenda e, en todo caso, que se nos acepte votar por puntos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes.

Por unha banda, o señor Bará propón que a Xunta se dirixa á Deputación de Pontevedra para colaborar co seu plan. A Xunta, seguramente, non quere interferir na autonomía local, e vostede debería saber que lles corresponde ás entidades locais a recollida, o transporte e o tratamento de residuos domésticos. Polo tanto, son as propias entidades locais as que están lexitimadas para elixir cadanseu sistema, o que consideren máis acaído.

Respecto do tema de abrir un proceso de diálogo coa Deputación de Pontevedra, sorpréndenos un pouco, porque, segundo ten informado neste Parlamento a directora de Calidade Ambiental, a Deputación de Pontevedra nunca expuxo os seus plans nin as actuacións que quere levar a cabo, nin para solicitar axuda. En todo caso, estou convencido de que, se solicitan axuda á Xunta de Galicia, non lles será negada esta colaboración.

Pero debe saber que no Plan de residuos urbanos de Galicia si que se establece a recollida selectiva e se evita establecer unha demarcación, unha zonificación, específica e pechada para o tratamento primario desta fracción, e déixase en mans dos competentes, daqueles concellos ou mancomunidades que queiran iniciar esta recollida, que decidan esta situación, a zona de influencia e a capacidade das plantas de tratamento necesarias.

Por outra banda, eu celebro, señor Bará, que vostede se dera conta de que existe a compostaxe. Sorpréndeme, porque incluso cando gobernaba o seu partido na Xunta de Galicia xa existía Sogama, e estaba promovendo a compostaxe e repartindo composteiros, e vostede veu aquí no ano 2018 cun descubrimento. Pero celebro, en todo caso, que descubra que existe.

Sogama segue promovendo a compostaxe, e a compañía pública porá en marcha nas súas instalacións de Cerceda unha planta de compostaxe industrial con capacidade para 15.000 toneladas anuais, nas que tratará a materia orgánica procedente dos concellos limítrofes.

Polo tanto, entrando xa no Plan Revitaliza da deputación, vostede proponnos o Plan Revitaliza como o *primus inter pares* de todos os modelos, e sobre isto quérolle facer varios comentarios.

En primeiro lugar, os composteiros comunitarios que se están estendendo, promovidos pola Deputación de Pontevedra, vostede sabe que son instalacións de xestión de residuos que non contan coa correspondente autorización ambiental. Polo tanto, vostede está pedindo que se colabore coa Deputación de Pontevedra que ten unhas instalacións que non cumpren a lei. Eu creo que aí teñen pouco que facer mentres non regularicen esas instalacións.

Tampouco hai comunicación formal da Deputación, nin do Concello de Pontevedra, para poder autorizar estas instalacións. E son relevantes as condicións nas que funcionan estes composteiros comunitarios, posto que comprenden temperaturas de ata 75 graos centígrados, atmosfera oxidante, elevada humidade relativa do aire, eventuais baixadas do PH ata 5, por iso esta é unha instalación de xestión de residuos que precisa autorización e vostedes non a están solicitando.

Por outra banda, no Plan Revitaliza veremos os números, que é o relevante. Levan 6 millóns de euros gastados no Plan Revitaliza. ¿Cal é o aforro e a eficiencia na xestión de residuos? Pois

mire, nos últimos tres anos, a provincia de Pontevedra diminuíu a súa poboación, levan gastados 6 millóns de euros en compostar e, ao final, o resultado é que se segue enviando máis lixo que nunca a Sogama. Entón, ¿onde está o aforro? É curioso, porque mentres noutras provincias tamén se reduce a poboación, o envío a Sogama mantense ou incluso se reduce en moitas ocasións, pero na de Pontevedra increméntase. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Esa bolsiña que vostede nos trouxo aquí, señor Bará, é unha bolsiña que sae moi cara, porque custa 6 millóns de euros e estase gastando máis aínda en pagar máis residuos a Sogama. Coa súa exposición, máis propia destes vendedores da televisión, só lle faltou dicir unha cousa: tome unha bolsiña despois de cada comida. ¡Quedoulle niquelado este tema para expoñelo como vendedor nestes programas de venda pola televisión!

É unha mágoa, señor Bará —e agora dígollo en serio—, que eses 6 millóns de euros non os destinara a Deputación de Pontevedra, por exemplo, aos veciños de Tui, que están esperando que teña recursos a Deputación de Pontevedra, *(Aplausos.)*, e non os malgastasen, como os están malgastando, nun negocio como é o da compostaxe.

É un modelo, o Plan Revitaliza, ao que, curiosamente, dos 61 concellos que hai na provincia, só se adheriron 29; e deses, só 5 pasan á segunda fase. Fíxese vostede que éxito ten, que de 61 concellos só 5 concellos, o 8 %, queren seguir adiante con este modelo. E vostede pretende que este modelo que non o queren nin os concellos da provincia de Pontevedra o asuma a Xunta de Galicia e o estenda por todas as provincias, por toda Galicia. Isto realmente, señor Bará, non ten moito sentido, non ten moito sentido.

Repítolle o custo: máis de 6 millóns de euros. Isto sen contar xa os gastos de persoal propio da Deputación. Pero si estamos contando as axudas, as subvencións, a compra de composteiros, a economía circular que funciona no BNG, na que se contrata, por exemplo, un responsable comarcal do BNG para dar cursos de compostaxe *(Protestas.)*...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ...si, cursos de poda, ou mesmo —porque tamén vale para iso— clases de *hula hoop*, porque así está documentado. ¡Vale para todo este responsable comarcal!

Esa é a economía circular do BNG que non queremos na Xunta de Galicia nin no Partido Popular. Polo tanto, nós propoñémoslle unha transacción, se quere aceptala, pero, dende logo, non imos aceptar un modelo que está fracasando estrepitosamente na provincia de Pontevedra.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Moreira.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Aquí xa vale todo, aquí xa criticamos que alguén dea cursos de *hula hoop*.

Eu vou facer unha matización moi breve, se me permite, señor presidente, é a última intervención, e tampouco quero enredar moito fóra da cuestión. É simplemente por matizar a xustificación que fixo o señor Fernández Gil pola súa intervención. Eu entendo que si, que a xustificación que fixo vostede é real, eu entendino desa maneira, dende logo, pero agardaba que, cando pediu a palabra para a súa xustificación, ademais pedise desculpas pola desafortunada intervención que tivo a este respecto. Porque vostede fixo un triple tirabuzón para colocar esa cuestión neste Pleno dunha maneira moi sucia, porque foi unha comparativa que non ten ningún sentido.

Vostede di: da mesma maneira que nós, porque unha persoa relacionada cun partido cometa un delito non dicimos que todo o partido comete ese delito, exiximos o mesmo. Nós non dicimos que o Partido Popular é un partido corrupto porque unha persoa do Partido Popular cometese un acto de corrupción. É que non ten ningunha relación, ¡non hai comparativa en ningún caso! Nós dicimos que o Partido Popular é un partido corrupto porque un xuíz nun xulgado dixo que o Partido Popular se beneficiou dunha trama de corrupción. Por iso o dicimos, non porque un membro do Partido Popular... *(Murmurios.)* O Partido Popular beneficiouse dunha trama de corrupción, ¡claro que si! ¿Non se beneficiou dunha trama de corrupción? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non o di, claro, temos que dicilo textualmente...

Iso é o que quere dicir a sentenza. Nós xa sabemos que vostede saíu respaldar o señor... De vostede tampouco agardo moito máis. Entendo que lle fixo o argumentario o señor Tellado, pero sabe vostede que estivo totalmente fóra de lugar, totalmente desafortunado, e que non hai ningún tipo de comparación entre unha cuestión e a outra.

Con respecto á compostaxe, evidentemente, para unha correcta política medioambiental, para camiñar cara ao mellor modelo de xestión de residuos posible para cumprir as directivas europeas en materia de reciclaxe, é indispensable investir na compostaxe responsable. Para comezar o camiño superador do modelo Sogama, aínda que dende o Goberno nos digan que o modelo é un exemplo a seguir, os datos din que non é así. O modelo Sogama non é sostible, non é rendible, nin medioambiental, nin social, nin economicamente, e os datos falan por si sós. Aquí non hai literatura capaz de disfrazar a barbaridade medioambiental que supón o modelo Sogama; un modelo do século pasado que ningunha Administración responsable debería defender.

Dende Europa márcase o obxectivo do 50 % de material reciclado para o 2020, e gabándonos do modelo de Sogama, e non investindo nun plan que mude completamente a dirección do modelo, será imposible acadar esta cifra. De seguir así, ademais de ter un modelo prexudicial para o medio e para a economía galega, é posible tamén que nos teñamos que enfrontar a un expediente sancionador no futuro e arriscar novas subvencións dos organismos europeos.

O recente toque de Europa no referente á xestión das augas residuais debería servir como punto de inflexión que lle faga á Xunta de Galicia tomarse en serio as directivas europeas en conservación medioambiental. Xa que o Partido Popular non ten ningunha sensibilidade medioambiental e aplican políticas depredadoras do medio —polo tanto, depredadoras do presente e depredadoras do futuro—, cando menos, atendan as directivas europeas, para evitar

así que as políticas depredadoras do medio para beneficiar os amigos das portas xiratorias e dos pagos en B non lles custen cartos á cidadanía en forma de sancións á Administración.

A compostaxe debe ser unha das prioridades no modelo de xestión de residuos. Xa temos defendido que, dado o nivel de coñecemento acumulado e dadas as experiencias que xa se desenvolven noutros ámbitos —local, comarcal ou provincial—, como é o caso que trae hoxe o Bloque Nacionalista Galego ou como os exemplos dos que falamos, a Xunta de Galicia debe definir un plan galego de compostaxe para a fracción orgánica fermentable dos residuos sólidos urbanos, os lodos de depuradora, a biomasa de orixe vexetal e análogos.

Nós entendemos que este plan debería incluír, entre outras medidas, control público na xestión dos residuos, inventario dos residuos compostables, estimación dos volumes de compostables, medidas para o fomento da investigación relacionada coa compostaxe e estudos de mercados sobre a valoración do compost.

É preciso que a Xunta de Galicia colabore cos concellos e coas deputacións —como este caso da Deputación e Pontevedra— para dinamizar plantas de compostaxe comarcal, local, comunitaria ou invididual, segundo os casos, e deixar de transportar auga por todo o territorio galego para que, finalmente, remate na incineradora para beneficio de Gas Natural.

O pretendido proxecto para instalar un macrovertedoiro en Lousame, que non aportaba nada novo, é unha fuxida cara a adiante, igual que a incineradora que se pretende instalar en Teo, que xa ten en contra a maioría da veciñanza. Por acción ou por omisión, o Partido Popular está permitindo un modelo de xestión de residuos que é depredador para Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: Polo tanto, solicitámoslle ao Partido Popular que dende o Goberno aplique políticas de compostaxe. Evidentemente, imos apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Pola miña parte, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

Ten a palabra, por parte do Grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Unha primeira aclaración con respecto á emenda do Partido Socialista, porque penso que ten unha contradición. Nós falamos dos biorresiduos, e está claro que son os biorresiduos. Tanto a Directiva europea, como a lei estatal, como a propia normativa da Xunta, teñen claro o que son os biorresiduos. No caso do Plan Revitaliza hai manuais de uso, hai cursos, que explican perfectamente cales son os biorresiduos. Vostedes, na súa emenda, falan de preferente e complementario, que me parece que son dous termos incompatibles, son contraditorios. Pero non hai por que utilizar estas palabras, porque o anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei de residuos déixao perfectamente claro: «establecer con carácter obrigatorio». Non se trata de preferente nin complementario, é esta-

blecer con carácter obrigatorio. Vai ser obrigatorio. A ver se queda claro, sobre todo para o Partido Popular, vai ser obrigatorio.

Léollo ademais en español, por se o entenden mellor: «*La recogida separada de los biorresiduos para destinarlos al compostaje o la digestión anaerobia, en particular la fracción vegetal, los biorresiduos de grandes generadores y los biorresiduos generados en los hogares. Los municipios de más de 5.000 habitantes instalarán la recogida separada de los biorresiduos antes del 21 de diciembre de 2020*». Agora está en discusión se se atrasa un ano esta data; é unha decisión que ten que tomar o Goberno do Estado.

«*Segundo. Garantizar que el tratamiento de biorresiduos recogidos separadamente se realice a través de compostaje doméstico y comunitario en instalaciones específicas.*»

Máis claro non se pode dicir, polo tanto, non é nin complementario nin preferente, senón obrigatorio. Ten que ser obrigatorio, vai ser obrigatorio.

O Partido Popular, señor Moreira —sempre lle toca facer aquí uns certos papelóns, claro—, primeiro porque tampouco se enterou, non debeu ler a última actualización do Plan de residuos da Xunta. A planta de Cerceda, para tratamento de 15.000 toneladas —segundo o que dixo vostede—, obrigaría á recollida selectiva aos concellos da súa contorna. Pero di vostede que a Xunta non lles pode impoñer aos concellos a recollida selectiva. Pero non vai ser unha planta zonal, vai ser unha planta para grandes produtores, porque se deron conta deste problema, de que lle tiñan que impoñerlles, a concellos que xa teñen contratado o sistema de recollida, a recollida selectiva. Polo tanto, a ver se se informa ben. E non me explicou como van conseguir o tratamento de 245.000 toneladas de biorresiduos que prevé o Plan da Xunta de Galiza.

Por certo, con respecto á deputación e aos concellos, non son 29, son 36 concellos da provincia da Pontevedra os que se sumaron ao Plan Revitaliza, entre eles: Redondela, Sanxenxo, Salvaterra, Valga, Rodeiro, Silleda, Campo Lameiro, Soutomaior, Baiona, O Rosal —e sigo—, do Partido Popular. Entón, explíqueme vostede por que os concellos do Partido Popular se suman a este plan que, segundo din vostedes, non cumpre a normativa, non ten normativa de composteiros; explíqueme por que están incumprindo a lei estes concellos. ¿Sabe o que pasa? É que hai cinco deles que deron o paso á segunda fase e foron moi listos, moi intelixentes, porque se van anticipar ao que vai ser obrigatorio dentro de pouco tempo.

Eu voulle ofrecer unha transacción de tres puntos que lle trasladarei oportunamente, na que se propón a aplicación e o cumprimento do establecido na normativa estatal, europea e galega sobre biorresiduos; a revisión do plan galego e a reformulación do plan Sogama; abrir un proceso de diálogo coa Fegamp, as deputacións e os concellos para estudar a forma máis eficaz de cumprir estas obrigas establecidas na lei e aprobar unha normativa específica sobre a compostaxe dos biorresiduos.

Trasladareille o texto da transacción e espero que poidamos chegar a un acordo, porque é un asunto de moita transcendencia que non vai quedar máis remedio que poñer en marcha nos próximos meses.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Con respecto á emenda do Grupo Parlamentario Socialista, non escoitei...

O señor BARÁ TORRES: A transacción vai ser inclusiva. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moi ben, moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e doce minutos da tarde.

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25